# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

# ARES

DOCUMENTO REFUNDIDO DO PGOM DE ARES
CONFORME Á ORDE DE APROBACIÓN DEFINITIVA
DA CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DO 05/02/2020



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## DOCUMENTO VII :

## INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

PROMOTOR:

CONCELLO DE ARES

EQUIPO REDACTOR:

CEINSA
CERNE INGENIERIA, S.A.

AVDA DEL EJÉRCITO 12-14, 4º
15006 A CORUÑA
Telfs.: 981 24 43 00 Fax: 981 24 48 99
e-mail: planeamiento@cerneingenieria.es

X U L L O 2 0 2 0

# DOCUMENTO VII

---

## INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL (ISA)

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

# INDICE DE CONTIDOS


**1. INTRODUCCIÓN 4**

**2. AMBITO DE INFLUENCIA DO PLANEAMENTO 5**

2.1. ÁMBITO TERRITORIAL: O CONCELLO DE ARES 6

**3. ANÁLISE OBXECTIVA DO ENTORNO 7**

3.1. MEDIO NATURAL 9

3.1.1. MEDIO ABIÓTICO 9
3.1.2. MEDIO BIÓTICO 18
3.1.2.1. FLORA 18
3.1.2.2. FAUNA 21
3.1.2.3. HÁBITATS PRIORITARIOS 39
3.1.3. ESPAZOS DE INTERESE AMBIENTAL E PAISAXÍSTICO 40
3.1.3.1. ÁREAS DE INTERESE AMBIENTAL 40
3.1.3.2. ESTUDO DA PAISAXE 48
3.1.3.2.1. INTRODUCIÓN 48
3.1.3.2.2. OBXECTIVOS 49
3.1.3.2.3. VALORACIÓN DA PAISAXE: METODOLOXÍA E RESULTADOS 50
3.1.3.2.3.1. CALIDADE VISUAL DA PAISAXE 51
3.1.3.2.3.2. FRAXILIDADE VISUAL DA PAISAXE 54
3.1.3.2.3.3. ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO: CUNCAS VISUAIS DE INTERESE PAISAXÍSTICO E PANORÁMICAS 56

3.2. MEDIO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL 62

3.2.1. POBOACIÓN 62
3.2.2. SOCIOECONOM 68
3.2.3. INTEGRACIÓN 71
3.2.4. PATRIMONIO 73

3.3. MODELO TERRITOR 79

3.4. MOBILIDADE 97

3.5. VIVENDA 99

3.6. VECTORES AMBIEN 102

3.6.1. ENERXÍA 102
3.6.2. AUGA 103
3.6.3. RESIDUOS 103

3.7. MODELO PERCEPTUAL: A PAISAXE 105

3.8. RISCOS 110

3.9. MARCO LEGAL-INSTITUCIONAL 115

3.10. PLANIFICACIÓN EN INTERACCIÓN 122

3.11. ELEMENTOS ESTRATÉXICOS PARA ARES 126

**4. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS 127**

**5. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS 130**

5.1. ALTERNATIVA 0. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DUN NOVO PLANEAMENTO 130

5.2. ALTERNATIVAS DE PLANEAMENTO 131

5.3. VALORACIÓN DAS ALTERNATIVAS 132

5.4. CONCLUSIÓNS 154

**6. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO 155**

6.1. IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO 157

6.2. CARACTERIZACIÓN DOS IMPACTOS 161

**7. DESEÑO DE MEDIDAS 166**

7.1.1. PAISAXE 166


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

7.1.2. PATRIMONIO NATURAL ..... 167
7.1.3. PATRIMONIO CULTURAL ..... 168
7.1.4. OCUPACIÓN DO TERRITORIO ..... 168
7.1.5. SOCIEDADE ..... 169
7.1.6. ECONOMÍA ..... 169
7.1.7. MOBILIDADE ..... 169
7.1.8. ENERXÍA ..... 169
7.1.9. ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO ..... 169
7.1.10. CICLO HÍDRICO ..... 170
7.1.11. CICLOS DE MATERIAIS ..... 170

**8. PLAN DE SEGUIMENTO ..... 172**

**9. INFORME SOBRE A VIABILIDADE ECONÓMICA ..... 186**

**10. ANÁLISE DA COHERENCIA. ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA. ..... 187**

**11. RESUMO NON TÉCNICO ..... 207**

**12. ANEXO CARTOGRÁFICO ..... 213**

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

# 1. INTRODUCCIÓN

Co obxecto de conseguir un elevado nivel de protección do ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e adopción de plans e programas, incorporouse ao ordenamento xurídico español a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello a través da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

Por outro lado, a entrada en vigor da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, integra o procedemento de aprobación do planeamento urbanístico co procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

O presente **Informe de Sustentabilidade Ambiental** ten como obxectivo estudar as alternativas viables e confrontalas coas variables e criterios de sustentabilidade establecidos, de xeito que a alternativa seleccionada que finalmente se consolide como proposta de planeamento, sexa a que presente unha maior contribución á sustentabilidade.

Dentro do procedemento de avaliación ambiental estratéxica, a elaboración do ISA sitúase, no tempo e no contido, despois da publicación do **Documento de Referencia** por parte do órgano ambiental, e antes da **aprobación inicial** do PXOM. O Documento de Referencia determina as variables e criterios de sustentabilidade que serán a base para a análise das alternativas propostas e para a avaliación dos efectos da que finalmente sexa seleccionada.

Estas variables e criterios deben ser obxectivados nunha serie de indicadores que faciliten a análise da sustentabilidade das propostas e a identificación e seguimento dos seus posibles efectos.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

# 2. ÁMBITO DE INFLUENCIA DO PLANEAMENTO

Para a determinación do ámbito de influencia compre ter en conta tanto os aspectos que se regulan a través dunha figura como o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) como o espazo sobre o que esta figura é competente. Desta maneira o ámbito territorial e de actuación do presente plan é o municipio de Ares.

Se ben non se pode obviar a existencia de relacións entre o Concello de Ares e outros territorios, como os municipios limítrofes, a comarca de Ferrol ou a Rexión Ártabra, é certo que o PXOM vese limitado a unha área de actuación coincidente cos límites administrativos do termo municipal.

Pola súa banda, as estratexias supramunicipais de ordenación do territorio, como as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral constitúen documentos marco para o planeamento urbanístico, que partindo dun modelo para o conxunto de Galicia no primeiro caso e dun modelo para o espazo litoral no segundo, facilitan o encaixe de cada municipio na estratexia territorial galega.

Deste modo a coherencia do planeamento urbanístico de Ares con estes instrumentos permitirá considerar ás areas de influencia supramunicipais (Galicia, Rexión Ártabra, Área Urbana de Ferrol) actuando no ámbito territorial definido legalmente, o municipal.

Por outra parte, na ordenación e xestión dun municipio atópanse involucradas diferentes administracións, cada unha delas con competencias en aspectos clave para a sustentabilidade do Concello de Ares. Desde xeito será importante a coordinación do Concello con estas administracións, aínda que o planeamento se centre nos aspectos regulados polos plans urbanísticos.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## 2.1. Ámbito territorial: O Concello de Ares

O termo Municipal de Ares encontrase ubicado ao Norte da provincia da Coruña entre os 43° 25' e 43º 28' de latitude Norte e os 8° 19' e 8º 12' de lonxitude Oeste. Forma unha península xunto co concello de Mugardos tendo como lindeiros: ao norte Mugardos e a ría de Ferrol, ao leste Fene, ao sur temos a ría de Ares e Betanzos, e ao oeste o océano Atlántico.

A extensión do termo municipal é de 18,2 quilómetros cadrados, distribuídos en tres parroquias que conforman o concello: San Xosé de Ares, San Vicente de Caamouco, e San Pedro de Cervás. Nas que viven un total de 5265 habitantes, cunha densidade de poboación grande duns 289,3 habitantes por quilómetro cadrado.

A vila mais importante do concello é a vila de Ares que ten uns 3.416 habitantes. Atopase a 43 quilómetros da Coruña e a 15 quilómetros de Ferrol.

O concello esta comunicado cos concellos veciños mediante unha rede de estradas de titularidade autonómica como son: a AC-130 de Mugardos a Ares, AC-124 da AC-122 no termo municipal de Fene a Redes e a AC-123 da AC-122 a Ares.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

# 3. ANÁLISE OBXECTIVA DO ENTORNO

Este apartado ten por obxecto facer unha descrición dos condicionantes ecolóxico-ambientais, económicos e sociais que teñen influencia no planeamento do concello de Ares. O seguinte gráfico representa o esquema conceptual que resume o funcionamento da zona de estudo e que foi seguido na realización diagnóstico.




A base do territorio é o medio físico-natural e sobre ela aséntanse o resto dos elementos de natureza antrópica: principalmente o substrato, o solo, as augas, a vexetación e a fauna. Segundo ditas compoñentes considéranse aqueles espazos con meirandes valores ambientais naturais.

O nivel superior correspóndese co medio socioeconómico e cultural, é dicir, a poboación en todas as súas dimensións: demográfica, social e económica, así como aqueles elementos cos maiores valores culturais.

Logo, o modelo territorial funciona como un sistema que é o resultado da interacción entre a poboación e o medio físico-natural, e que se autoequilibra mediante unha serie de fluxos de entrada e de saída. Seguindo a aproximación ecosistémica, os asentamentos de poboación nútrense por unha entrada de recursos -materias, enerxía e auga- que se integran neles a través dos sistemas de abastecemento e subministro.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Os fluxos de saída correspóndense coa expulsión de residuos ou subproductos xerados polos procesos de produción e de consumo e poden realizarse de diversas formas e estados. Algúns residuos poden ser recuperados de novo como recursos mediante procesos de reutilización ou reciclaxe, permitindo a recirculación de materiais, enerxía e auga.

Como síntese de todos os elementos e procesos que configuran a realidade territorial atópase o medio perceptual: a paisaxe. A paisaxe ten una relevancia de primeira orde dentro do contexto galego, froito da riqueza territorial. Esta consideración esixe a integración do medio perceptual no enfoque sistémico, xa que facilita a diagnose e avaliación dos modelos territoriais.

Para rematar, a calidade ambiental valora a implantación do modelo sobre o resto do territorio, tendo en conta tanto os axentes implicados no sistema como as interaccións entre eles: o modo no que os asentamentos de poboación metabolizan os recursos, desfanse dos seus residuos ou os acumulan, nas súas múltiples manifestacións (ruído, vibracións, contaminación dos leitos fluviais, contaminación atmosférica, xeración de residuos sólidos, perda de biodiversidade, banalización da paisaxe, etc.).

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO · ARES (A CORUÑA) · SECRETARÍA

# 3.1. MEDIO NATURAL

## 3.1.1. MEDIO ABIÓTICO

### 3.1.1.1 CLIMATOLOXÍA

Debido á proximidade do mar, Ares presenta un clima cunha certa termicidade. As precipitacións e a humidade ambiental soen ser elevadas, e por iso esta rexión encádrase na área que Lautensach chamou Iberia sempre húmida. Na costa os invernos son suaves e os veráns son en xeral frescos e húmidos.

En xeral, podemos observar que a oscilación térmica anual do concello é reducida, ao redor dos 13-14 ºC, típico dos climas onde o mar exerce unha función reguladora.

Predominan os ventos do nordeste (188 días ao ano), o vento presenta na zona unhas velocidades que alcanzan unha media de 10-11 km/hora, se ben, Ares, pola súa situación, orientada cara ó interior da ría, ve diminuída a influencia dos ventos sobre o seu territorio.

### 3.1.1.2 MORFOLOXÍA

O concello caracterízase pola presenza dunha superficie de aplanamento que se sitúa entre os 100 e os 200 metros de altitude. Ten unha costa acantilada dende a propia Enseada de Ares ata punta Coitelada, seguindo unha dirección noroeste. Todo isto enmárcase dentro da nota predominante de suavidade de formas. A única cota altimétrica importante, localizada cara ó noroeste do concello, é o Montefaro, do que o punto culmínante alcanza os 265 metros de altitude.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Mapa de pendentes.

Observase que a maioría do concello ten pendentes chans e moderadas (comprendidas entre 0 e 15%). As zonas con pendente máis abrupta atópanse na costa nordeste e no Montefaro.

A morfoloxía costeira caracterizase por costas de acantilados relativamente baixos (20-30 m) con praias de areas claras e finas, as veces de dimensións regulares. Nalgúns casos obsérvanse dunas costeiras de pequenas dimensións e fixadas pola vexetación.

#### 3.1.1.3 XEOLOXÍA

Para situar o concello de Ares empregase o esquema de diferentes zonas paleoxeográficas , establecido no noroeste da Península Ibérica por Matte.

Corresponde á zona IV, Galicia media-Tras os Montes (Matte, 1968). A súa vez esta zona se encadra no dominio oeste, caracterizado pola presencia de rochas sedimentarias e rochas básicas, ambas metamorfizadas, e pola ausencia de Ollo de Sapo e Paleozoico datado.

O termo municipal de Ares atopase formado por granitos emprazados en diferentes etapas da oroxénese Hercínica.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Todo o concello pertence á unidade morfotectónica denominada penichaira galega, que presenta como característica un novo ciclo erosivo xa moi avanzado interrompido por un novo ciclo, como resultado dun máis recente alzamento.




DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

## Descripción petrolóxica

- **Rochas Plutónicas**

<u>Granodiorita tardía</u>

Afloran na zona occidental do termo municipal de Ares dende o alto do monte Faro ata a costa; o seu emprazamento é en forma de intrusión cilíndrica.

A granodiorita é de gran medio-groso, ten megacristais de feldespato con unhas orientación de fluxo que nos bordes da intrusión son máis ou menos bufantes e que na bóveda se horizontalizan. Ten abundantes enclaves de rochas máis básicas (pórfidos tonalíticos), esmagados probablemente polo fluxo e con unha dirección que coincide máis ou menos coa rexional.

O feldespato potásico constitúe cristais tabulares de varios milímetros de lonxitude. É microclina con macla Karlsbad moi frecuente, e as veces albita-periclina en manchas, pertítica. Posiblemente trátese de antigas ortosas. Inclúe pequenos cristais de plaxioclasa, cuarzo e biotita.

En ocasións hai manifesta deformación mecánica, observable microscópicamente pola granulación do cuarzo, fracturas dos feldespatos e flexión das micas (biotita e moscovita que nestes casos soen estar orientadas).

É de destacar sempre a presenza de moscovita en proporción variable, pero xeralmente importante, probablemente orixinada nun proceso de reaxuste a baixa temperatura na granodiorita.

- **Rochas Filonianas**

<u>Diques de pórfidos graníticos</u>

Non son frecuentes temos unha pequena inclusión ao leste de Redes. Son rochas de aspecto graúdo e tons amarelo-verdosos.

A textura é porfídica, con fenocristais idiomorfos de cuarzo, feldespato potásico e plaxioclasas. Estas últimas teñen maclas imperfectas, sen zonar, e soen estar rodeadas por unha coroa de feldespato potásico en unha matriz de feldespato potásico e plaxioclasa. A moscovita soe aparecer en placas grandes.

<u>Diques básicos. Diabasas ou dolerita</u>

De escasa potencia atópanse nas inmediacións de Redes. Son rochas de grao fino, con cristais de feldespato de 2 ou 3 mm, que brillan en diversos planos.

Teñen textura diabásica, a veces algo porfídica. A plaxioclasa está xeralmente como prismas alongados entrecruzados e zonados, algúns curvados, nos ocos hai piroxenos e menos frecuentemente graos de olivino. Tamén hai plaxioclasas en fenocristais xenomorfos cadrando coa mesostasis e en agregados glomerulares con piroxenos e opacos.

#### 3.1.1.4 EDAFOLOXÍA

Existen dúas unidades litolóxicas claramente diferenciadas no concello. Unha correspondente a parte occidental do concello dende o Montefaro ata a costa, formada por rochas graníticas e xerando solos que de non ser polo clima húmido e temperado do concello daría lugar a solos relativamente someros e estériles. Polo tanto o clima permite un desenrolo do perfil maior, con textura franca podendo chegar a texturas franco-arxilo-areosa, permitindo os cultivos.

A outra unidade litolóxica formada por gneis colle a maior parte do concello e corresponde as parroquias de Ares e Caamouco. Estes solos desenrolados sobre gneis conteñen limos areosos ou arxilas areosas.

Os solos aluviais situados as marxes e desembocaduras de regos e ríos, formados por depósitos de elementos transportados polas correntes caracterízanse por unha grande variedade textural. Son solos que nalgúns casos non están ben drenados, como resultado da súa estratificación e textura.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020




Seguindo as normas de “Soil Taxonomy” ou clasificación americana, os solos do concello de Ares pertence á orde: Inceptisols.1

Os Inceptisols son solos medianamente evolucionados cun perfil típico A/(B)/C no que hai un horizonte CAMBICO (B) que presenta un moderado grado de desenrolo. Parte destes solos

teñen abundancia de materia orgánica en superficie (epipedión UMBRICO); fronte aos máis pobres (epipedión OCHRICO) de cores máis claros. Tratase de solos medianamente profundos, en xeral acedos; correspondéndose coas terras pardas sobre materiais acedos. Normalmente están cultivados. Atópanse en todo o termo municipal.

#### 3.1.1.5 HIDROLOXÍA

Na rede hidrolóxica de Ares, segundo a clasificación establecida no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, pódense localizar as seguintes agrupacións de concas principais realizadas con criterios hidrográficos e de explotación denominadas "Sistemas de Explotación":

- Sistema de Explotación nº 13: "Río Eume e Ría de Ares".
- Sistema de Explotación nº 14: "O Ferrol".




Mapa dos sistemas de explotación.

A rede fluvial que discorre polo concello de Ares caracterízase por presentar un baixo número de cursos, tanto de ríos como de regatos, nacendo a maioría deles no concello.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020




Mapa das concas do concello de Ares.

Os Sistemas de Explotación divídense en concas mais pequenas “Subconcas”. No caso concreto de Ares o seu posicionamento na península separando as rías de Ferrol e de Ares-Betanzos, xunto coa súa orografía da lugar a ríos e regatos cunha lonxitude curta e pequenas concas costeiras que verten á ría. No seguinte mapa pódense observar as concas do concello.

A continuación noméanse os ríos e regos do concello, aparecendo en maiúscula aqueles cursos fluviais que desembocan no mar, e en minúscula aqueles que son afluentes dalgún dos anteriores:

| NOME |
|---|
| REGO SANDEO (102) |
| REGO ROMEO (101) |
| (100) |
| RÍO XUNQUEIRA (O99) |
| Río Novo (O99001) |
| (O99002) |
| RÍO DE BAÑO (O98) |
| (O97) |
| REGO POMOULO (O96) |

## Rego de Pomoulo

Nace nas inmediacións do núcleo de Chanteiro na parroquia de Cervás ao oeste do concello, e desemboca na praia de Chanteiro situada entre Punta Coitelada e Punta Segaño. Este rego discorre por terras con pouca pendente.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Este rego forma unha conca costeira de superficie 1,53 Km2, que se desenvolve polas ladeiras dos montes que o rodean. O rego posúe unha lonxitude de 1220 m.

## Rego 097

Este rego ao nacer ten unha orientación noroeste-surleste atravesando zonas de prados e predios agrícolas cunhas pendentes suaves, para na metade do seu percorrido pola parroquia de Cervás adoitar unha orientación norleste-suroeste ata desembocar nas cercanias de Punta Promontorio na ría de Ares e Betanzos. A lonxitude do rego é de aproximadamente 900 m. A súa conca abarca unha pequena superficie sendo de tan só 0,77 Km2.

## Río de Baño

Nace ao Este do núcleo de Cervás, inda que bastante afastado, rodeado por masas forestais que abranguen abondosos castiñeiros. Discorre por terreos que adoitan pendentes moderadas ata entrar no concello veciño de Murgardos onde desemboca na Enseada do Baño. A lonxitude do rego é de aproximadamente 620m. A súa conca abarca unha pequena superficie de tan só 0,81 Km2.

## Río Xunqueira

O río Xunqueira nace no concello veciño de Mugardos, dende o seu nacemento ata xa ben entrado na parroquia de Ares ten unha orientación norleste-suroeste. Para nas inmediacións da cidade de Ares, onde recolle as augas dun pequeno rego (099002) e do río Novo, adoitar unha orientación norte-sur ata desembocar na Enseada de Ares. O río ten unha lonxitude de 2360 m, sendo a súa conca de 5,5 Km2.

## Río Novo

Afluente do río Xunqueira, que a diferenza deste, desenvolvese na súa totalidade pola parroquia de Ares. Este rego flúe cunha orientación oeste-leste, paralelamente a estrada que une as poboacións de Ares e Chanteiro, dende o seu nacemento ata a súa desembocadura no río Xunqueira nas inmediacións do núcleo de Ares. Este rego ten unha lonxitude de 1700 m e a superficie da súa conca é de 2,58 Km2.

## Rego Romeo

Este rego discorre na súa totalidade pola parroquia de Caamouco dende o seu nacemento ao noroeste de Rodelas no Outeiro de Barracido ata a súa desembocadura na praia de Raso, enclavada na Enseada de Ares. A lonxitude do rego é de 1507 m e a súa conca ten unha superficie de 0,88 Km2.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES · SECRETARÍA · A CORUÑA

## Rego (100)

Este rego de reducidas dimensións nace ao norte do núcleo de Redes. Presenta como principal característica un marcado caracter urbano que o leva a ser canalizado case dunha maneira inmediata ata desembocar no porto de Redes.

## Río Sandeo

Forma un pequeno val ao este de Redes que serve de linde natural co concello veciño de Fene. As pendentes caracterízanse por ires de suaves a moderadas inda que nalgúns puntos illados poidan adquirir valores mais elevados. A lonxitude do rego é de aproximadamente 1060 m. A súa conca abarca unha pequena superficie sendo de tan só 0,53 Km2.

## Catalogación dos humidais

Na seguinte táboa enuméranse as distintas zonas húmidas que se poden atopar no concello.

| Nome | Código de identificación | Nome | Código de identificación |
|---|---|---|---|
| Ría de Ares | 1110041 | Enseada do Baño | 1110189 |
| Río Pomoulo | 1110192 | | |
| Río Xunqueira | 1110237 | | |

### 3.1.1.6 HIDROXEOLOXÍA

A permeabilidade dos materiais existentes no concello é en xeral baixa, se ben presentan unha certa permeabilidade secundaria ligada ao maior ou menor grado de tectonización e o seu grado de fracturación por frecuencia de xuntas. No seguinte mapa aprécianse as unidades de permeabilidade que temos no concello.



**PERMEABILIDADE**
- Alta
- Media-alta
- Media
- Media–baixa
- Baixa
- Moi baixa
- Impermeable

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020
En Ares, a 9 de setembro de 2020
CONCELLO ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

## 3.1.2. MEDIO BIÓTICO

### 3.1.2.1. Flora

Neste apartado descríbense as diferentes formacións vexetais presentes no concello. Primeiramente faise un percorrido sucinto pola descrición das diferentes formacións vexetais que se atopan ben de forma natural no territorio, ou ben sexan resultado das labores levadas a cabo polo home (as especies forestais de repoboación, os cultivos, etc...).

A paisaxe vexetal do concello atopase amplamente influenciada polos tipos de usos e aproveitamentos característicos. O forte desenrolo que sufriu o concello traduciuse nun aumento da presión e intensidade das actuacións humanas tanto agroforestal como industrial e urbanística.

A continuación realizase unha breve aproximación ás unidades de vexetación que se atopan no concello.

#### Bosques

As zonas de bosque caracterízanse por ter un certo carácter antrópico derivado do manexo repoboador realizado nas terras forestais do concello. Sendo unha frondosa o eucalipto (*Eucalyptus globulus*) a especie mais utilizada seguida dunha conífera como é o pino galego (*Pinus pinaster*). Estas especies mestúranse nos bosques do concello.

A familia Myrtaceae vese representada polo eucalipto roxo (*Eucalyptus camaldulensis*) e principalmente polo eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*), que ten a súa orixe en Australia e foi introducida nun principio para sanear terreos baixos e pantanosos.

O eucalipto favorece uns sotobosques de especies leñosas como son heliófilas (*Ulex europaeus, Erica cinerea, Erica tetralix, Erica umbellata, Erica arborea, Calluna vulgaris, Lithodora prostrata*) e silvas (*Rubus sp.*).

Dentro das Pináceas como xa se dixo a mais representativa é o pino galego (*Pinus pinaster*) que ao igual que o eucalipto ten o seu orixe nun cultivo silvícola que na actualidade atopase moi naturalizado formando parte da paisaxe forestal do concello de Ares.

O pino insigne (*Pinus radiata*) é outra das pináceas que adoece polos climas húmidos con invernos temperados. Inda que é orixinaria da zona costeira de Monterrei (California) pódese atopar no concello debido ao uso repoboador. Ocasionalmente pode atoparse naturalizado.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

No ocaso do piñeiro manso (*Pinus pinea*) pódese atopar de maneira naturalizada, gustándolle os solos areosos e incluso os areais marítimos e dunas fixas.

Os sotobosques formados a partir das especies de piñeiros son moi semellantes aos das matogueiras compostas por toxeiras (*Ulex europaeus, U. gallii, Ulex minor, Ulex micranthus*) e uceiras (*Erica australis, Erica arborea, Erica umbellata, Erica arborea, Calluna vulgaris*), sobre as que se instalaron, sendo a súa composición florística case igual.

O loureiro (*laurus nobilis*) aparece na zona litoral, penetrando cara ao interior polos vales fluviais.

Dentro da familia Salaciae no concello pódense atopar o choupo negro (*populus nigra*), o salgueiro branco (*Salix alba*), o salgueiro irto (*Salix fragilis*) o salgueiro anano (*Salix repens*) e por derradeiro temos o salgueiro (*Salix atrocinerea*) que é o mais común dos salgueiros. Estas especies pódense atopar nas ribeiras de cursos de auga, bagoadas e prados húmidos.

A familia da Betulaceae esta representada por un bo numero de especies como son: o ameneiro (*Alnus glutinosa*) que habita nas marxes dos ríos, fondos de val e lugares inundados, o bidueiro (*Betula alba*) e o freixo (*Fraxinus Excelsior*) habitan nas zonas húmidas dos bosques caducifolios e beiras de cursos de auga e algunhas abeleiras (*Corylus avellana*) nos lugares sombríos e frescos dos vales e barrancos á beira dos regatos, en alisedas e en bosques mixtos caducifolios

A familia Fagaceae vese representada nos bosques do concello por: o castiñeiro (*Castanea sativa*) poden verse exemplares desta árbore diseminadas polo concello habitando nos lugares frescos e con moita frecuencia asociado a especies caducifolias, como pode ser dentro da mesma familia o carballo albar (*Quercus petraea*), o carballo negro (*Quercus pyrenaica*) ou dunha maneira moito mais frecuente co carballo (*Quercus robur*) xa que esta arbore e típica do concello, a pesar de estar en franca regresión.

Tamén se poden ver asociados aos terreos soltos fértiles cepas de nogais (*Juglans regia*). O érvedo ou madroño (*Arbutus unedo*) habita en matogueiras secas, borde de bosques e ladeiras de montañas como no Montefaro. O sabugueiro (*Sambucus nigra*) atopase en sebes e lugares frescos e húmidos.

## Matorrais e pasteiros arbustivos

Ao longo de toda a costa da parroquia de Cervás e gran parte da orla litoral de Ares, esténdense os pasteiros arbustivos e o mato, representado maioritariamente por toxeiras (*Ulex sp.*) e uceiras (*Erica sp.*).

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

Neste caso, a composición florística está caracterizada pola presencia das seguintes especies: toxos (*Ulex europaeus e Ulex gallii*), diversas ericáceas (*Erica vagans, Erica ciliaris, Erica cinerea*), gramíneas (*Pseudoarrhentherum longifolium, Agrostis curtisii, Agrostis capillaris*, etc.). Tamén aparecen as seguintes especies: culcitas (*Culcita macrocarpa*), embigueiras de area (*Omphalodes littoralis*), rumex (*Rumex rupestris*), esfagnos (*Sphagnum pylaisii*) e woodwardias (*Woodwardia radicans*).

Baixo a denominación de matorrais temos a vexetación halófila costeira formada maioritariamente polas seguintes clases:

- *Juncetea maritimi* inclúe comunidades de praderías de distribución mediterráneo-eurosiberiana, en xeral de cobertura elevada, constituídas por xeófitos, hemicriptófitos e algúns caméfitos halófitos, en maior ou menor grao, que ocupan no cinto intermareal os horizontes medio e superior, asentándose sobre solos húmidos de salinidade non moi elevada.
- *Saginetea maritimae* reúne vexetación terofítica halonitrófila, sometida a inundacións temporais de auga salobre. De distribución eurosiberiana-mediterránea.
- A *Salicornietea fruticosae* inclúe comunidades constituídas por xeófitos, hemicriptófitos e caméfitos halófitos dominantes, que ocupan solos salobres, en maior ou menor grao, de humidade variable.
- *Thero-Suadetea* dominadas por terófitos crasicaules halófitos do xénero Salicornia. De ampla distribución holártica, atópase en costas planas.

## Praderías e cultivos

Tratase dun tipo de aproveitamento que ocupa unha ampla extensión dentro da comunidade vexetal do concello. O mais estendido é a pradeira. Entre os cultivos temos primeiramente o millo, seguido en importancia por outros de carácter hortícola como patacas, nabos e xudías.

A superficie adicada a pradeiras estendese por boa parte do concello. As especies mais características destes medios son: *Lolium multiflorum, Dactillis glomerata, Ranunculus repens, Plantago lanceolata, Holcus canutus, Trifolium repens,* etc... Outras das especies forraxeiras son: *Rumex obtusifolius, Stelaria madia, Taraxacum officinale, Bellis perennis, Erodium moschatum, Calendula arvensis, Calypstegia sepium,* etc.

En moitas das zonas do concello poden aparecer delimitadas por alienacións de especies arbóreas (*Alnus glutinosa, Juglans regia, Quercus robur, Castanea sativa,* etc.). Nestes casos a composición florística esta formada por: *Valeriana pyrenaica, Athyrium filix-femina, Brachypodium sylvaticum, Carex reuteriana, Hedera helix, Viola riviniana, Primula acualis, Euphorbia dulcis, Osmunda regalis, Carex pendula, Humulus lupulus, Blechnum spicant, Lonicera periclymenum, Crepis lampsanoides*, etc...

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Asociados aos cultivos están presentes o grupo das especies arvenses especializadas en invadir medios agrícolas; en ocasións tamén poden introducirse nas pradeiras, provocando unha diminución da súa calidade forraxeira. Como especies mais significativas temos: *Equium vulgare, Cerastium glomeratum, Spergula arvensis, Cyperus sculentus, Echinochloa crus-galli, Polygonum arviculare, Polygonum persicaria, Senecio vulgaris, Sonchus oleraceus, Brassica nigra, Raphanus raphanistrum, Veronica persica, Euphorbia hlioscopica, Mercurialis annua, Fumaria officinalis, Geranium molle, Geranium robestianum.*

### 3.1.2.2. Fauna

Peces, anfibios, réptiles, mamíferos terrestres e mariños, insectos, aves e incluso as razas de gando autóctono forman parte do patrimonio faunístico galego, de valor incalculable, que toma un papel fundamental nos procesos ecolóxicos dos espazos naturais galegos. Un patrimonio sen o cal, falar da natureza galega, os bosques, os ríos, os acantilados ou os fondos mariños, sería un imposible (Castillejo Murillo, J; Santos Díaz, X.M.; Iglesias Piñeiro, J.; 2001).

A situación de Galicia na esquina noroeste peninsular é determinante para a explicación da elevada diversidade faunística galega. Isto débese, ademais da maior influencia dun clima atlántico-oceánico, á existencia dunha gradación cara un clima máis mediterráneo, alcanzado no surdeste galego. Existen, no entanto, outras características que van a influír na configuración dos ecosistemas e a súa fauna, como é a súa extensa e variada rede hidrográfica (con elevada calidade da auga ademais) que habilita numerosos cursos e currunchos do territorio como verdadeiros reductos para numerosas especies, tanto piscícolas, como de aves, anfibios e mamíferos; ou os seus 1200 km de costa.

En canto á presenza de endemismos ibéricos, temos presentes en Galicia unha cifra aproximada de 19 endemismos vertebrados, a cal se pode considerar como un número elevado tendo en conta a proporción de territorio galego en referencia ao total da Península Ibérica.

O patrimonio faunístico galego presenta un valor incalculable, que ten un papel fundamental nos procesos ecolóxicos dos espazos naturais galegos.

No concello de Ares identificáronse 550 especies probables de vertebrados, destacando a ictiofauna, as aves e os mamíferos e anfibios. Estes datos do inventario faunístico foi obtido do SITEB, concretamente das follas NJ51, NJ60 e NJ61.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Para valorar a importancia das especies presentes no municipio empréganse dous criterios: o primeiro é se as especies son endemismos ibéricos, e o segundo, si se atopan incluídas nos catálogos das seguintes normativas de protección:

**CATÁLOGO NACIONAL DE ESPECIES AMEAZADAS (CNEA)**

(Real Decreto 439/90 e as ordenes ministeriais que o actualizan ata a orden de 28 maio de 2004 do Ministerio de Medio Ambiente).

Este catálogo clasifica ás especies en catro categorías:

En perigo de extinción (EN), reservada para aquelas cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causais da súa actual situación seguen actuando.

Sensibles á alteración do seu hábitat , referida a aquelas cuxo hábitat característico está particularmente ameazado, en grave regresión, fraccionado ou moi limitado.

Vulnerables (Vu), destinada a aquelas que corren o risco de pasar ás categorías anteriores nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre elas non se corrixen.

De interese especial (IE), na que se poderían incluír as que, sen estar contempladas ningunha das precedentes, sexan merecedoras dunha atención particular en función do seu valor científico, ecolóxico, cultural ou pola súa singularidade.

**CATÁLOGO GALEGO DE ESPECIES AMEAZADAS (CGEA)**

(Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de especies ameazadas)

Este decreto establece nos seguintes anexos as categorías de protección para cada especie, de acordo co disposto no artigo 49 da lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza:

Anexo I (I): Especies en perigo de extinción. Reservado para aquelas especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando.

Anexo II (II): Especies vulnerables. Aquelas especies que corren perigo de pasar a categorías máis críticas nun futuro inmediato se os factores adversos cais actúan sobre elas non son corrixidos.

Anexo III (III): Especies susceptibles de aproveitamento discreto.

**CONVENIO DE BONN (BONN)**

Convención sobre a conservación de especies migratorias pertencentes á fauna silvestre e a Resolución 23/2/2000 que actualiza os seus anexos.

Anexo I (I): Especies altamente ameazadas, cuxa situación obriga aos países membros a conservar e garantir os seus hábitats, non pór obstáculos ás súas migracións e prohibir a súa caza.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

Anexo II (II): Son especies en condicións desfavorables, cuxa situación require manter e desenrolar estudos sobre o estado da especie subscribindo para iso os acordos necesarios..

**CONVENIO DE BERNA (BERNA)**

Decisión 82/72/CEE do consello, de 3 de decembro de 1981, cuxo obxectivo é garantir a conservación da vida silvestre e do medio natural de Europa mediante unha cooperación entre os Estados.

Anexo I (I): os Estados membros tomarán medidas legais e regulamentarias adecuadas para protexer as especies de flora silvestre enumeradas neste anexo. Prohíbense coller, recolectar, cortar e desarraigar intencionadamente ditas plantas.

Anexo II (II): Especies de fauna silvestre que serán obxecto así mesmo de disposicións legais ou regulamentarias adecuadas a fin de garantir a súa conservación.

Anexo III (III): Especies de fauna silvestre que deben ser obxecto de regulamentación a fin de manter a existencia desas poboacións fora de perigo.

**CATEGORIA UICN**

Listas vermellas producidas pola Unión Mundial para a Natureza, son empregadas durante os últimos 30 anos para chamar a atención sobre as especies que se atopan en perigo de extinción a nivel mundial. Categorías:

EX: Extinto

EW:Extinto en estado silvestre

CR: Criticamente ameazado

EN: En perigo

VU: Vulnerable

NT: Case ameazado

LC: Preocupación menor

DD: Datos insuficientes

NE: Non avaliado

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**DIRECTIVA HABITAT (DHAB)**

Directiva del Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos de hábitats naturais e da flora e fauna silvestres. Coñecida como Directiva de Hábitats, (Trasposta á lexislación española en el Real Decreto 1997/95 de 7 de decembro)

Anexo II (II): Especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación.

Anexo IV (IV): Especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren unha protección estrita.

Anexo V (V): Especies animais e vexetais de interese comunitario cuxa recollida na natureza e a súa explotación pode ser obxecto de medidas de xestión.

Este concello o en sus costas presenta sobre 550 especies probables de vertebrados, destacando a ictiofauna e avifuana. Na táboa seguinte se resume o análise para a fauna:

| | Nº | BERNA | BONN | CITES | DAVES | DHAB | CNEA | CGEA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **PEIXES** | 269 | 3 II e 4 III | 1 I | 2 II | | 1 II e 3 II,V | | 1 V e 1 V[3] |
| **ANFIBIOS** | 12 | 5 II e 7 III | | | | 2 II, IV, 4 IV e 2 V | 9 IE | 4 V e 3 V[2] |
| **RÉPTILES** | 10 | 4 II e 6 III | | | | 2 II,IV e 1 IV | 7 IE | 4 V[2] e 1 V[4] |
| **AVES** | 197 | 107 II e 79 III | 2 I, 84 II e 1 II(Atl) | 17 II | 38 I, 1I, III2, 1 II,III2, 2 II1, 3 II1, III1, 11 II1, III2, 13 II2 e 2 III2 | | 3 En, 1 En[1]/IE, 125 IE e 2 Vu | 5 E, 5 E[1], 6 V e 2 V[1] |
| **MAMÍFEROS** | 62 | 30 II, 17 III | 12 I e 6 II | 9I e 16 II | | 6 II, IV, 2II,V, 26 IV e 4 V | 7 IE e 4 Vu | 5 V |
| **TOTAL** | 550 | 149 II e 113 III | 15 I, 90 II e 1 II(Atl) | 9 I e 35 II | 38 I, 1I, III2, 1 II,III2, 2 II1, 3 II1, III1, 11 II1, III2, 13 II2 e 2 III2 | 1 II, 11 II,IV, 31 IV e 6 V | 3 En, 1 En[1]/IE, 148 IE e 6 Vu | 5 E, 5 E[1], 16 V, 2 V[1], 7 V[2], 1V[3] e 1 V[4] |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

MAMÍFEROS

| | BERNA | BONN | CITES | DAVES | DHAB | CNEA | CGEA | REIG |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Apodemus sylvaticus* | | | | | | | | |
| *Arvicola sapidus* | | | | | | | | |
| *Balaena mysticetus* | II | I | I | | IV | | | |
| *Balaenoptera acutorostrata* | II | | I | | IV | | | |
| *Balaenoptera borealis* | II | I | I | | IV | | | |
| *Balaenoptera musculus* | | I | I | | IV | | | |
| *Balaenoptera physalus* | II | I | I | | IV | | | |
| *Crocidura russula* | II | | | | | | | |
| *Crocidura suaveolens* | II | | | | | | | |
| *Cystophora cristata* | III | | | | V | | | |
| *Delphinus delphis* | II | | II | | IV | | | |
| *Eliomys quercinus* | III | | | | | | | |
| *Eptesicus serotinus* | II | I | | | IV | IE | | |
| *Erignathus barbatus* | III | | | | V | | | |
| *Erinaceus europaeus* | III | | | | | | | |
| *Eubalaena glacialis* | II | | I | | IV | | | |
| *Genetta genetta* | III | | | | V | | | |
| *Globicephala macrorhynchus* | II | | II | | IV | | | |
| *Globicephala melas* | II | | II | | IV | | | |
| *Grampus griseus* | II | | II | | IV | | | |
| *Halichoerus grypus* | III | | | | II,V | | | |
| *Hyperoodon ampullatus* | | II | I | | IV | | | |
| *Kogia breviceps* | II | | II | | IV | | | |
| *Lagenorhynchus acutus* | II | | II | | IV | | | |
| *Lagenorhynchus albirostris* | II | | II | | IV | | | |
| *Lepus granatensis* | | | | | | | | |
| *Lutra lutra* | II | | I | | II,IV | IE | | |
| *Megaptera novaeangliae* | II | I | I | | IV | | | |
| *Meles meles* | III | | | | | | | |
| *Mesoplodon densirostris* | II | | II | | IV | | | |
| *Microtus agrestis* | | | | | | | | |
| *Microtus lusitanicus* | | | | | | | | |
| *Mus domesticus* | | | | | | | | |
| *Mustela erminea* | III | | | | | IE | | |
| *Mustela nivalis* | III | | | | | | | |
| *Mustela putorius* | III | | | | V | | | |
| *Myotis myotis* | II | I | | | II,IV | Vu | V | |
| *Neomys anomalus* | III | | | | | | | |
| *Orcinus orca* | II | II | II | | IV | | | |
| *Oryctolagus cuniculus* | | | | | | | | |
| *Phoca hispida* | III | | | | | | | |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| | BERNA | BONN | CITES | DAVES | DHAB | CNEA | CGEA | REIG |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Phoca vitulina* | III | II | | | II,V | | | |
| *Phocoena phocoena* | II | II | II | | II,IV | Vu | V | |
| *Physeter macrocephalus* | II | I | II | | IV | | | |
| *Pipistrellus pipistrellus* | III | II | | | IV | IE | | |
| *Plecotus auritus* | II | I | | | IV | IE | | |
| *Plecotus austriacus* | II | I | | | IV | IE | | |
| *Pseudorca crassidens* | II | | II | | IV | | | |
Considerando a evolución do marco legal en material de paisaxe óptase por reformular a finalidade no estudo de paisaxe. Isto se debe a que se considera que as Áreas de interese paisaxístico identificadas e puntos de acceso a vistas panorámicas non presentan os valores necesarios para a súa protección como SRPP, tal e como o contempla a LSG. Non obstante, estas áreas de interese pódense identificar como parte da análise da paisaxe específica de Ares, con **funcións de caracterización e divulgación do carácter da paisaxe**.

Isto ven propiciado, ademais, pola protección que outorga a propia LSG, no seu artigo 91, aos puntos de observación identificados ao longo das vías de comunicación do concello que ofrezan visuais de interese paisaxístico.

### 3.1.3.2.3. Valoración da paisaxe: Metodoloxía e resultados

Para valorar a dimensión estética da paisaxe optouse polo estudo da súa calidade visual e a súa fraxilidade visual.

A calidade visual enténdese como a valoración estética do territorio, mentres que a fraxilidade fai referencia á susceptibilidade dunha paisaxe cando se desenvolve un uso ou actividade sobre el, o cal é directamente proporcional á súa capacidade para ser observado. Así, si se coñece a calidade visual de, por exemplo, un punto e tamén se dispón da súa probabilidade de ser observado, é posíbel chegar á conclusión de se é ou non un punto de interese paisaxístico.

Utilizouse para o estudo de ambas variábeis un método indirecto baseado na combinación de escalas cualitativas e cuantitativas para a medición das compoñentes da paisaxe. Ademais, non se definiron unidades irregulares de paisaxe previas, se non que se realizou unha análise sistemática do territorio referendo os datos a unha malla poligonal cadrada de 10x10 metros, de maneira que cada retícula actúa como unha unidade da paisaxe. Tratase pois de unidades regulares de paisaxe.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO · ARES (A CORUÑA) · SECRETARÍA

### 3.1.3.2.3.1. Calidade visual da paisaxe

O valor estético do territorio abranguido polo municipio de Ares vaise valorar en cada unha das celas da malla cadrada anteriormente citada.

É preciso aclarar que a calidade visual da paisaxe presenta á súa vez dúas dimensións: a calidade visual intrínseca e a calidade visual extrínseca. A primeira delas refírese ao atractivo estético asociado a cada cela, mentres que a calidade visual extrínseca considera os elementos atractivos e negativos (que aumentan e diminúen o atractivo visual, respectivamente) que son observábeis desde cada cela a unha distancia dada.

**Calidade visual intrínseca da paisaxe.**

As variábeis que se consideraron para valorar a calidade visual intrínseca foron as seguintes:

a) Tipos de ocupación do solo, usos do solo.
b) Diversidade da ocupación do solo, heteroxeneidade.
c) Xeomorfoloxía.

Os criterios de valoración utilizados en cada unha delas foron resultado da consulta a peritos do ámbito xeográfico afectado e á consideración de diversos autores (Martínez, Martín e Romeiro, 2003; Alberruche do Campo, 2002).

a) Tipos de ocupación do solo.

A distribución de usos do solo que se considerou é a derivada do Mapa Forestal 1:50.000 da provincia de A Coruña (1998) do Ministerio de Medio Ambiente, axustado á ortofoto do Catastro (2005), a unha escala 1:5000. Dito mapa referido á superficie do concello de Ares, figura na cartografía.

A continuación procedeuse á valoración estética de cada un dos usos, asociándolle unha puntuación de 1 a 5 (1 mínimo e 5 máximo) considerando o atractivo visual de cada uso e a súa distribución espacial (de tratarse dunha formación arbórea). Na táboa 1 do anexo I pode verse a valoración da calidade paisaxística outorgada a cada un dos tipos de ocupación presentes no municipio. A máxima calificación corresponde a cubertas vexetais de especies autóctonas frondosas e de distribución uniforme, mentres que os valores máis baixos foron asignados as zonas construídas, urbanas e industriais, así como a zonas degradadas.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

b) Diversidade da ocupación do solo: fragmentación da paisaxe

Os estudos realizados mostran unha predilección da poboación por paisaxes diversas, heteroxéneas e fragmentadas, fronte a superficies homoxéneas que resultan monótonas para o observador.

Para estimar esta diversidade de usos, ou o que é o mesmo, a fragmentación da paisaxe, aplicouse un filtro de 125 x 125 $m^2$ a todo o municipio, calculándose o número de tipos de ocupación presentes en cada xanela. Así, asociáronse valores tamén de 1 a 5 (mínima e máxima calidade paisaxística) de maneira que a maior número de usos do solo presentes, maior calidade visual. A táboa 2 do anexo I mostra esta valoración.

Antes de considerar a terceira variable, a fisiografía, combináronse os mapas de calidade visual dos usos e de fragmentación, de forma que a calidade de ocupación do solo é a variable dominante respecto á fragmentación que, por tanto , modifica o valor de aquela só en algúns casos, tal e como reflicte a táboa 3 do anexo I. Así, a fragmentación supón un valor engadido á calidade dos usos do solo.

c) Xeomorfoloxía

A xeomorfoloxía mostra o resultado de todos os procesos xeolóxicos externos e parte dos internos da Terra. A paisaxe será pois resultado, en parte, de todos eles. Para abordar a valoración da xeomorfoloxía estudiáronse dúas das variábeis máis relevantes para unha aproximación: o relevo e a litoloxía.

O relevo supón a base estrutural da paisaxe sobre a que se sustentan os biótopos e os usos antrópicos e determina o encadre visual. Para valorar este aspecto da xeomorfoloxía e, por tanto, da paisaxe determináronse unhas unidades fisiográficas a partir de tres variábeis: altitude, pendente e curvatura, calculadas sobre un Modelo Dixital do Terreo realizado a partir das curvas de nivel da cartografía realizada para o PXOM.

Realizouse unha análise multiespectral cunha clasificación non supervisada optando por 4 clases. Estas catro unidades fisiográficas descríbense e valóranse segundo o seu atractivo visual (tamén de 1 a 5) na táboa 4 do anexo I.

Así pois, a obtención da **calidade visual intrínseca** chegou tras a combinación da síntese da calidade da ocupación do solo e da fragmentación paisaxística, e da valoración da calidade da xeomorfoloxía, seguindo o esquema de agrupamento que se recolle na táboa 5 do anexo I.

O resultado a penas modificou os valores do primeiro mapa combinado pois considerouse que a xeomorfoloxía só engadía e non restaba calidade visual á paisaxe.

**Calidade visual extrínseca da paisaxe.**

Ademais das características intrínsecas de cada cela en que se dividiu o territorio, a valoración da paisaxe debe incluír a calidade visual do entorno xa que a presencia de determinados elementos ou actuacións pode engadir ou restar calidade á paisaxe. Para este estudo, ditos elementos e actuacións foron os seguintes:

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Ríos
- Mar
- Elementos do patrimonio arquitectónico
- Estradas
- Invernadoiros
- Liñas de tensión
- Areas urbanas

A valoración da calidade visual do entorno levouse a cabo calculando as cuncas visuais dos elementos mencionados considerando unha distancia visual de 3 km e unha altura media do observador de 1,80 metros. Unha vez achadas, sumáronse as dos elementos positivos por un lado (ríos, mar e arquitectónicos) e as dos elementos negativos por outro (o resto). Á hora da suma foi preciso considerar a contribución diferenciada de cada un dos elementos. Así, por exemplo, nos visualmente negativos, as estradas interveñen nun 10% do peso en relación ás liñas de tensión, cun 30%. As ponderacións dos distintos elementos figuran na táboa 6 do anexo I.

Xa sumadas as cuncas visuais segundo a importancia de cada un dos sumandos, primeiro engadíronse ao mapa de calidade intrínseca ás dos elementos visualmente atractivos segundo o agrupamento seguido na táboa 7 do anexo I. Ao resultado restóuselle a suma das cuncas negativas tal e como figura na táboa 8 do anexo I. A disposición espacial das categorías da **calidade visual da paisaxe** pódese observar na cartografía.

Obtívose unha calidade paisaxística media-alta posto que aínda que a categoría maioritaria foi a de calidade baixa, as categorías seguintes foron as de calidade moi alta seguida da calidade media. Cómpre dicir que dita calidade paisaxística atópase desigualmente repartida polo territorio municipal. Así, as áreas de maior calidade visual concéntranse na franxa costeira do concello, debido á súa condición de fronteira entre o medio terrestre e medio mariño, e ás formacións xeomorfolóxicas de elevado valor estético que a configuran tales como areais das praias, cantís de elevada pendente que ademais nalgúns casos penetran no mar, así como unha sucesión de formas residuais, tales como os illotes, ou mesmo plataformas litorais, resultado da erosión diferencial do mar. Todo esto cuberto de matogueiras de estacionalidade cromática, na meirande parte da súa extensión, se ben, tamén cabe destacar a presenza dalgunha especie arbórea aparecendo tanto en pés illados coma formando bosques e bosquetes tales como os existentes nas Punta Coitelada ou no Montefaro. Outras zonas de elevada calidade visual correspóndense coas formacións de bosques e bosquetes mixtos, e de xeito moi especial con aqueles manchas sucadas polos ríos e regatos que fertilizan o termo municipal de Ares. O resto do territorio de Ares presenta unha calidade visual media-baixa, debido á cobertura dominante de cultivos e prados artificiais, ademais, sen unha fisiografía moi estética, así como ao grao de urbanización do concello, que na meirande parte dos casos réstalle calidade.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

### 3.1.3.2.3.2. Fraxilidade visual da paisaxe

A fraxilidade visual defíníase como a susceptibilidade dunha paisaxe ao cambio cando se desenvolve un uso ou actividade sobre el. Isto mesmo equivale á probabilidade de que esa paisaxe poida ser observada. Para calcular esta probabilidade é preciso considerar, ao igual que no caso da calidade visual, a fraxilidade visual intrínseca e a fraxilidade visual extrínseca.

A primeira ven determinada polas características ambientais do territorio que aumentan ou diminúen a súa capacidade de absorción visual, mentres que a fraxilidade visual extrínseca fai referencia á accesibilidade visual do territorio.

**Fraxilidade visual intrínseca da paisaxe.**

As características ambientais seleccionadas como determinantes da capacidade de absorción visual do territorio foron as seguintes:

a) Altura da vexetación
b) Características topográficas: orientación e pendente.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

a) Altura da vexetación

A información de partida neste caso é o mapa forestal de España MFE50, a escala 1:50.000. Este mapa recalificouse en valores de 1 a 5 (de menor a maior fraxilidade visual) segundo o poder de camuflaxe das formacións vexetais; así as caducifolias e demais asociacións boscosas presentan un menor grao de fraxilidade que os prados e cultivos. Os valores de fraxilidade asignados a cada tipo de cuberta presente en Ares aparecen reflectidos na táboa 9 do anexo I.

b) Características topográficas: orientación e pendente.

Neste caso a información de base foi o modelo dixital de elevacións (MDE), anteriormente utilizado na valoración do relevo.

A pendente condiciona o ángulo de incidencia visual do observador de maneira que as zonas con maior pendente son mais visíbeis, presentando polo tanto unha maior fraxilidade visual. Considerando esta premisa, recalificouse o mapa de pendentes en cinco categorías de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade visual.

A orientación afecta á probabilidade de ser observado no que a iluminación se refire. Asi, as orientacións sur gozan dunha maior luminosidade, e con iso, dunha maior fraxilidade, seguidas das orientacións este. Con esta información, reclasificouse o mapa de orientacións en cinco categorías de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade visual.

Para achar a fraxilidade visual intrínseca combináronse os tres mapas reclasificados anteriores (altura da vexetación, pendente e orientación), de maneira equitativa, resultando o mapa de fraxilidade visual intrínseca con valores de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade.

**Fraxilidade visual extrínseca da paisaxe**

A capacidade de absorción visual do territorio depende ademais da accesibilidade visual. Para iso, consideráronse como puntos de observación potencial os seguintes:

- Edificacións
- Rede viaria
- Elementos do patrimonio arquitectónico.
- Ríos

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

(Estes últimos, por ser lugares de potencial frecuentación por uso turístico e recreativo).

Calculáronse as concas visuais obtidas desde estes puntos, liñas e áreas de observación potencial, cun alcance de 3 km e unha altura media do observador de 1,8 metros. A continuación combináronse de forma ponderada segundo a potencialidade de observación. A ponderación figura na táboa 10 do anexo I.
O resultado obtido tras a combinación de toda as concas visuais é o mapa de fraxilidade visual extrínseca, con valores de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade.

A **fraxilidade visual da paisaxe** obtívose finalmente por combinación dos mapas de fraxilidade visual intrínseca e extrínseca, cuxo esquema de agrupamento figura na táboa 11 do anexo I.
Pódese observar cómo o valor de fraxilidade maioritario no concello de Ares é a **fraxilidade media seguida da fraxilidade alta**. As areas de fraxilidade alta correspóndense coas zonas de vales é pés de monte sucados por estradas, maior aínda no caso de que abunden as superficies dedicadas a cultivos ou pastos. Con respecto á costa, parte dela presenta unha fraxilidade visual moi baixa ou baixa, debido á inaccesibilidade dalgúns dos seus cantís e formas propias do litoral, accesibles visualmente tan *in situ*. Aínda así, gran parte posúe unha fraxilidade visual media.

**Interese paisaxístico**

Como paso último para chegar á identificación de Áreas de Interese Paisaxístico, foi preciso combinar os mapas de calidade visual e fraxilidade visual da paisaxe. Isto é así debido a que non só hai que considerar as áreas de elevada calidade visual, se non que ademais teñen que ter a capacidade de poder ser observadas.
Así, e seguindo o esquema de agrupamento da táboa 12 do anexo I, obtívose o mapa de **interese paisaxístico**, asignándolle unha puntuación de 1 a 5 segundo o interese fose moi

baixo, baixo, moderado, alto ou moi alto, respectivamente. Este mapa figura no anexo cartográfico.

A serie de dominancia dos valores de interese paisaxístico é a seguinte: 3>2>1>4>5; de maneira que pode afirmarse que o **interese paisaxístico** do concello de estudo é **medio** (valorado en cinco categorías: moi baixo, baixo, medio, alto e moi alto). Ademais, non se trata dunha media, senón que a clase de interese predominante é o interese paisaxístico medio. Esto débese, por un lado, a que as zonas de maior calidade visual, concentradas na franxa costeira, non presentaban unha elevada accesibilidade visual, e polo tanto o seu interese diminuíu considerablemente; e por outro, a elevada antropización percibida no senso de masificación de edificacións, así mesmo a fraxilidade do concello é un pouco inferior na realidade segundo as comprobacións co traballo de campo, posto que gran parte dos traxectos das estradas áchanse abrazados por especies arbóreas que dificultan a visión. Así mesmo tampouco abundan formacións mosaico con mestura de coberturas de solo, moi apreciadas visualmente. Con todo isto, as áreas de maior interese paisaxístico sitúanse en Chanteiro e nas proximidades do Outeiro de Barracido.

### 3.1.3.2.3.3. Áreas de interese paisaxístico: cuncas visuais de interese paisaxístico e panorámicas

**Identificación e delimitación das AIP**

Partindo da distribución de celas de interese paisaxístico, procedeuse á delimitación de Áreas de Interese Paisaxístico (AIP), abranguendo as manchas de cor que representaban celas de interese paisaxístico alto e moi alto, recorrendo en algunhas delimitacións á incorporación de áreas de interese moderado para definir áreas continuas. Compre aclarar que o interese paisaxístico obtido có anterior análise e o interese máximo posible, posto que á hora de calcular a fraxilidade visual, considerouse, para as cuncas visuais, solo o modelo dixital de elevacións, de maneira que obviáronse outras barreiras visuais engadidas coma as formacións arbóreas ou as edificacións. É por isto polo que a fraxilidade obtida é a máxima potencial e polo tanto tamén o interese paisaxístico.

Xa localizadas as zonas que a priori gozaban dun elevado interese paisaxístico procedeuse a súa comprobación no campo. O resultado axustouse dunha maneira moi aceptable á realidade da paisaxe de Ares, mais a sinuosidade do relevo, así como a presenza de abondosa vexetación que presentaban algúns puntos de observación propiciaron que a compactidade das cuncas de interese paisaxístico fose nalgúns casos menor da esperada, pola reducción da fraxilidade visual, sen embargo tamén se acharon zonas que gozaban dunha gran amplitude visual que non se reseñaban no estudo de paisaxe.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

A resulta do proceso recóllese coa delimitación dunha Áreas de Interese Paisaxístico, unha área que gozan de interese paisaxístico e de panorámicas, e dúas cuncas visuais panorámicas:

***Áreas de Interese Paisaxístico***

1. AIP da Enseada de Chanteiro

**Áreas de Interese Paisaxístico e Panorámicas**

2. AIP, con panorámica, desde o Outeiro de Barracido

***Panorámicas***

3. Panorámica desde as proximidades do Montefaro
4. Panorámica desde as inmediacións de Punta Segaño.

Ademais o POL establece 11 Puntos de Observación e o Catálogo das paisaxes identifica 1, que se detallan a continuación:

- Punta Miranda
- Ares
- Punta Averenta
- Punto Promontorio
- Baterias Punta Coitelada
- Praia do Chanteiro
- Chanteiro
- Monte Faro
- Baterias de Segaño
- Seixo
- A Bailadora (Catálogo das paisaxes).

De seguido descríbense brevemente as áreas mencionadas.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**AIP DA ENSEADA DE CHANTEIRO**

Trátase dunha fermosa vista da enseada de Chanteiro, un entrante do mar terras a dentro, abrigado por dous cabos, Punta Ségano e Punta Coitelada, protagonistas da forma tan significativa do concello no sector oeste. As diferentes cubertas que recobren as ladeiras, que verten a esta enseada, propícianlle diferentes matices cromáticos de maior énfase nos cambios de estación. Na ladeira esquerda dominan as frondosas, e dentro delas destacan os castiñeiros que case chegan ata a praia. Na oposta a esta, enxérganse edificacións que se mesturan cos eucaliptos e cos piñeiros para dar paso a unha extensa mancha de matogueiras salpicadas por afloramentos rochosos. A liña de costa áchase configurada por unha sucesión de rochas graníticas modeladas polo vaivén da auga mariña. Nun primeiro plano, fórmase o areal de Chanteiro composto por areas brancas e moi finas, onde desemboca un pequeno rego chamado Pomoulo que deixa a súa marca formando un pequeno suco na area.

Puntos de observación:

Desde o pequeno aparcadoiro que dá paso á praia de Chanteiro, estando este máis elevado co areal.







DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## AIP, CON PANORÁMICA, DESDE O OUTEIRO DE BARRACIDO

Esta cunca ademais de configurar unha Área de Interese Paisaxístico goza de certa amplitude visual a pesares de non posuír compactidade pola interposición de obstáculos topográficos. A panorámica pérdese en terras de Fene. Polo que respecta á AIP cómpre dicir que esta componse dunha sucesión de lombas redondeadas e suaves onde se asentan diferentes núcleos, podéndose enxergar a igrexa e o camposanto de San Vicente de Caamouco coroando unha delas. Nas ladeiras destas lombas desenvólvense unha harmónica asociación entre pasteiros e cultivos sitos nas proximidades dos núcleos, dando paso ás formacións arbóreas que ocupan os pequenos sucos do terreo, onde se almacena a humidade, así como as zonas de ruptura entre os solos con aptitude agrolóxica e os non productivos. Pódense ver abondosas árbores frondosas, reinando o castiñeiro como exemplar máis dominante e de maior colorido, tanto pola súa follaxe como polo seu rico froito.

Puntos de observación:

Desde a estrada local que sae do núcleo de Outeiro de Barracido, e une a este co de Ixobre.







DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## PANORÁMICA DESDE AS PROXIMIDADES DO MONTEFARO

Trátase dunha espectacular panorámica que abrangue a ría de Ferrol, capitaneada polos castelos de San Felipe e La Palma a ambas marxes da mesma; a urbe da cidade herculina; as siluetas dos entrantes e saíntes dunha gran parte do Golfo Ártabro; a enseada de Chanteiro; e como non podía ser doutra maneira, pódese albiscar un horizonte que se perde no Océano.

Trátase dunha cunca visual de gran compactidade e amplitude visual, de gran calidade aínda que a obra do porto exterior de Ferrol contaminan considerablemente a calidade e o interese da cunca.





DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020





**PANORÁMICA DESDE AS INMEDIACIÓNS DE PUNTA SÉGANO**

Vistas da costa onde a vexetación, propia do litoral, formada por mantos de mato raso asociados a formacións arbóreas combinan harmonicamente coas espectaculares formas que a acción do mar moldea sobre o continente. Así pois, trátase dunha costa escarpada con algúns entrantes e saíntes onde se cobizan pequenos areais. Sen embargo, de maior espectacularidade son os numerosos anacos de terra que se meten no mar os cales interrompen a homoxeneidade da lámina de auga mariña. A súa calidade visual increméntase coa amplitude visual do horizonte tanto do mar como da costa, podendo enxergarse a cidade herculina con condicións meteorolóxicas óptimas.





DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

# 3.2. MEDIO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL

## 3.2.1. POBOACIÓN

ARES NO SEU ÁMBITO TERRITORIAL

Se comparamos os datos do Concello de Ares coas tendencias demográficas dos municipios limítrofes ou de aqueles que son puntos de gravidade podemos obter unha idea da evolución deste concello dentro do seu ámbito territorial.

A nivel demográfico esta parte do territorio de Galicia ten unha evolución positiva da poboación, con crecemento no seu número de habitantes nas ultimas décadas.

Os concellos que experimentaron maior crecemento son Narón, Fene e Pontedeume aínda que este último nun menor grao. Estes concellos son puntos de gravitación poboacional pola industria existente neles ou polos servizos que presta a toda a área.

Ares, Cabanas, Mugardos e Neda son concellos con menor número de habitantes que nos últimos anos seguiron evolucións de crecemento diferentes. Mugardos sufriu unha regresión no seu número de habitantes mentres que Cabanas e Ares aumentaron a súa poboación, especialmente este último.

| | Ares | Pontedeume | Cabanas | Fene | Mugardos | Neda | Narón | Ferrol |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1900** | 4.209 | 5.943 | 3.322 | 5.388 | 6.517 | 4.753 | 8.333 | 25.281 |
| **1910** | 4.537 | 6.344 | 3.447 | 6.240 | 6.523 | 5.064 | 9.529 | 26.331 |
| **1920** | 4.488 | 6.584 | 3.443 | 6.057 | 6.505 | 5.758 | 11.188 | 30.350 |
| **1930** | 4.850 | 7.056 | 3.584 | 6.540 | 7.112 | 6.565 | 12.278 | 35.563 |
| **1940** | 5.671 | 7.755 | 4.100 | 7.671 | 8.292 | 8.000 | 13.319 | 59.829 |
| **1950** | 4.724 | 8.286 | 4.380 | 8.110 | 7.110 | 9.172 | 14.518 | 77.799 |
| **1960** | 5.033 | 8.201 | 5.014 | 9.267 | 6.712 | 8.865 | 16.436 | 74.799 |
| **1970** | 5.042 | 8.107 | 5.001 | 11.101 | 6.793 | 8.638 | 21.491 | 87.736 |
| **1981** | 4.708 | 8.408 | 3.528 | 15.097 | 7.079 | 6.935 | 29.152 | 87.691 |
| **1991** | 4.511 | 8.817 | 3.074 | 14.989 | 6.668 | 6.456 | 31.594 | 83.045 |
| **2000** | 4.744 | 8.936 | 3.262 | 14.848 | 5.984 | 6.166 | 30.328 | 81.255 |
| **2010** | 5.705 | 8.370 | 3.375 | 14.092 | 5.536 | 5.489 | 38.285 | 73.638 |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO · SECRETARÍA · ARES (A CORUÑA)

## EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN

A poboación do concello de Ares segundo o Padrón de 2.010 ascende a 5.705 habitantes, o que supón un 0,497 % do total provincial que conta cunha poboación de 1.146.458 habitantes.

No seguinte cadro pode observarse a evolución da poboación de Ares, entre o ano 1.900 e o ano 2010 onde se aprecia unha alternancia en períodos de crecemento e decrecemento.

| 1.900 | 1.910 | 1.920 | 1.930 | 1.940 | 1.950 | 1.960 | 1.970 | 1.981 | 1.991 | 2.000 | 2.010 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4.209 | 4.537 | 4.488 | 4.850 | 5.671 | 4.724 | 5.033 | 5.042 | 4.708 | 4.511 | 4.744 | 5.705 |

*FONTE:*

*A Xeografía de Augusto Pérez Alberti. Editorial Galaxia.*

*INE: Instituto Nacional de Estatística.*

*IGE: Instituto Galego de Estatística*




Ares coñeceu un incremento case continuo de poboación ata os anos 40, producíndose o pico de maior incremento de poboación entre 1.930 e 1.940. Na seguinte década pola contra prodúcese o maior descendemento no número de habitantes presumiblemente por ser un período de posguerra que levou asociadas numerosas migracións cara ao continente americano e que en Ares ten importancia como demostra a arquitectura de indiano existente na área municipal. Nas dúas seguintes décadas a poboación foi aumentando ata o período entre os anos 1.970 e 1.990 que coincide coas migracións a Europa. A partir de aquí prodúcese un crecemento progresivo da poboación especialmente nos últimos catro anos ata o ano 2.010 que presenta o número de habitantes maior deste período de tempo.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Para facer unha análise máis detallada da poboación aplicaremos o índice de crecemento tomando como base 1.900 = 100 e así podemos cuantificar máis exactamente a evolución demográfica do concello.

| Anos | Poboación | Número índice |
|---|---|---|
| 1.900 | 4.209 | 100,00 |
| 1.910 | 4.537 | 107,79 |
| 1.920 | 4.488 | 106,63 |
| 1.930 | 4.850 | 115,23 |
| 1.940 | 5.671 | 134,73 |
| 1.950 | 4.724 | 112,24 |
| 1.960 | 5.033 | 119,58 |
| 1.970 | 5.042 | 119,79 |
| 1.981 | 4.529 | 107,60 |
| 1.991 | 4.447 | 105,65 |
| 2.000 | 4.744 | 112,71 |
| 2.010 | 5.705 | 135,54 |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

## ESTRUTURA DA POBOACIÓN

### A. Composición por sexo

En Ares, ao igual que no resto do territorio galego, a proporción home-muller da lugar a un desequilibrio en favor destas últimas, aínda que moi lixeiro. En números absolutos a poboación feminina supera en 57 á masculina. Para cuantificar máis exactamente esta proporción utilizouse o índice de masculinidade, que neste concello da un valor de 0,97, superior ao da provincia 0,93 no mesmo período de tempo.

Os factores que poden provocar esta diferenza no caso de Ares, ao igual que no resto da provincia son varios, e cada un deles afecta a diferentes etapas da vida. Así, no momento de nacer hai máis nenos que nenas, pero a partir dos primeiros anos a taxa de mortalidade masculina é superior á feminina, debido nun principio á menor resistencia ás enfermidades.

Estes factores dan como resultado un índice de masculinidade diferente segundo a idade. Así, no seguinte cadro pódese comprobar coma o índice é superior a 1 no grupo de adultos(20-59) salvo en varias franxas de idade (25-29, 30-34 e 55-59). No grupo de maiores o índice de masculinidade está por debaixo de 1 (0,75), o que pon de manifesto o maior número de mulleres nas idades máis avanzadas.

| ANOS | ÍNDICE MASCULINIDADE | |
|---|---|---|
| 0-4 | 1,07 | |
| 5-9 | 0,84 | |
| 10-14 | 1,09 | |
| 15-19 | 1,06 | 1,02 |
| 20-24 | 1,28 | |
| 25-29 | 0,96 | |
| 30-34 | 0,93 | |
| 35-39 | 1,24 | |
| 40-44 | 1,18 | |
| 45-49 | 1,08 | |
| 50-54 | 1,09 | |
| 55-59 | 0,92 | 1,08 |
| 60-64 | 0,91 | |
| 65-69 | 1,09 | |
| 70-74 | 0,67 | |
| 75-79 | 0,90 | |
| 80-84 | 0,56 | |
| > 85 | 0,37 | 0,75 |
| **Total** | **0,95** | |

*FONTE: IGE: Instituto Galego de Estatística, Padrón 2.010*

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

**B. Composición por idade**

Para analizar a estrutura da poboación segundo a idade, tómanse como base tres grandes grupos: xoves (de 0 a 19 anos), adultos (de 20 a 59 anos) e maiores (más de 59 anos). Dada a importancia do grupo intermedio, que abarca practicamente a toda a poboación activa, optouse por subdividilos en dous grupos: adultos xoves (entre 20 e 39 anos) e adultos maduros (entre 40 e 59 anos.

| | Grupo de idade | Número | % |
|---|---|---|---|
| Novos | 0-19 | 883 | **15,47** |
| Adultos novos | 20-39 | 1.527 | **26,76** |
| Adultos maduros | 40-59 | 1.643 | **28,80** |
| Maiores | >59 | 1.652 | **28,95** |
| | **Total** | **5.705** | **100** |

*FONTE: IGE: Instituto Galego de Estatística, Padrón 2.010*

Seguindo os índices que establece Veyret-Verner, ao igual que outros autores, para determinar o grao de xuventude e de envellecemento dunha poboación, considéranse os seguintes grupos:

a) Poboación nova: o grupo de xoves superou o 35 % e os maiores non chegan ao 12 %.
b) Poboación envellecida: os xoves non alcanzan o 30 % e os maiores superan o 12 %.

Outro baremo a ter en conta é o grupo de menores de 40 anos, que si é superior ao 65 % considérase poboación nova si é inferior ao 60 % envellecida.

Así pois, Ares presenta unha poboación envellecida, xa que os menores de 20 anos non alcanzan o 35 % (15,47 %), os menores de 40 anos supón o 42,23 % e os maiores superan con creces o 12 % (28,95 %).

Isto pódese cuantificar a través do índice que resulta de dividir a poboación de máis de 60 anos entre os menores de 20, o que da unha cifra de 1,87 que pon de manifesto o proceso de envellecemento que sufre o concello, sobre todo tendo en conta que a partires de 0,50 considérase que a poboación está envellecida.

O índice de reemplazamento que resulta de dividir os efectivos demográficos de 20 a 39 anos entre os de 40 a 59 é de 0,93 o que pon de manifesto que as xeracións activas tenden a non reemplazarse de forma satisfactoria.

Outro índice indicativo da estrutura poboacional é o que establece a relación de dependencia (poboación de menos de 20 anos máis a que superou os 59, dividido pola poboación comprendida entre 20 e 59). Neste caso o índice é de 0,80 o que quere dicir que por cada 100 adultos activos hai 80 persoas en idade de non traballar. Isto reflexa en xeneral que os activos actuais soportan a presión dos pasivos.

**C. Pirámide de poboación**

Dende o punto de vista metodolóxico, considérase que unha poboación é de xente nova cando o perfil da pirámide ten forma triangular, envellecida cando é en forma de urna e entre ambas hai unha serie de situacións intermedias.

Neste senso Ares, mostra características de envellecemento, porque aínda que ten certa tendencia triangular ata a poboación de 20 a 24 anos, a base da pirámide diminúe considerablemente.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020




*FONTE: IGE: Instituto Galego de Estatística, Padrón 2.010*

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## 3.2.2. SOCIOECONOMIA

ESTRUTURA ECONÓMICA DA POBOACIÓN

Segundo o censo municipal de 2.001, a poboación activa do concello de Ares era en números absolutos de 2.086 persoas, o que supón unha taxa de actividade do 47,45%.

| | Homes | Mulleres | Total |
|---|---|---|---|
| Poboación+16 anos | 2.145 | 2.251 | 4.396 |
| Poboación activa: | 1.324 | 451 | 2.086 |
| Ocupados | 1.173 | 574 | 1.747 |
| Parados | 151 | 188 | 339 |
| Poboación inactiva | 821 | 1.489 | 2.310 |

*FONTE: IGE: Instituto Galego de Estatística, Censos de poboación e vivendas 2.001*

Segundo o censo municipal de 2001, se analizamos as cifras desglosándoas por sexos, podemos comprobar o reducido papel das mulleres no total da poboación activa.

| | Homes | Mulleres | Total |
|---|---|---|---|
| Taxa de actividade | 61,72 | 20,04 | 47,45 |
| Taxa de paro | 7,04 | 8,35 | 7,71 |

*FONTE: IGE: Instituto Galego de Estatística, Censos de poboación e vivendas 2001*

Para a análise da contribución sectorial, e partindo da clasificación de Clark, dividiremos a ampla gama de actividades en tres grandes sectores: primario (agricultura, gandería e silvicultura), secundario (industria e construción) e terciario (servizos).

Para analizar a evolución do concello tomando os datos dos censos do 1991 e do 2001. Segundo o censo de 1991 a distribución da poboación ocupada era a seguinte:

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| | SECTOR | HOMES | | MULLERES | | TOTAL | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Nº | % | Nº | % | Nº | % | |
| 1º | Agricultura | 30 | 3,67 | 22 | 8,73 | 52 | 4,86 | **12,91** |
| | Pesca | 83 | 10,16 | 3 | 1,19 | 86 | 8,04 | |
| 2º | Industria | 242 | 29,62 | 40 | 15,87 | 282 | 26,38 | **42,47** |
| | Construción | 167 | 20,44 | 5 | 1,98 | 172 | 16,09 | |
| 3º | Servizos | 295 | 36,11 | 182 | 72,22 | 477 | 44,62 | **44,62** |
| | **Total** | **817** | **100** | **252** | **100** | **1.069** | **100** | |

*FONTE: IGE: Instituto Galego de Estatística, Censos de poboación e vivendas 1991*

Practicamente hai un equilibrio entre o sector terciario (42.04%) e o sector secundario (43,83%), seguido a distancia polo sector primario (14,13%), típico dunha sociedade desenvolvida. Segundo o censo de 2001 a distribución da poboación ocupada era a seguinte:

| | SECTOR | HOMES | | MULLERES | | TOTAL | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Nº | % | Nº | % | Nº | % | |
| 1º | Agricultura | 12 | 1,02 | 13 | 2,26 | 25 | 1,43 | **6,35** |
| | Pesca | 82 | 6,99 | 4 | 0,70 | 86 | 4,92 | |
| 2º | Industria | 312 | 26,60 | 84 | 14,63 | 396 | 22,67 | **38,98** |
| | Construción | 264 | 22,51 | 21 | 3,66 | 285 | 16,31 | |
| 3º | Servizos | 503 | 42,88 | 452 | 78,75 | 955 | 54,67 | **54,67** |
| | **Total** | **1.173** | **100** | **574** | **100** | **1.747** | **100** | |

*FONTE: IGE: Instituto Galego de Estatística, Censos de poboación e vivendas 2001*

O cambio experimentado en 10 anos é moi evidente. O sector primario, especialmente a agricultura (pasou dun 12,91% a un 6,35%) e o secundario perden progresivamente traballadores (dun 42,47% a un 38,98%), mentres que o sector terciario vai en aumento, fronte ao equilibrio anterior dos dous sectores no ano 1991. O sector terciario é o que predomina en Ares, tanto en 1.991 como no 2.001, habendo unha clara progresión cara o sector de servizos no concello, actividade na que se está especializando.

Se consideramos os datos sobre afiliacións á seguridade social a decembro de 2010 vemos como domina o sector servizos con 997 afiliacións. Pola súa parte a industria conta con 286 afiliacións, a agricultura e pesca 51 e a construcción 193.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

BREVE DESCRICIÓN DOS SECTORES DE ACTIVIDADE

## Sector agrícola

Houbo unha gran recesión desta actividade no Concello de Ares aínda que nos últimos anos xa era unha actividade residual, pasou de ser unha actividade que representaba o 4,86% da poboación activa do concello no ano 1.991 ao 1,43% dez anos despois, no 2.001.

## Sector pesqueiro

A actividade no Concello de Ares céntrase nos núcleos urbanos de Ares e de Redes, este último de menor entidade. Neste Concello a pesca é unha actividade que aglutina un pequeno numero de traballadores (82 homes e 4 mulleres segundo o censo de poboación e vivendas do ano 2.001) e que no porcentaxe de poboación activa é a segunda actividade económica tras a agricultura en menor importancia no concello e que se atopa tamén en recesión. Pasou de ser unha actividade que ocupaba ao 8,04% da poboación activa do concello no ano 1.991 a un 4,92% no ano 2.001.

O Porto de Ares é de reducido tamaño e con infraestruturas non de todo axeitadas, cunha flota dedicada fundamentalmente á arte de cerco, que ten unha grande tradición na ría. Acolle esta ás embarcacións de maior tamaño e dedícase a captura de sardiña e xurelo. A actividade marisqueira está en decadencia polo esgotamento dos bancos de maior riqueza, que subministraban a un importante sector de transformación e conserva, hoxe só testemuñal.

## Actividade comercial e industrial

Os sectores de actividade que engloban a industria, construción e servizos supoñen o 93,65 % da poboación activa.

Dos tres, a actividade que ten un maior peso é o sector servizos, cun 54,67%, que si se compara cos datos do ano 1991 ( 44,62%) confirma o ascenso que tivo este sector de actividade no Concello de Ares. O segundo e o terceiro lugar ocúpano respectivamente o sector da industria (22,67%), e o da construción (16,31%) se comparamos estes datos, que son do ano 2.001, cos do ano 1.991 compróbase como o sector da industria decreceu dun xeito moderado ao pasar do 26,38% ao 22,67% no seu número de traballadores. Pola contra o sector da construción mantívose aínda que creceu un pouco.

Como se pode observar con estes datos, o Concello de Ares vai dirixindo a súa tendencia cara a ser un Concello de servizos como o demostra o aumento no número de vivendas e do turismo que levan implícito o aumento do sector económico de servizos.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

### 3.2.3. INTEGRACIÓN E COHESIÓN SOCIAL

Neste apartado analízanse as dotacións coas que conta o municipio así coma a súa localización e a súa adecuación no territorio, ademais do seu grado de suficiencia .

Para este proceso e diagnose partiuse do inventario municipal que contiña boa parte dos equipamentos así como dos datos do Plan Xeral en vigor. Tamén se consultou ao Concello e fíxose traballo de campo para inventariar o conxunto dos equipamentos de Ares cuxo listado se pode observar no Documento I do PXOM correspondente coa Análise do Modelo de Asentamentos poboacional.

Na seguinte táboa móstranse de xeito resumido os equipamentos existentes segundo a súa clasificación (administrativo, deportivo, docente, relixioso...) o sistema (local ou xeral) e a súa superficie global:

| EQUIPAMENTOS | Sistema Local ($m^2$) | | Sistema Xeral ($m^2$) | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| | PRIVADO | PÚBLICO | PÚBLICO | |
| ADMINISTRATIVO | 486 | | 1541 | **2.027** |
| ASISTENCIAL | | 45 | 4.776 | **4.821** |
| CEMITERIO | 7.551 | | 783 | **8.334** |
| COMERCIAL | | | 245 | **245** |
| CULTURAL | 3.903 | 6.332 | 1.067 | **11.302** |
| DEPORTIVO | 14.373 | | 61.049 | **75.422** |
| DOCENTE | | 2.050 | 9.888 | **11.938** |
| RECREATIVO | 12.177 | | | **12.177** |
| RELIXIOSO | 13.236 | | | **13.236** |
| SANITARIO | | | 645 | **645** |
| **SUMA** | 51.726 | 8.427 | 79.994 | **140.147** |
| **TOTAL PÚBLICO** | | **88.421** | | |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO · ARES (A CORUÑA) · SECRETARÍA

## ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES

A relación seguinte inclúe tódolos espazos libres existentes no municipio e a súa consideración como sistema local ou xeral

| **PARROQUIA** | **ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES** | Titular | Sistema local ($m^2$) | Sistema Xeral ($m^2$) |
|---|---|---|---|---|
| ARES | Zona verde en Lubre | **Pb** | 398 | |
| | Praza do Pozo | **Pb** | 177 | |
| | Fontelide | **Pb** | 503 | |
| | Parque das Mirandas | **Pb** | 161 | |
| | Parque Rosalía de Castro | **Pb** | | 16.049 |
| | Parque O Petelo | **Pb** | | 4.368 |
| | Praza do cruceiro de Lubre | **Pb** | 83 | |
| | Zona verde no grupo de vivendas Cortiñas Gil | **Pb** | 365 | |
| | Praza Alcalde José L. Lourido | **Pb** | 199 | |
| | Praza da Constitución | **Pb** | 1.237 | |
| | Zona verde en Granxares | **Pb** | 2.125 | |
| | Praza do Concello | **Pb** | 243 | |
| | Praza na Avenida de Mugardos | **Pb** | 86 | |
| | Praza Numancia | **Pb** | 2.386 | |
| | Prazuela dos Reais Alfolies | **Pb** | 143 | |
| CAAMOUCO | Zona verde As Anclas | **Pb** | 4.440 | |
| | Zona verde na entrada de Ares | **Pb** | 1.033 | |
| | Zona verde ao oeste de O Pombal | **Pb** | 1.962 | |
| | Zona verde ao este de O Pombal | **Pb** | 1.336 | |
| | Zona verde ao sur de O Pombal | **Pb** | 2.066 | |
| | Área de Recreo 1 na Finca O Pombal | **Pb** | 800 | |
| | Área de Recreo 2 na Finca O Pombal | **Pb** | 500 | |
| | Área de Recreo 3 na Finca O Pombal | **Pb** | 250 | |
| | Praza en Curmá | **Pb** | 286 | |
| | Praza do Pedregal | **Pb** | 880 | |
| | Praza de Cirilio Pérez | **Pb** | 75 | |
| | Praza dos Emigrantes | **Pb** | 250 | |
| | Parque infantil no aparcamento de Redes | **Pb** | 570 | |
| CERVÁS | Praza da Rega | **Pb** | 235 | |
| | Praza da Igrexa | **Pb** | 318 | |
| | | | 23.107 | 20.417 |
| | | | **TOTAL** | **43.524** |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

### 3.2.4. PATRIMONIO

A.- Inventario de Xacementos Arqueolóxicos: neste apartado inclúense os elementos localizados e inventariados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

| CÓDIGO | CLAVE | XACEMENTO | LUGAR | PARROQUIA |
|---|---|---|---|---|
| 1 | GA 15004001 | CASTRO DE ARES | ARES | ARES |
| 2 | GA 15004002 | CASTRO DE PUNTA MOURÓN OU PUNTA CAAMOUCO | O RASO | CAAMOUCO |
| 3 | GA 15004003 | CASTRO DE CERVÁS | OS GALGOS | CERVÁS |
| 4 | GA 15004004 | CASTRO DA PUNTA DE SANTA MARIÑA | O PENEDO | CERVÁS |
| 5 | GA 15004005 | CASTRO DE LUBRE | LUBRE | ARES |
| 6 | GA 15004007 | XACEMENTO PRAIA CHANTEIRO | CHANTEIRO | CERVÁS |
| 7 | GA 15051009 | A RODA DO CASTRO | PIÑEIRO | CAAMOUCO |

B.- Patrimonio histórico-artístico: neste apartado inclúense os elementos catalogados polo Servizo de arquitectura da Subdirección Xeral do Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais (Consellería de Cultura) así como os elementos que tras o traballo de campo atopáronse de interese para ser incluídos no catálogo do municipio.

Nos seguintes cadros móstrase unha relación destes elementos considerados de interese, así como un código, a situación e a parroquia á que pertencen:

Os cadros organízanse do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| ARQUITECTURA RELIXIOSA | IGREXAS, ERMIDAS, CEMITERIOS, MOSTEIRO, CASAS REITORAIS E OUTROS |
| ARQUITECTURA CIVIL | CASAS, PAZOS, MERCADO, CEMITERIOS, TORRE E OUTROS |
| ARQUITECTURA POPULAR | CRUCEIROS, FONTES, PONTES E OUTROS |
| ARQUITECTURA MILITAR | BATERÍA E POLVORÍN |
| OUTROS | CONXUNTO DE ARBOREDO |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | SITUACIÓN | PARROQUIA | TIPOLOXÍA |
|---|---|---|---|---|
| AR01 | Igrexa Parroquial de San Xosé de Ares | ARES | ARES | Arquitectura relixiosa |
| AR02 | Ermida do Carme | ARES | ARES | Arquitectura relixiosa |
| AR03 | Igrexa evanxélica | ARES | ARES | Arquitectura relixiosa |
| AR04 | Igrexa de Santa Olaia | LUBRE | ARES | Arquitectura relixiosa |
| AR05 | Casa Rectoral na Rúa Rectoral | ARES | ARES | Arquitectura relixiosa |
| AR06 | Cemiterio de Ares | ARES | ARES | Arquitectura relixiosa |
| AR07 | Cemiterio civil de Ares | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR08 | A Telleira | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR09 | Pazo de Lubre | LUBRE | ARES | Arquitectura civil |
| AR10 | Torre do Reloxo | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR11 | Mercado. Rúas Santa Bárbara e Franxa | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR12 | Casa do Concello Vella. Rúa Consistorio | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR13 | Antigo cine de Ares | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR14 | Edificio na Avda. de Mugardos e Rúa María | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR15 | Edificio de vivendas e locais comerciais | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR16 | Casa na Avda. de Mugardos, Rúa Santa Bárbara e Rúa Aviador Franco | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR17 | Casa na Avda. Saavedra Meneses e Avda. de Mugardos | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR18 | Casa na Avda. Saavedra Meneses nº 9 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR19 | Casa no Camiño das Estacas | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR20 | Casa na Praza da Constitución nº 20 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR21 | Casa na Praza da Constitución nº 22 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR22 | Casa na Praza da Constitución xunto ao Concello | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR23 | Casa na Praza da Constitución, Rúa Real nº 17 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR24 | Casa na Praza da Constitución, Rúa Real nº 19 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR25 | Casa na Praza da Constitución, Rúa Real nº 31 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR26 | Casa na Praza da Constitución, Rúa Real nº 37 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR27 | Casa na Praza da Constitución, Rúa Real nº 39 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR28 | Alianza Aresana O Porto. Praza do Mestre Federico García | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR29 | Casa na Praza da Igrexa nº 3 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR30 | Casa na Praza da Igrexa nº 8 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR31 | Casa Pascuala Sixto. 1922 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR32 | Casa na Rúa Consistorio | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR33 | Casa na Rúa Consistorio nº 11 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR34 | Casa na Rúa Dolores nº 16 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR35 | Casa Finca Cancela | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR36 | Vila Sofia | ARES | ARES | Arquitectura civil |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| AR37 | Casa na Rúa Dolores nº 17 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR38 | Casa na Rúa Dolores nº 18 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR39 | Casa na Rúa dos Anxos nº 44 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR40 | Antigo almacén de sal | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR41 | Casa na Rúa dos Anxos nº 25 e Rúa Real nº 30 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR42 | Casa na Rúa Franxa nº 19 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR43 | Casa na Rúa María nº 19 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR44 | Casa na Rúa María nº 55 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR45 | Casa na Rúa María nº 68 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR46 | Vivendas mariñeiras, Rúa María nº 69, 71 e 73 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR47 | Rúa María nº 87 e 89 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR48 | Rúa María nº 95 e 97 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR49 | Casa na Rúa María nº 101 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR50 | Rúa María nº 109, 111 e 113 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR51 | Casa na Rúa María, xunto á Ermida do Carme | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR52 | Rúa María nº 145 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR53 | Casa na Rúa Praia de Estacas nº 2 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR54 | Casa na Rúa Praia de Estacas | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR55 | Casa na Rúa Praia de Estacas nº 39 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR56 | Vivenda na Rúa Real nº 8 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR57 | Vivenda na Rúa Real nº 10 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR58 | Casa con Patín (Antiga Escola de Nenas) | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR59 | Casa na Rúa Real nº 38 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR60 | Casa na Rúa Real nº 40 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR61 | Casa na Rúa Real nº 47 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR62 | Casa na Rúa Real nº 49 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR63 | Casa na Rúa Real nº 51 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR64 | Casa na Avda. de Mugardos, Rúa Real nº 54 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR65 | Casa na Rúa Real nº 60 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR66 | Casa na Rúa Real nº 64 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR67 | Casa na Rúa Real nº 66 e Rúa da Lúa | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR68 | Casa na Rúa Real nº 67 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR69 | Casa na Rúa Real nº 68 e Rúa da Lúa | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR70 | Casa na Rúa Real nº 69 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR71 | Casa na Rúa Real nº 70 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR72 | Casa Nicolás López Cancela | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR73 | Casa na Rúa Real nº 80 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR74 | Casa na Rúa Real nº 91 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR75 | Escola de nenas II | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR76 | Cruceiro de Lubre | LUBRE | ARES | Arquitectura popular |
| AR77 | Fonte | ARES | ARES | Arquitectura popular |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| AR78 | Palco da música | ARES | ARES | Arquitectura popular |
| AR79 | Ponte da Ciscada | ARES | ARES | Arquitectura popular |
| AR80 | Peirao pequeno ao norte da praia de Ares | ARES | ARES | Arquitectura popular |
| AR81 | Peirao Vello | ARES | ARES | Arquitectura popular |
| AR82 | Peirao pequeno no centro da praia de Ares | ARES | ARES | Arquitectura popular |
| AR83 | Conxunto de arboredo Rosalía de Castro | ARES | ARES | Outros |
| AR84 | Conxunto de arboredo de A Xunqueira | A XUNQUEIRA | ARES | Outros |
| AR85 | Batería ou Castelo de Ares (GA 15004006) | ARES | ARES | Arquitectura militar |
| AR86 | Casa na Avda. Saavedra Meneses nº 27 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR87 | Casa na Rúa Franxa nº 19 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR88 | Casa na Rúa María nº 29 | ARES | ARES | Arquitectura civil |
| AR89 | Casa na Rúa Real nº 27 | ARES | | |
| CA01 | Igrexa de Caamouco parroquial de San Vicenzo | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura relixiosa |
| CA02 | Ermida de San Xosé | SESELLE | CAAMOUCO | Arquitectura relixiosa |
| CA03 | Casa Rectoral | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura relixiosa |
| CA04 | Cemiterio de San Vicente de Caamouco | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura relixiosa |
| CA05 | Casa en Seselle nº 52 | SESELLE | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA06 | Antiga escola Nacional de Seselle | SESELLE | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA07 | Pazo do Piñeiro | PIÑEIRO | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA08 | Casa Minerva en Barracido | O OUTEIRO DE BARRACIDO | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA09 | Casa en Barracido | O OUTEIRO DE BARRACIDO | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA10 | Casa en Curmá | AS PEZOAS | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA11 | Casa na Solaina | A SOLAINA | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA12 | Casa xunto Vila Santa Amalia | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA13 | Agrupación Instructiva de Redes e Caamouco | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA14 | Vila Santa Amalia | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA15 | Casa na Praza do Pedregal nº 1 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA16 | Casa na Praza do Pedregal nº 2 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA17 | Casa na Praza do Pedregal nº 4 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA18 | Casa na Praza do Pedregal nº 6 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA19 | Casa na Rúa de Abaixo nº 11 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA20 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA21 | Casa na Rúa de Arriba nº 14 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA22 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 2 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA23 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 7 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA24 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 9-10-11-12 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| CA25 | Casa en Avda. Gaspar Rodríguez | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA26 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 3 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA27 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 17 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA28 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 27 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA29 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 28 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA30 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 30 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA31 | Vivenda na rúa Gaspar Rodríguez nº 35 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA32 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 40 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA33 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 46 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA34 | Vila Grande | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA35 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 63 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA36 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 65 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA37 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 80 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA38 | Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 82 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA39 | Casa na Rúa Nova nº 1 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA40 | Casa na Rúa Nova nº 4 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA41 | Casa na Rúa Nova nº 9 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA42 | Casa na Rúa Nova nº 11 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA43 | Casa na Rúa Nova nº 13 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA44 | Casa na Rúa Nova nº 15 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA45 | Casa na Rúa Nova nº 17 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA46 | Vivenda mariñeira na rúa Nova nº 18 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA47 | Vivenda mariñeira na rúa Nova nº 20 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA48 | Casa na Rúa Nova nº 21 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA49 | Casa na Rúa Nova nº 52 | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura civil |
| CA50 | Cruceiro de Caamouco | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura popular |
| CA51 | Fonte do Campo | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura popular |
| CA52 | Porto de Redes | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura popular |
| CA53 | Castelo ou Batería de Redes | REDES | CAAMOUCO | Arquitectura militar |
| CE01 | Igrexa parroquial de San Pedro de Cervás | CERVÁS | CERVÁS | Arquitectura relixiosa |
| CE02 | Casa Rectoral | CHANTEIRO | CERVÁS | Arquitectura relixiosa |
| CE03 | Ermida de Chanteiro | CHANTEIRO | CERVÁS | Arquitectura relixiosa |
| CE04 | Mosteiro de Santa Caterina | MONTEFARO | CERVÁS | Arquitectura relixiosa |
| CE05 | Cemiterio de Cervás | COMBARRO | CERVÁS | Arquitectura relixiosa |
| CE06 | Casa da Torre | CERVÁS | CERVÁS | Arquitectura civil |
| CE07 | Casa do Pazo | CERVÁS | CERVÁS | Arquitectura civil |
| CE08 | Vivenda no contorno da Igrexa de Cervás | CERVÁS | CERVÁS | Arquitectura civil |
| CE09 | Casa Vila Dolores | CERVÁS | CERVÁS | Arquitectura civil |
| CE10 | Centro Instrutivo de Cervás | CERVÁS | CERVÁS | Arquitectura civil |
| CE11 | Vivenda no contorno do CIRS de Cervás | CERVÁS | CERVÁS | Arquitectura civil |
| CE12 | Vivendas mariñeiras na rúa Pena | PENA | CERVÁS | Arquitectura civil |
| CE13 | Casa Juan López | PENA | CERVÁS | Arquitectura civil |
| CE14 | Cruceiro de Chanteiro | CHANTEIRO | CERVÁS | Arquitectura popular |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| CE15 | Batería de Segaño | SESGAÑO | CERVÁS | Arquitectura militar |
| CE16 | Batería de obuses de Salgueiras | SEGAÑO | CERVÁS | Arquitectura militar |
| CE17 | Batería de obuses de Sudova | SUDOVA | CERVÁS | Arquitectura militar |
| CE18 | Batería de San Martiño | MONTEFARO | CERVÁS | Arquitectura militar |
| CE19 | Batería de obuses da Bailadora | MONTEFARO | CERVÁS | Arquitectura militar |
| CE20 | Batería de obuses de Fonteseca | MONTEFARO | CERVÁS | Arquitectura militar |
| CE21 | Batería de obuses de Faro | MONTEFARO | CERVÁS | Arquitectura militar |
| CE22 | Polvorín de Pegal | PEGAL | CERVÁS | Arquitectura militar |
| CE23 | Polvorín de Bordocedo | MONTEFARO | CERVÁS | Arquitectura militar |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

## 3.3. MODELO TERRITORIAL

A tradicional división funcional e organizativa de parroquias ten en Ares unha representación de 3 parroquias:

Parroquia de San Xosé de ARES.
Parroquia de San Vicente de CAAMOUCO.
Parroquia de San Pedro de CERVÁS.

### A. Parroquia de San Xosé de Ares

San Xosé de Ares é a parroquia do Concello que lle da o seu nome. Xeograficamente atópase entre as outras dúas parroquias do concello exercendo un papel de centralizade no territorio municipal. É a parroquia máis chan e a súa superficie de 7,23 $km^2$ , similar á da parroquia de Cervás.

O territorio que ocupa e define a súa estrutura linda ao norte coas parroquias de Mugardos e Meha (concello de Mugardos), ao leste coas parroquias de Franza (Concello de Mugardos) e a de San Vicente de Caamouco (Concello de Ares). Ao oeste limita coa parroquia de San Pedro de Cervás (Concello de Ares) e a súa fronteira sur a delimita a Ría de Ares.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



É a parroquia do concello de altitudes máis baixas e a que ten o río de maior importancia en lonxitude e número de afluentes (Río da Xunqueira) aínda que dada a súa proximidade ao mar non leva un gran volume de auga.



Os fluxos de movemento da parroquia están todos centralizados cara o núcleo urbano de Ares, axudándose para realizar ditos movementos da estrada DP-0402, da DP-0403 e da AC-120 ao tempo que se apoian noutras estradas municipais que conectan os núcleos rurais co casco urbano de Ares.



Polos vestixios arqueolóxicos da parroquia sábese que estivo poboada polos celtas ao aparecer dous castros (o Castro de Lubre e o Castro de Ares) nas zonas mais altas da parroquia. É a parroquia que tras Caamouco ten un maior número de núcleos rurais aínda que son núcleos de escasa entidade dado a influencia de ter na súa proximidade ao núcleo urbano de Ares.

Tras Ares, Lubre é o núcleo de maior entidade, é un núcleo que crece nunha zona alta (a 50 m sobre o nivel do mar) e onde o viario necesita da formación de bancais e socalcos para poder existir salvo na parte mais elevada que se atopa nunha zona de meseta.

O resto dos núcleos que integran a Parroquia de Ares son núcleos de estrada que se apoian nelas para desenvolver o seu crecemento, neste caso apóiase na AC-120 que comunica o

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

núcleo urbano de Ares co núcleo de Mugardos. Pola contra Besoxo apoia o seu crecemento nun viario municipal que vai cara o núcleo urbano de Ares o mesmo que Pedros e Maiobre.

Nesta parroquia convive cos núcleos rurais outro modelo de asentamento poboacional que é un núcleo urbano que neste caso denomínase como a parroquia.

O parcelario que estrutura este ámbito rural responde ao modelo tradicional galego do minifundio froito das sucesivas divisións das sucesivas herdanzas. Nesta parroquia fórmase só en Lubre unha organización agraria dos eidos dispostos en bancais e socalcos propia das zonas de litoral configurando unha paisaxe característica. Nas zonas máis chans da parroquia non se necesitan bancais e socalcos polo que a paisaxe resultante é diferente. Ao mesmo tempo na parroquia convive un parcelario de monte que ocupa unha superficie pequena no conxunto do parcelario.

En canto á poboación, o coñecemento da súa dinámica e evolución é básica para prever as características e necesidades do seu futuro crecemento. A parroquia de San Xosé de Ares non sufriu ningún descenso na súa poboación entre os anos 1.950 e o 2.004. Houbo un crecemento constante na parroquia influído tamén por albergar no seu interior o núcleo urbano de escala intermedia como é Ares.

| PARROQUIA DE SAN XOSÉ DE ARES | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **POBOACIÓN 1950** | **POBOACIÓN 1991** | **POBOACIÓN 2004** | **POBOACIÓN 2012** | **CREC % 1950-1991** | **CREC % 1991-2004** | **CREC % 2004-2012** |
| 2.385 | 3.096 | 3.922 | 4.462 | 29,81 | 26,68 | 12,10 |

Se analizamos a tendencia de crecemento dos núcleos rurais observamos que en xeral todos os núcleos salvo Maiobre aumentaron o seu número de habitantes, influídos pola súa proximidade ao núcleo urbano que fai de polo de gravitación das actividades económicas e de servizos.

No período de tempo entre os anos 1.991 e 2.012 (fronte a forte regresión de poboación que se da en xeral en Galicia) só Besoxo e Maiobre diminuíron o seu número de habitantes pero non dunha maneira esaxerada fronte ao resto de núcleos (Lubre, O Outeiro e Pedros) que aumentaron o número de habitantes.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| PARROQUIA DE SAN XOSÉ DE ARES | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **NOME DO NÚCLEO** | **POBOACIÓN 1950** | **POBOACIÓN 1991** | **POBOACIÓN 2004** | **POBOACIÓN 2012** | **CREC % 1950-1991** | **CREC % 1991-2004** | **CREC % 2004-2012** |
| O Alto de Simou | - | - | - | - | - | - | - |
| Besoxo | 25 | 36 | 24 | 47 | 44 | -33,33 | 95,88 |
| Lubre | 84 | 167 | 172 | 226 | 98,81 | 2,99 | 31,39 |
| Maiobre | 99 | 84 | 65 | 63 | -15,15 | -22,62 | -3,08 |
| Outeiro | 43 | 38 | 48 | 37 | -11,63 | 26,32 | -22,92 |
| Pedrós | 95 | 90 | 134 | 145 | -5,26 | 48,89 | 8,21 |
| O Penedo | 28 | - | - | - | - | - | - |
| San Roque | - | - | - | - | - | - | - |

En canto a evolución das vivendas salientar que produciuse un crecemento entre o período de tempo que comprende os anos 1.950 e 2.001. Entre os anos 1.950 e 1.991 o parque de vivendas se triplicou. Nos seguintes dez anos tamén aumentou moito o número de vivendas construídas nos núcleos rurais desta parroquia.

| PARROQUIA DE SAN XOSÉ DE ARES | | | | |
|---|---|---|---|---|
| VIVENDAS 1950 | VIVENDAS 1991 | VIVENDAS 2001 | CREC % 1950-1991 | CREC % 1991-2001 |
| 485 | 1470 | 2029 | 203,09 | 38,03 |

Analizando núcleo a núcleo vese no cadro que se amosa a continuación que tódolos núcleos aumentan o seu número de vivendas salvo Besoxo entre o período de tempo que comprende os anos 1.991 e 2.001 pero seguramente sexa un erro nos datos do INE ou froito dun cambio no límite do que eles consideran núcleo.

Os núcleos que aumentaron máis o número de vivendas entre os anos 1.950 e 1.991 son os mesmos que aumentaron o número de poboación (Lubre e Besoxo) atribuíble este feito a súa proximidade á vila urbana. Pasa o mesmo proceso no período de tempo entre 1.991 e o 2.001, pois os núcleos que aumentaron máis a súa poboación son os que aumentaron máis o número de vivendas.

| PARROQUIA DE SAN XOSÉ DE ARES | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| NOME DO NÚCLEO | VIVENDAS 1950 | VIVENDAS 1991 | VIVENDAS 2001 | CREC % 1950-1991 | CREC % 1991-2001 |
| O Alto de Simou | - | - | - | - | - |
| Besoxo | 6 | 23 | 13 | 283,33 | -43,48 |
| Lubre | 14 | 60 | 62 | 328,68 | 3,33 |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| PARROQUIA DE SAN XOSÉ DE ARES | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| NOME DO NÚCLEO | VIVENDAS 1950 | VIVENDAS 1991 | VIVENDAS 2001 | CREC % 1950-1991 | CREC % 1991-2001 |
| Maiobre | 16 | 28 | 29 | 75 | 3,57 |
| O Outeiro | 9 | 11 | 15 | 22,22 | 36,36 |
| Pedrós | 18 | 34 | 39 | 88,89 | 14,71 |
| O Penedo | 5 | - | - | - | - |
| | 507 | 1470 | 2029 | 184,94 | 38,07 |

O patrimonio da parroquia concéntrase no núcleo urbano pois nos núcleos rurais o valor da arquitectura popular é escaso xa que moitas das vivendas tradicionais sufriron modificacións que mermaron a súa calidade. Dentro da arquitectura relixiosa destaca a igrexa de Lubre por pertencer a un estraño estilo gótico tardío ou de transición ao renacemento moi pouco frecuente en Galicia aínda que xa existía en 1.134.

A actividade económica que sustenta a vida da parroquia pasa en gran medida polos postos que xera o núcleo urbano de Ares e ao emprego que facilita o sector terciario nos concellos limítrofes.

En canto aos servizos, salientar que todos os núcleos da parroquia dispoñen de saneamento a través da EDAR de Chanteiro. O concello de Ares abastécese na súa meirande parte da auga que suministra o embalse das Forcadas, localizado no Concello de Ferrol. O suministro recíbese por medio dunha tubería compartida co municipio de Mugardos que chega ata o Lugar de Pedrós e a partir de ahí derívase por un lado ao casco urbano de Ares e Seselle, ata o sur cara a zona de Estacas e ata o norte cara os Barallados, e polo oeste ata o límite do casco urbano.

A recollida de lixo realízase nesta a diario e unha vez ao mes o concello recolle útiles.

Os recursos turísticos da parroquia son moitos como lle ocorre ao resto das parroquias do concello dada a calidade ambiental e paisaxística e que reafirma a existencia dun grande número de vivendas de segunda residencia.

CONCLUSIÓNS

Esta parroquia como o resto do Concello de Ares caracterízase polo privilexiado da súa situación dende o punto de vista paisaxístico e ambiental o que a fai unha zona de potencialidade turística e como lugar de vivenda para a xente que traballa na área metropolitana de Ferrol e mesmo da Coruña.

O crecemento tanto da poboación como do número de vivendas nos seus núcleos ratifica esta realidade e por iso deben responder as demandas que existen pero dunha maneira sostible e

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

de acordo coas necesidades reais especialmente aqueles núcleos que o demandan e necesitan máis. Isto é reforzado pola proximidade ao centro urbano como lugar de servizos e dotacións.

Tamén deberíase explotar e potenciar os condicionantes culturais turísticos existentes relacionados coas vivendas de indianos e de mariñeiros, especialmente no centro urbano como un lugar que atraia e ofreza no seu conxunto calidade ambiental e arquitectónica,de servizos e dotacións para así servir de centralidade e punto de gravitación para o resto do concello.

## B. Parroquia de San Vicente de Caamouco

O terreo de San Vicente de Caamouco discorre de leste a oeste dentro do Concello de Ares paralelo á costa. Ten unha superficie de 3,8 $Km^2$ polo que é a parroquia de menor extensión do concello.

O territorio que ocupa e define a súa estrutura linda ao norte coas parroquias de San Xoán de Piñeiro e Santiago de Franza (concello de Mugardos) ao leste o regato de Río Sandeu serve de linde natural co concello de Fene. Ao oeste limita coa parroquia de San Xosé de Ares (concello de Ares) e a súa fronteira sur a delimita a Ría de Ares.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



A terra é fértil e o seu terreo presenta na súa metade leste variacións de altitude dende os altos da Malata (121 m) e Barracido (Teupeira 117 m) ata unha pronunciada pendente que se suaviza ao chegar ao mar, tornando en terreo chan nas terras que se atopan no oeste. No medio un pequeno val polo que discorre un pequeno regato e no que se asenta o seu núcleo de poboación mais importante, Redes, que é o núcleo urbano da parroquia.

En canto á hidrografía na parroquia hai pequenos regatos entre os que se atopa o Rego de Redes e o Río Sandeu que son de curto percorrido e moi próximos ao mar polo que non se forman de correntes de auga de gran volume.



Os fluxos de movementos exteriores da parroquia prodúcense principalmente a través da estradas AC-124 que comunica a todo o concello con Fene, Ferrol e A Coruña. A DP-0401 percorre a parroquia polo sur de este a oeste e comunica a AC-124 coa AC-123 nas proximidades do núcleo urbano de Ares, é polo tanto a vía principal de comunicación tanto a nivel interno da zona sur da parroquia como co resto do concello. O norte da parroquia estrutura os seus fluxos de movemento a través de viario municipal que percorre os núcleos que se atopan nesta parte da parroquia.



Na parroquia de Caamouco danse tres modelos de núcleos moi diferenciados. Uns asociados a núcleos tradicionais nacidos para desenvolver unha actividade agrícola, outros cun nacemento e desenvolvemento asociado a unha estrada e por último os núcleos mais recentes e cun maior crecemento nos últimos anos asociados a súa localización próxima á praia.

Como pasa na parroquia de Cervás existen uns asentamentos de poboación que está integrados por varios núcleos. É o caso de O Outeiro de Barracido onde os diferentes asentamentos de poboación que o integran aparecen nos censos de 1950 pero non nos seguintes ao incluírse a súa poboación no núcleo principal que é O Outeiro de Barracido.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Os núcleos tradicionais asociados á explotación agrícola atópanse na parte norte da parroquia. Son núcleos que nacen na parte de maior altitude da parroquia aproveitan nalgúns casos elevacións naturais do terreo (outeiros) para construír neles as edificacións e así deixar baleiras as zonas máis chans do terreo para os cultivos. É o caso de O Outeiro de Barracido e Ixobre.

Os núcleos que naceron asociados a unha estrada espállanse por toda a parroquia, forman modelos de casas illadas, coma no caso de As Pezoas, ou ben ringleiras escalonadas (Curmá, Mazaído,...) á beira dunha estrada xeral,ao borde das estradas de interese local ou ao longo de eixes de relación cos municipios limítrofes. Nesta parroquia danse os tres casos, Seselle, As Pezoas, Solaina e mesmo Carballás apóianse na DP-0402, pola contra A Malata e O Pallizo están nos eixes de relación co concello de Mugardos e baixo a influencia dun núcleo coma o Camiño Grande que é importante. O Raso, Mazaído e Curmá naceron ao borde de estradas de interese local.

Pero non so hai que falar da organización dos núcleos pois nesta parroquia é moi importante o crecemento dos núcleos asociado ao turismo, como lugar onde se fai a vivenda de segunda residencia. Todo o crecemento no número de vivendas na parte sur da parroquia responde a isto. Nas áreas de litoral da parroquia é importante o veraneo que leva asociada a construción de residencias ao longo dos camiños e sendeiros que van cara ás praias. Son vivendas illadas unidas polos seus xardíns cos parcelas colindantes e que poboan unha grande parte do espazo.

Pero nesta parroquia non só hai núcleos rurais, como na parroquia de Ares, existe un núcleo urbano, Redes.

O parcelario que estrutura este ámbito rural responde ao modelo tradicional galego do minifundio froito das sucesivas divisións das sucesivas herdanzas. Fórmase na parte norte desta parroquia unha organización agraria dos eidos dispostos en bancais e socalcos propia das zonas de litoral onde os asentamentos de poboación se apoian na aba dun monte para o seu nacemento. Ao tempo a organización do parcelario nas áreas próximas ao mar non precisa destes bancais e socalcos por ser terreos máis chans e prescíndese desta manipulación por parte do home do parcelario. Ao tempo convive tanto un parcelario de monte como o destinado a explotacións agrícolas segundo o uso ao que estea destinado aínda que hoxe en día non se vive da terra neste concello.

En canto á poboación a parroquia de San Vicente de Caamouco sufriu un notable descenso da poboación entre 1.950 e 1.991 froito da emigración xeral en Galicia. Cabe salientar pola contra o aumento da poboación entre 1.991 e o 2.010 (fronte a forte regresión de poboación que se da en xeral en Galicia) que reflexa moi ben que é unha parroquia con dinamismo froito da súa

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

proximidade ás cidades de Ferrol e A Coruña e o privilexiado da súa posición con respecto ao mar.

| PARROQUIA DE SAN VICENTE DE CAAMOUCO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **POBOACIÓN 1950** | **POBOACIÓN 1991** | **POBOACIÓN 2004** | **POBOACIÓN 2012** | **CREC % 1950-1991** | **CREC % 1991-2004** | **CREC % 2004-2012** |
| 1.193 | 763 | 725 | 809 | -36,04 | -4,98 | 11,59 |

A continuación amósase un cadro no que se pode ver a evolución e crecemento ou decrecemento de cada núcleo de San Vicente de Caamouco:

| PARROQUIA DE SAN VICENTE DE CAAMOUCO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **NOME DO NÚCLEO** | **POBOACIÓN 1950** | **POBOACIÓN 1991** | **POBOACIÓN 2004** | **POBOACIÓN 2012** | **CREC % 1950-1991** | **CREC % 1991-2004** | **CREC % 2004-2012** |
| Carballás | - | - | - | - | - | - | - |
| Curmá | 64 | 45 | 32 | 35 | -29,69 | -28,89 | 9,38 |
| Ixobre | 52 | 56 | 51 | 43 | 7,69 | -8,93 | -15,69 |
| Malata | 39 | 21 | 30 | 28 | -46,15 | 42,86 | -6,67 |
| O Outeiro de Barracido | 167 | 91 | 76 | 85 | -45,51 | -16,48 | 11,84 |
| Mazaído | 42 | 50 | 65 | 67 | 19,05 | 30 | 3,08 |
| O Pallizo | - | - | - | - | - | - | - |
| As Pezoas | 44 | 56 | 49 | 117 | 27,27 | -12,5 | 138,78 |
| O Raso | 8 | 4 | 18 | 39 | -50 | 350 | 116,67 |
| Seselle | 135 | 68 | 97 | 118 | -49,63 | 42,65 | 21,65 |
| A Solaina | 25 | 7 | 3 | 2 | 27,27 | -12,5 | -33,3 |
| Rodelas | 19 | 8 | 11 | 8 | -57,89 | 37,5 | -27,27 |
| A Rúa | 31 | 26 | 14 | 18 | -16,13 | -46,15 | 28,57 |

Como se pode observar a poboación diminuíu en xeral nos núcleos máis agrícolas que tiñan máis importancia en 1.950 (O Outeiro de Barracido) mentres que entre 1.991 e o ano 2.012 aínda que tamén creceron algúns núcleos próximos a outros centros de gravidade como son os núcleos urbanos do concello (Seselle,...) ou outros núcleos dos concellos limítrofes (A Malata).

Fronte a diminución da poboación o parque de vivendas si que medra en tódolos núcleos entre os anos 1.950 e 1.991 salvo en A Solaina. Os motivos entre outros deste crecemento é a

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

construción de vivendas de segunda residencia e a tendencia social de vivir un menor número de habitantes por vivenda.

| PARROQUIA DE SAN VICENTE DE CAAMOUCO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| VIVENDAS 1950 | VIVENDAS 1991 | VIVENDAS 2001 | CREC % 1950-1991 | CREC % 1991-2001 |
| 258 | 520 | 521 | 101,55 | 0,20 |

Como se pode observar os núcleos que tiveron un crecemento mais espectacular no número de vivendas, especialmente entre os anos 1.950 e 1.991, son os núcleos que están ao carón da estrada CP-0401 (Seselle, As Pezoas, Curmá,...) e aqueles núcleos que están próximos á praia de O Raso (O Raso, Mazaído,...).

Pola contra os núcleos do norte da parroquia aínda que aumentou o número de vivendas entre o período 1.950-1.991 é mais moderado. Salientar que non parece lóxico o decrecemento no número de vivendas nos núcleos entre os censos de 1.991 e o ano 2.001, polo que se supón que isto débese a un cambio nos límites das áreas que o INE consideraba como núcleos entre estes anos.

| PARROQUIA DE SAN VICENTE DE CAAMOUCO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| NOME DO NÚCLEO | VIVENDAS 1950 | VIVENDAS 1991 | VIVENDAS 2001 | CREC % 1950-1991 | CREC % 1991-2001 |
| Carballás | - | - | - | - | - |
| Curmá | 10 | 18 | 17 | 80 | -5,56 |
| Ixobre | 15 | 19 | 22 | 26,67 | 15,79 |
| A Malata | 8 | 15 | 14 | 87,5 | -6,67 |
| O Outeiro de Barracido | 37 | 41 | 41 | 10,81 | 0 |
| Mazaído | 9 | 55 | 52 | 511,11 | -5,45 |
| O Pallizo | - | - | - | - | - |
| As Pezoas | 8 | 24 | 21 | 200 | -12,50 |
| O Raso | 3 | 15 | 23 | 400 | 53,33 |
| Seselle | 43 | 108 | 98 | 151,16 | -9,26 |
| A Solaina | 6 | 5 | 4 | -16,67 | -20 |

A xente da parroquia de San Vicente de Caamouco ao largo da súa historia fomentou o desenvolvemento educativo e cultural que queda reflectido nos equipamentos existentes.

A Agrupación Instructiva de Caamouco que fomenta e promove actividades culturais, o Club Marítimo de Redes, que a parte de promover actividades deportivas relacionadas co mar oferta

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

outras actividades como concertos, bailes, excursións e o Club de Tenis de Redes, igual que o Club Marítimo oferta actividades como certames de corais ou magostos.

O patrimonio existente con respecto á arquitectura popular da parroquia é moi escaso dado que as vivendas tradicionais sufriron modificacións que mermaron a súa calidade patrimonial.

Pero o máis característico do patrimonio desta parroquia son as casas de indianos que foron construídas pola xente emigrante, normalmente en Sudamérica, que nas épocas de retorno mostraban os logros obtidos no exilio construíndo estas casas que están espalladas por todo o territorio da parroquia.

A actividade económica de San Vicente de Caamouco é un reflexo do que pasa no resto do municipio que é un municipio onde a poboación activa dedícase ao sector terciario nos concellos veciños que contan cun sector terciario máis desenvolto. Como no resto do concello subsiste unha agricultura de horta de autoconsumo nos núcleos tradicionais. Hai unha serie de núcleos que teñen establecementos adicados ao sector terciario sendo o núcleo urbano de Redes o que concentra o número maior deste tipo de establecementos.

En canto ao **servizo** de abastecemento da parroquia de Caamouco existe un depósito sito na Mariña do Pombal (230 $m^3$ de capacidade) que suministra ao resto da parroquia a excepción do núcleo urbano de Redes e alguns lugares que na actualidade non contan co servizo municipal de augas, como a Malata e Ixobre. O depósito recibe o suministro de auga directamente do Concello de Fene. O casco urbano de Redes aliméntase mediante dous depósitos con captación de augas mediante pozos de xestión mancomunada de augas (un de 100 $m^3$ e outro de 6 $m^3$), polos propios veciños de Redes. Dispoñen de manancial que sorte de auga todo o inverno, con tres pozos de apoio para o verán e momentos puntuais para cubrir necesidades. Na actualidade xa se realizaron os traballos necesarios para, no caso de ser necesario, reforzar dito servizo coa auga municipal. En canto ao saneamento, todos os núcleos da parroquia dispoñen deste servizo a través da EDAR de Chanteiro.

A recollida de lixo faise días alternos, martes, xoves e sábados e unha vez ao mes o concello recolle útiles por toda a parroquia.

Os recursos turísticos da parroquia xa eran utilizados polos ingleses que traballaban no estaleiro de Ferrol ao usar a Praia de O Raso como lugar de veraneo. Na actualidade segue sendo unha parroquia onde o turismo ten unha importancia elevada como o demostra a existencia de gran número de vivendas de segunda residencia e o cámping asociado á praia de O Raso. Ao tempo existe coma no resto do concello unha ruta de sendeirismo que percorre a parroquia dende a costa ata os núcleos que están máis no interior da parroquia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCLUSIÓNS

Na parroquia de San Vicente de Caamouco encontramos dúas zonas diferenciadas polas características de crecemento dos últimos anos. Na zona norte atópanse os núcleos máis rurais, asociados a un nacemento que responde á actividade agrícola e que nos últimos anos aínda que creceron nalgún caso como O Outeiro de Barracido non experimentaron o grao de crecemento dos núcleos que se atopan na parte sur da parroquia.

Estes núcleos asociados á estrada DP-0402 de gran potencialidade de movemento tanto a nivel interno do concello (conecta co núcleo urbano de Ares) como nos movementos cara o exterior do concello en dirección Pontedeume e Fene (centros de servizos , ocio e traballo respectivamente).

Ao tempo da boa conexión ten unha situación privilexiada dende o punto de vista paisaxístico e ambiental o que a fai unha zona de potencialidade turística (construcción da vivenda de segunda residencia) e como lugar de vivenda para a xente que traballa na área metropolitana de Ferrol e mesmo da Coruña. O crecemento dos seus núcleos e das áreas ao seu redor reflicte moi ben esta realidade e responden as demandas que teñen. A Praia de O Raso é o motor deste crecemento que reverte tamén na actividade económica ao levar asociada unha serie de establecementos do sector terciario.

Ademais a existencia dun núcleo urbano pequeno que exerce de centralizade na parroquia e lle resta importancia á hora de dar servicio ao núcleo principal do concello reforza a estes núcleos que nos últimos anos sufriron un boom no seu crecemento. Dadas as características paisaxísticas e ambientais o crecemento debe de ser sostido e responder as necesidades reais de expansión sen prexudicar en ningún momento as características do seu medio e así converterse nun lugar de repouso aloxado do movemento da cidade.

## C. Parroquia de San Pedro de Cervás

San Pedro de Cervás é a parroquia do Concello de Ares que se atopa na parte mais occidental do mesmo. A súa superficie é de 7,10 $km^2$ e é xunto coa parroquia de San Pedro de Ares coa que coincide en $km^2$ a de maior superficie.

A súa estrutura está marcada polos seus límites xeográficos que son o Concello de Mugardos ao norte, a Ría de Ares ao sur, a boca da Ría de Ferrol ao oeste e a Parroquia de Ares coa que limita ao este. Esta ubicación fai que a localización dos núcleos de poboación de Cervás estea afastada dentro de seu territorio por atoparse no apéndice da península que forman os municipios de Ares e Mugardos o que lle da o carácter de zona moi tranquila polo pouco tránsito de vehículos que existe. Máis da metade da lonxitude do contorno da parroquia é costa e presenta unha morfoloxía moi recortada e erosionada. A maior parte da costa son acantilados

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

salvo na parte máis occidental da parroquia, entre as Puntas de Segaño e a Coitelada, que se forma unha praia moi resgardada na enseada de Chanteiro.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



É a parroquia de Ares que presenta as maiores alturas do municipio (o punto máis alto constitúeo o Alto de Montefaro cunha altura de 262m) que vai a condicionar moito o seu modelo de asentamento poboacional.

En canto á hidrografía na parroquia hai pequenos regatos entre os que se atopa o Rego de Cal que é de curto percorrido e moi próximo ao mar o que impide a formación de correntes de auga de gran volume.



Os fluxos de movementos exteriores da parroquia prodúcense principalmente a través das estradas DP-0402 e da DP-0403 pertencentes á Deputación e que comunican a parroquia con Ares e Mugardos respectivamente. A DP-0402 percorre a parroquia de este a oeste e comunica a AC-120, nas proximidades do núcleo urbano de Ares, co núcleo de Chanteiro pasando no seu percorrido polo núcleo de Cervás é polo tanto a vía principal de comunicación tanto a nivel interno da parroquia como co resto do concello. Pola contra a DP-0403 forma un eixe en dirección sur-norte que comunica o núcleo de Cervás coa AC-131 xa no termo municipal de Mugardos e moi preto do seu núcleo urbano.



Os primeiros asentamentos de poboación da parroquia son dous castros celtas, o Castro de Cervás e o Castro de Mourón,que se atopan preto do núcleo que é a cabeza parroquial. O castro de Mourón é un xacemento apegado ao mar polo que se supón que naceu por aproveitar os recursos mariños mentres que o Castro de Cervás está mais no interior preto do val.

Nesta parroquia aparecen só dúas concentracións de poboación que xorden da unión de varios núcleos que xa aparecían no censo de 1950. Estes núcleos resultantes da agrupación doutros son Cervás e Chanteiro.

O núcleo de poboación coñecido como Cervás está integrado por diferentes asentamentos de poboación que aparecen nos censos dende 1.950 e nos posteriores de 1.991 e 2.004. A relación destes núcleos é a seguinte:

A Barra.
Os Cachenos.
Combarro.
Igrexa.
Leiro.
A Louseira.
A Pena.
Sandes.
A Torre.
O Teixeiro.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

É un claro exemplo de aldea de núcleos múltiples ou polinucleares, formado polo agrupamento aberto de varios núcleos de casa unidos por camiños que se cruzan entre si e apoiándose a diferentes alturas da aba sueste do Montefaro.

Estes núcleos que conforman Cervás organízanse seguindo a topografía do terreo en tres niveis diferentes. No punto de maior altitude, formando a liña superior do núcleos (entre a cota 145 e 175 do terreo) atópanse os núcleos de Os Cachenos, Leiro, Louseira, Sandes, O Teixeiro e A Torre que están en contacto co monte e que dada a súa situación elevada desfruta das mellores vistas sobre a Ría de Ares. A continuación e a media aba, entre a cota 145 e 115 está Combarro, Pena e Igrexa xa mais preto da zona de val.

O núcleo de Cervás responde ao modelo de organización agraria dos eidos dispostos en bancais e socalcos. Son núcleos a media aba onde as edificacións van apoiándose no viario que foi rompendo o terreo por medio dos bancais e socalcos e así ao carón deses camiños foron construíndose as vivendas e edificacións auxiliares asociadas ás mesmas. Ao tempo déixanse as partes mais chans liberadas de edificacións para así poder cultivar os terreos das eiras que están ao carón da vivenda como hortas.

Este modelo de asentamento foi mudando en Cervás co tempo e co cambio de actividade produtiva. Isto nótase en que a meirande parte das novas edificacións constrúense ao carón do viario (en especial a redor da DP-0402 o que demostra a maior relación que existe có núcleo urbano de Ares) principal que comunica ao núcleo co resto do concello. Desvencéllase a relación directa entre a vivenda e a explotación do solo agrícola.

Por último, o modelo de asentamento de núcleo de Chanteiro é nos seus inicios similar ao núcleo de Cervás. Coma el é o resultado da unión doutros núcleos que creceron ao amparo da aba do Montefaro para así liberar os terreos mais chans para adicalos á explotación agrícola. Estes núcleos son:

Cal
O Cucheiro.
O Curro.
O Outeiro.
Pedrachá.
As Penas.
Pomouro.
A Rega.
Vigo.
Xurxo.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Estes núcleos aparecen como tal no censo de 1950, pero non nos seguintes censos por agrupalos xa o INE só en Chanteiro. Como en Cervás dispóñense a diferentes niveis seguindo a topografía pero os asentamentos de poboación non alcanzan altitudes tan elevadas como en Cervás por atoparse máis na media aba da parte sur de Montefaro. A liña superior de núcleos constitúea Pedrachá, Vigo e Xurxo atópanse entre as cotas 85 e 115 de altitude. Son núcleos en contacto co monte e con vistas privilexiadas sobre o val polo que discorre o Rego de Cal. A continuación entre as cotas 60 e 85 localízanse os lugares de A Rega, Cal, As Penas e O Outeiro que forman a liña de altitude media dos núcleos. Por último O Cucheiro e O Curro están pegados á zona de val que rodea a Chanteiro polo suroeste e que están entre as cotas 30 e 60.

Como Cervás, Chanteiro responde ao modelo de organización agraria dos eidos dispostos en bancais e socalcos onde os eidos colócanse na aberturas da vagoada do val que se forma aos pes de Montefaro. Son núcleos a media aba onde as edificacións van apoiándose no viario que foi rompendo o terreo por medio dos bancais e socalcos e así ao carón deses camiños foron construíndose as vivendas e edificacións auxiliares asociadas ás mesmas.

Ao tempo déixanse as partes mais chans liberadas de edificacións para así poder cultivar os terreos das eiras que están ao carón da vivenda como hortas e que conforman baleiros de terreo dentro do núcleo rural.

Este é o Chanteiro tradicional, pero paralelamente a el xurde un novo Chanteiro que xa non ten nada que ver co núcleo tradicional asociado á explotación agrícola e que responde a un hábitat de estrada. É un novo núcleo que nace ao carón de praia de Chanteiro con vivendas illadas apoiadas ao longo dos camiños e sendeiros que van cara a praia.

Este núcleo é atravesado pola estrada DP-0402, na que se apoian algunhas edificacións tanto tradicionais como novas pero o crecemento do núcleo fíxose ao carón do viario local interior que estrutura e vertebra a aldea e no que se van apoiando os pequenos núcleos. Este viario vai seguindo a topografía e adáptase aos desniveis que existen no terreo formando bancais ou socalcos que determina unha morfoloxía característica de muros e cómaros. O material dominante do viario é o rego asfáltico aínda que tamén existen camiños de terra.

O parcelario que estrutura este ámbito rural responde ao modelo tradicional galego do minifundio froito das sucesivas divisións das sucesivas herdanzas. Fórmase nesta parroquia unha organización agraria dos eidos dispostos en bancais e socalcos propia das zonas de litoral configurando unha paisaxe característica. Na parroquia convive tanto un parcelario de monte como o destinado a explotacións agrícolas, destacando a inmensa parcela dos terreos militares onde os que se asentas a baterías militares que representa o 31,89% da superficie da parroquia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

En canto á poboación, a parroquia de San Pedro de Cervás sufriu un notable descenso da poboación entre 1.950 e 1.991 froito da emigración xeral en Galicia. Cabe salientar pola contra o pequeno descenso da poboación entre 1.991 e o 2.012 (fronte a forte regresión de poboación que se da en xeral en Galicia) que reflexa moi ben que é unha parroquia con dinamismo froito da súa proximidade ás cidades de Ferrol e A Coruña e o privilexiado da súa posición con respecto ao mar.

| PARROQUIA DE SAN PEDRO DE CERVÁS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **POBOACIÓN 1950** | **POBOACIÓN 1991** | **POBOACIÓN 2004** | **POBOACIÓN 2012** | **CREC % 1950-1991** | **CREC % 1991-2004** | **CREC % 2004-2012** |
| 1177 | 652 | 618 | 568 | -44,60 | -5,21 | -8,09 |

Con respecto aos núcleos que están na parroquia é importante sinalar que a cabeza de parroquia presenta unha perda de poboación, fronte ao núcleo de Chanteiro que na actualidade ten un maior tirón para a construción de vivendas de primeira e segunda residencia polas características do medio físico sobre o que se asenta, fundamentalmente a proximidade á praia de Chanteiro.

| PARROQUIA DE SAN PEDRO DE CERVÁS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **NÚCLEOS** | **POBOACIÓN 1950** | **POBOACIÓN 1991** | **POBOACIÓN 2004** | **POBOACIÓN 2012** | **CREC % 1950-1991** | **CREC % 1991-2004** | **CREC % 2004-2012** |
| Cervás | 557 | 291 | 241 | 204 | -47,76 | -17,18 | -15,35 |
| Chanteiro | 391 | 240 | 253 | 262 | -38,62 | 5,42 | 3,56 |

Fronte a diminución da poboación o parque de vivendas pola contra segue a medrar na parroquia debido principalmente á creación de vivendas de segunda residencia e á tendencia social de vivir un menor número de habitantes por vivenda.

Con respecto a evolución da vivenda nos núcleos da parroquia de Cervás é importante sinalar que a cabeza de parroquia ten o menor crecemento no número de vivendas. Pola contra, Chanteiro experimentou un maior crecemento no parque de vivenda que responde ao atractivo do medio físico no que se atopa reflectindo o seu potencial turístico ou como lugar de gran tirón para a construción de vivendas de primeira e segunda residencia.

| PARROQUIA DE SAN PEDRO DE CERVÁS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| NÚCLEOS | VIVENDAS 1950 | VIVENDAS 1991 | VIVENDAS 2001 | CREC % 1950-1991 | CREC % 1991-2001 |
| Cervás | 132 | 151 | 157 | 14,39 | 3,97 |
| Chanteiro | 106 | 223 | 201 | 110,38 | -9,87 |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Os equipamentos existentes na parroquia son de carácter local e como tal dan un servizo que se concentra no ámbito social e deportivo. No núcleo de Chanteiro tamén existen varios equipamentos, un local social coa súa respectiva pista polideportiva ao aire libre e unha pequena Ermida que dilúen a importancia de Cervás como núcleo cabeza que da servizo á parroquia.

O patrimonio existente con respecto á arquitectura popular da parroquia é moi escaso dado que as vivendas tradicionais sufriron modificacións que mermaron a súa calidade patrimonial aínda que seguen mantendo os trazos da tipoloxía tradicional de cada núcleo desta parroquia nos que hai diferenzas. En Cervás as vivendas tradicionais caracterízanse polas balconadas corridas que se apoian en canzorros prismáticos e que sobresaen do plano da fachada. Pola contra en Chanteiro as vivendas forman volumes rectangulares compactos sen ningún elemento que sobresaia do plano de fachada.

A actividade económica de San Pedro de Cervás é un reflexo do que pasa no resto do municipio que é un municipio onde a poboación activa dedícase ao sector terciario nos concellos veciños que contan cun sector terciario máis desenvolto aínda que se mantén especialmente na parte do núcleo que é orixinaria, unha agricultura de hortas para autoconsumo. A actividade económica asociada ao turismo ten certa importancia como o indica a presenza do cámping e bares asociados á praia de Chanteiro.

En canto aos servizos salientar que existe o servizo de saneamento en toda a parroquia a través da EDAR de Chanteiro. En relación ao abastecemento de auga, o casco urbano de Redes alíméntase mediante dous depósitos con captación de augas mediante pozos de xestión mancomunada de augas (un de 100 $m^3$ e outro de 6 $m^3$), polos propios veciños de Redes. Dispoñen de manancial que sorte de auga todo o inverno, con tres pozos de apoio para o verán e momentos puntuais para cubrir necesidades. Na actualidade xa se realizaron os traballos necesarios para, no caso de ser necesario, reforzar dito servizo coa auga municipal.

Os recursos turísticos da parroquia teñen moito que ver coa calidade ambiental e paisaxística e co seu patrimonio histórico artístico especialmente relacionado coas baterías militares que existen nel. Nesta parroquia existen dúas rutas unha que explora o Montefaro e outra para ver os núcleos rurais e o val do Rego de Cal.

CONCLUSIÓNS

A parroquia de San Pedro de Cervás caracterízase polo privilexiados da súa situación dende o punto de vista paisaxístico e ambiental o que a fai unha zona de potencialidade turística e como lugar de vivenda para a xente que traballa na área metropolitana de Ferrol e mesmo da Coruña. O crecemento dos seus núcleos reflicta moi ben esta realidade e responden as demandas que teñen e como os roles foron cambiando segundo foi mudando a sociedade e as

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

súas necesidades. É por isto que a importancia e peso de Cervás, o núcleo cabeza de parroquia, mermou nestes últimos anos fronte a Chanteiro dadas a potencialidades do medio físico sobre o que se apoia especialmente pola existencia da praia.

É unha parroquia que debe ter un crecemento sostido que responda as necesidades reais de expansión sen prexudicar en ningún momento as características do seu medio e así converterse nun lugar de repouso alonxado do movemento da cidade.

Deberíase explotar e potenciar os condicionantes culturais turísticos existentes relacionados coas baterías costeiras e co Mosteiro de Santa Catalina pois son edificios que ofrecen moitas posibilidades de rehabilitación e de ser capaces de revitalizar a zona cunha función mais aló de lugar de residencia.

## 3.4. MOBILIDADE

Para a análise das estradas existentes no termo municipal, convén distinguilas en función da titularidade, anchos, estado do firme, cantidade de fluxo de tráfico, e a influencia que tiveron e teñen na estruturación do Concello, axudando ao desenvolvemento das distintas entidades de poboación ademais de unir a rede de núcleos existente.

### Vías para automóbiles

As única vía para automóbiles que pasa polo Concello de Ares, de titularidade autonómica é:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | TITULARIDADE |
|---|---|---|
| VG-1.2 | Vilar do Colo (A-9) - Mugardos | Xunta de Galicia |

A VG-1.2 percorre un pequeno tramo do concello, ao norte do Barracido, e unha vía rápida que une Reganosa en Mugardos coa AP-9 e mellorou considerablemente a comunicación de Ares coas cidades de Ferrol e A Coruña.

### Estradas convencionais

Neste segundo nivel sitúanse as estradas de titularidade provincial ou autonómicas de menor entidade que discorren por Ares. Son vías que presentan un ancho medio de 5 metros, están pavimentadas con mestura bituminosa, en xeral, encóntranse en bo estado de conservación e teñen sinalización horizontal e vertical. Distribúense polo ámbito municipal, tecendo unha rede

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

que interrelaciona aos principais núcleos de poboación entre si e comunican o Concello de Ares cos Concellos limítrofes.

| Código | Denominación | Titularidade |
|---|---|---|
| AC-122* | Cabanas (N-651)-A Gallada (AC-133) | Xunta de Galicia |
| AC-123 | Franza (AC-133) - Ares | Xunta de Galicia |
| AC-124 | Limodre (AC-122) - Redes | Xunta de Galicia |
| AC-130 | Mugardos (AC-133) - Ares | Xunta de Galicia |
| AC-133 | Fene (N-651) - Mugardos | Xunta de Galicia |
| DP 0401 | Ares a Redes | Deputación |
| DP 0402 | Ares a Chanteiro | Deputación |
| DP 0403 | Cervás ao Baño | Deputación |

* A estrada AC-122 toca Ares xusto no seu límite con Mugardos na zona do Núcleo Rural de Pedrós segundo o límite municipal marcado polo Concello de Ares.

A AC-123 tamén serve para conectar ao Concello de Ares co de Mugardos, ao relacionar a parte este do núcleo urbano de Ares coa AC-133 ao seu paso polo núcleo de Franza ubicado en Mugardos. Esta estrada ten unha importancia moito maior, xa que por ela se accede á vía rápida de Mugardos (VRG-1.2), que conecta este Concello coa AP-9 e que posibilita unha excelente comunicación de Ares coas cidades de Ferrol e A Coruña.

A AC-124 é a estrada que comunica a Ares co seu ámbito territorial e a que permite as relacións coas cidades da Coruña e Ferrrol. Inicia o seu percorrido en Limodre (Concello de Fene), na AC-122, e remata en Redes cando se atopa coa DP-0401.

A AC-130 tamén é unha estrada secundaria que comunica os centros urbanos dos Concellos de Ares e de Mugardos. Partindo da AC-133, nas proximidades de Mugardos, chega a Ares pola parte oeste do núcleo.

A AC-133 pasa tanxencialmente polo núcleo de Pedrós do Concello de Ares no seu límite co de Mugardos.

A DP-0401 é unha vía con sinalización horizontal e vertical, ten un ancho medio de 5,5 m, está pavimentadas con mestura bituminosa e comunica aos núcleos urbanos do Concello de Ares, Redes e Ares. Discorre de oeste a este do concello en parte do núcleo urbano de Ares ata atoparse coa AC-124, no núcleo, tamén urbano, de Redes.

A DP-0402 conecta a zona urbana de Ares con todos os núcleos que se atopan ao oeste do concello.

Por último, a DP-0403 é outra estrada da rede secundaria situada no oeste do concello, que comunica esta parte de Ares e aos seus núcleos que están situados nesta zona co Concello de Mugardos.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

### Rede municipal

A Rede Viaria Terciaria está constituída polo resto das vías que son de titularidade municipal. Son as vías que dan servizo ao resto do Concello. En xeral teñen anchos inferiores ás estradas anteriores e os materiais son rego asfáltico, zahorra ou terra.Constitúen a escala máis sinxela do viario formando unha estrutura con múltiples accesos capilares.

### Transporte colectivo

A concesionaria autobuses Arriva é a responsable do servizo de transporte colectivo entre o concello de Ares e os de Cabanas, Fene, Ferrol, Mugardos e Pontedeume. As paradas de autobuses distribúense polos núcleos de Ares, Chanteiro, Seselle e Redes. A frecuencia de autobuses con Mugardos, Fene e Ferrol é de media hora, mentres a frecuencia con Pontedeume é moi inferior xa que só existen dúas liñas.

## 3.5. VIVENDA

A evolución da vivenda no século XX, reflíctese na seguinte táboa:

| | PRINCIPAIS | SECUNDARIAS | TOTAL | POBOACIÓN | HABITANTES/VIVENDA PRINCIPAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 1950 | - | - | 1.133 | 4.755 | 4,20 |
| 1991 | 1.366 | 1.072 | 2.438 | 4.447 | 3,26 |
| 2001 | 1.756 | 1.207 | 2.963 | 4.918 | 2,80 |

*FONTE: IGE: Instituto Galego de Estatística*







DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Pode observarse como o parque de vivendas en cincuenta anos pasou a ser mais do dobre e nos últimos dez o crecemento de vivendas e importante.

Destacar tamén a importancia das vivendas secundarias neste concello que representan máis do 40% do parque total de vivendas. Este dato xunto ao número de poboación estival (uns 15.000 habitantes segundo fontes municipais) reflexa o carácter turístico que ten Ares e que polo tanto debe de terse en conta á hora de plantexar o seu futuro crecemento.

Se analizamos os datos do crecemento de vivendas dos últimos anos obtemos:

| | VIVENDAS NOVA PLANTA EN NÚCLEO URBANO | VIVENDAS NOVA PLANTA EN NÚCLEO RURAL | TOTAL VIVENDAS NOVA PLANTA |
|---|---|---|---|
| 1.999 | 30 | 11 | 41 |
| 2.000 | 36 | 27 | 63 |
| 2.001 | 111 | 11 | 122 |
| 2.002 | 191 | 14 | 205 |
| 2.003 | 131 | 11 | 142 |
| 2.004 | 266 | 13 | 279 |
| 2.005 | 403 | 13 | 416 |
| TOTAL | 1.168 | 100 | 1.268 |

*FONTE : Concello de Ares*

Analizando estes datos vemos que o Concello de Ares experimentou un crecemento moi grande no seu parque de vivendas nos últimos sete anos e que este crecemento foi progresivo alcanzando o seu cumio no ano 2.005. Tan só unha pequena parte das novas vivendas corresponden a rehabilitacións.

| | VIVENDAS REHABILITACIÓN EN NÚCLEO URBANO | VIVENDAS REHABILITACIÓN EN NÚCLEO RURAL | TOTAL VIVENDAS REHABILITACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1.999 | 0 | 0 | 0 |
| 2.000 | 0 | 0 | 0 |
| 2.001 | 0 | 1 | 1 |
| 2.002 | 2 | 1 | 3 |
| 2.003 | 0 | 0 | 0 |
| 2.004 | 1 | 0 | 2 |
| 2.005 | 0 | 1 | 1 |
| TOTAL | 3 | 4 | 7 |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA




*FONTE : Concello de Ares*

Se observamos agora os metros cadrados construídos e o dato de novas vivendas que se constrúen neses edificios, obtemos os seguintes datos:

| | SUPERFICIE DE NOVA PLANTA ($m^2$) | RESIDENCIAL ($m^2$) | NON RESIDENCIAL ($m^2$) | VIVENDAS DE NOVA PLANTA |
|---|---|---|---|---|
| 2000 | 13.086 | 13.069 | 17 | 83 |
| 2001 | 13.934 | 13.945 | 0 | 80 |
| 2002 | 5.106 | 5.106 | 0 | 26 |
| 2003 | 18.889 | 18.889 | 0 | 113 |
| 2004 | 41.630 | 41.630 | 0 | 285 |
| 2005 | 36.434 | 36.292 | 142 | 284 |
| 2006 | 98.375 | 98.375 | 0 | 728 |
| 2007 | 47.284 | 45.812 | 1472 | 349 |
| 2008 | 4.739 | 4.739 | 0 | 43 |
| TOTAL | 279.477 | 277.857 | 1631 | 1991 |

Na táboa anterior vemos como a superficie residencial de nova planta seguiu un patrón moi desigual nos últimos dez anos. Durante o periodo 2004-2007 producíronse grandes incrementos coincidindo co apoxeo da construcción.

Subliñar que é practicamente nulo ou moi escasa a construción de edificios non residenciais, o que define con claridade a vocación que ten Ares como concello para o establecemento da vivenda tanto de primeira como de segunda residencia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020




*FONTE: IGE: Instituto Galego de Estatística,Elaboración propia*

## 3.6. VECTORES AMBIENTAIS

### 3.6.1. ENERXÍA

A empresa que subministra a enerxía eléctrica ao concello é Fenosa e no termo municipal aparecen unha serie de liñas eléctricas de media tensión que serven a toda a poboación. A rede deriva dunha liña principal que pasa polo concello de Mugardos e dende onde se distribúe este servizo ás redes que chegan ao concello de Ares.




Acerca da iluminación pública no concello de Ares, comentar que tódolos núcleos contan con iluminación contando o concello con 1.206 puntos de luz.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

### 3.6.2. AUGA

#### Abastecemento de auga

Para os datos de abastecemento de auga tomáronse como fontes de información a EIEL (Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais Fase IV) e información facilitada polo concello.

Salientar que só teñen este servizo público os núcleos urbanos e a zona da praia de Raso mentres que o resto do concello está abastecido por traídas de auga veciñais que soen realizar as captacións en mananciais próximos.

A rede do núcleo urbano de Ares aprovisiónase dunha tubaria de Mugardos que leva á auga aos depósitos ubicados na zona de O Castro e a partir de aí distribúese por todo o núcleo. Pola contra en Redes faise a captación nun manancial localizado ao norte do mesmo e distribúese dende os depósitos localizados nas proximidades.

#### Saneamento

Ao igual que se fixo co abastecemento de auga, as fontes empregadas para obter os datos deste servizo foron a EIEL e o Concello.

Salientar que case todos os núcleos rurais e todos os núcleos urbanos contan con este servizo. O saneamento divídese en dúas partes diferenciadas, unha que inclúe aos núcleos localizados ao oeste do núcleo urbano de Ares e a parte máis densa do mesmo que ten o seu emisario na parte sur do núcleo urbano de Ares.

A outra parte do saneamento do concello comprende a zona de O Castro do núcleo urbano de Ares, e toda a parte do mesmo. Esta zona conta con tres emisarios, dous a diferentes alturas da praia de O Raso coas súas respectivas depuradoras e un terceiro no núcleo urbano de redes.

### 3.6.3. RESIDUOS

O servizo de recollida de lixo ten unha xestión municipal, tras ser recollida vai a unha planta de pretratamento situada en Narón e de aí vai a planta de Sogama (Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.).

A periodicidade da recollida é diaria na parroquia de Ares mentres que en Caamouco se recolle o lixo días alternos da semana (martes, xoves e sábado), na parroquia de Cervás recollese

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

tamén días alternos (luns, mércores e venres). Ademais unha vez ao mes recóllense todo tipo de útiles.

Segundo a última EIEL tamén se fai unha recollida selectiva de plástico, papel e vidro nos núcleos urbanos de Ares e Redes e os núcleos rurais de Chanteiro e Cervás. No resto de núcleos faise unha recollida selectiva de plástico.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## 3.7. MODELO PERCEPTUAL: A PAISAXE

A paisaxe supón para Galicia o estandarte da súa riqueza territorial. De forma global, o estudo desta variable pode abordarse desde dúas aproximacións: a paisaxe total e a paisaxe visual. A paisaxe total supón unha visión integral e sintética do territorio, das súas compoñentes e as súas relacións estruturais e funcionais. A súa valoración enténdese entón como a análise do funcionamento dos sistemas territoriais, en definitiva, dos fenómenos naturais e antrópicos.

A primeira finalidade do estudo da paisaxe é a busca daquelas zonas ou cuncas visuais de interese paisaxístico; en definitiva, a busca de áreas de interese paisaxístico.

Para valorar a dimensión estética da paisaxe optouse polo estudo da súa **calidade visual e a súa fraxilidade visual**. Da combinación de ambas variables resultan áreas cunha elevada calidade visual que son observables desde algún punto ou elemento de fácil acceso.

O concello de Ares parte cunha calidade paisaxística media baixa, posto que a pesar de posuír unha aceptable diversidade de coberturas, estas teñen unha calidade media, dado a abondosa presenza de eucaliptos e piñeiros, así como a unha sucesión de edificacións que salpican todo o territorio de xeito indiscriminado conseguindo restarlle valor estético ao orixinal.

Por outra banda, as coberturas de maior calidade, tales como o mato e o rochedo costeiro, así como as especies arbóreas autóctonas, posúen unha fraxilidade baixa, ou o que é o mesmo, a súa visualización é dificultosa posto que non se atopan moitos puntos de interese desde onde se poidan enxergar as paisaxes que conforman estas cubertas.

A pesares de que o termo municipal conta cunha topografía de suave modelado, coa proximidade do mar e unha reducida extensión, o mar, un dos elementos máis valorados esteticamente, conséguese ver dende moi poucos puntos.

Finalmente tense identificado como áreas de interese paisaxístico e panorámicas:

***Áreas de Interese Paisaxístico***

1.Enseada de Chanteiro

**Áreas de Interese Paisaxístico e Panorámicas**

2.Outeiro de Barracido

***Panorámicas***

3.Panorámica desde as proximidades do Montefaro

4.Panorámica desde as inmediacións de Punta Ségano

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## 1. ÁREA DE INTERESE PAISAXÍSTICO:ENSEADA DE CHANTEIRO

Trátase dunha fermosa vista da enseada de Chanteiro, un entrante do mar terras a dentro, abrigado por dous cabos, Punta Ségano e Punta Coitelada, protagonistas da forma tan significativa do concello no sector oeste.

As diferentes cubertas que recobren as ladeiras, que verten a esta enseada, propícianlle diferentes matices cromáticos de maior énfase nos cambios de estación. Na ladeira esquerda dominan as frondosas, e dentro delas destacan os castiñeiros que case chegan ata a praia. Na oposta a esta, enxérganse edificacións que se mesturan cos eucaliptos e cos piñeiros para dar paso a unha extensa mancha de matogueiras salpicadas por afloramentos rochosos.

A liña de costa áchase configurada por unha sucesión de rochas graníticas modeladas polo vaivén da auga mariña. Nun primeiro plano, fórmase o areal de Chanteiro composto por areas brancas e moi finas, onde desemboca un pequeno rego chamado Pomoulo que deixa a súa marca formando un pequeno suco na area.

### Puntos de observación:

Desde o pequeno aparcadoiro que dá paso á praia de Chanteiro estando este máis elevado co areal.







DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## 2. ÁREA DE INTERESE PAISAXÍSTICO, CON PANORÁMICA, DESDE O OUTEIRO DE BARRACIDO

Esta cunca ademais de configurar unha Área de Interese Paisaxístico goza de certa amplitude visual a pesares de non posuír compactidade pola interposición de obstáculos topográficos. A panorámica pérdese en terras de Fene.

Componse dunha sucesión de lombas redondeadas e suaves onde se asentan diferentes núcleos, podéndose enxergar a igrexa e o camposanto de San Vicente de Caamouco coroando unha delas. Nas ladeiras destas lombas desenvólvense unha harmónica asociación entre pasteiros e cultivos sitos nas proximidades dos núcleos, dando paso ás formacións arbóreas que ocupan os pequenos sucos do terreo, onde se almacena a humidade, así como as zonas de ruptura entre os solos con aptitude agrolóxica e os non produtivos.

Pódense ver abondosas árbores frondosas, reinando o castiñeiro como exemplar máis dominante e de maior colorido, tanto pola súa follaxe como polo seu rico froito.

### Puntos de observación:

Desde a estrada local que sae do núcleo de Outeiro de Barracido, e une a este co de Ixobre.







DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## 3. PANORÁMICA DESDE AS PROXIMIDADES DO MONTEFARO

Trátase dunha espectacular panorámica que abrangue a ría de Ferrol, capitaneada polos castelos de San Felipe e La Palma a ambas marxes da mesma; a urbe da cidade herculina; as siluetas dos entrantes e saíntes dunha gran parte do Golfo Ártabro; a enseada de Chanteiro; e como non podía ser doutra maneira, pódese albiscar un horizonte que se perde no Océano.

Trátase dunha cunca visual de gran compactidade e amplitude visual, de gran calidade aínda que a obra do porto exterior de Ferrol contaminan considerablemente a calidade e o interese da cunca.









DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

## 4. PANORÁMICA DESDE AS INMEDIACIÓNS DE PUNTA SEGAÑO

Vistas da costa onde a vexetación, propia do litoral, formada por mantos de mato raso asociados a formacións arbóreas combinan harmonicamente coas espectaculares formas que a acción do mar moldea sobre o continente.

Así pois, trátase dunha costa escarpada con algúns entrantes e saíntes onde se cobizan pequenos areais. Sen embargo, de maior espectacularidade son os numerosos anacos de terra que se meten no mar os cales interrompen a homoxeneidade da lámina de auga mariña. A súa calidade visual increméntase coa amplitude visual do horizonte tanto do mar como da costa.





DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## 3.8. RISCOS

Existe a necesidade de incluír no ISA o mapa de riscos do municipio, posto que o Plan Xeral de Ordenación Municipal constitúese como a ferramenta base e primordial na prevención dos diferentes riscos a través dunha correcta zonificación e ordenación do territorio.

A relación e conexión entre planeamento urbanístico e riscos, axuda e permite acadar un equilibrio axeitado entre o territorio (e as súas dinámicas; afeccións que poida sufrir na actualidade ou no futuro, e por causas previstas ou incontroladas), cas actividades humanas planificadas na ordenación do territorio.

Ter en conta dita relación, ademais de evitar danos e aportar seguridade cidadá, económica e funcional, contribúe á sostibilidade do Plan e a súa vixencia no tempo.

Xenericamente en Galicia pódense definir dous tipos principais de riscos:

A) **Naturais**; debidos a factores xeográficos e climáticos. En ocasións son riscos presaxiables en función da situación atmosférica e xeográfica da zona, e adoitan manterse nun nivel constante ó longo do tempo. Trátase de riscos por:
   a. Nevarada
   b. Xeada
   c. Inundacións
   d. Temporais (ventos, furacáns, tornados, tsumanis, chuvas, etc.)
   e. Sismos
   f. Erosión (derrubamentos, avalanchas, corrementos, perda de solo natural)
   g. Seca

B) **Inducidos polo ser humano**; debido ó desenvolvemento de actividades humanas. Trátase de:

   a. Riscos tecnolóxicos; débense á existencia de actividades de carácter tecnolóxico e de estruturas fixas ou móbiles, deseñadas e construídas polo home. Non se poden definir a priori en qué momento se van a producir, de aí que o factor de prevención sexa moi importante, podéndose reducir o risco de modo drástico.
   b. Incendios forestais; necesitan de planificación especial e ou igual que os anteriores a prevención é fundamental.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

c. Outros riscos; débense a actividades humanas ou a aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados (tráfico, zonas de baño, deportes de risco, romarías, asociados ós riscos domésticos, asociados ó terrorismo, etc.).

No concello de Ares os riscos máis salientables e que determinarán ou condicionarán a ordenación do territorio no termo municipal, son: o de inundación, os incendios forestais e outros riscos, nos que é relevante a contaminación derivada dos diferentes usos e actividades humanas.

RISCO DE INUNDACIÓNS

No documento para consulta pública de Avaliación Preliminar do Risco de Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, no concello se identifica Área de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) o fronte costeiro do núcleo urbano de Ares.

No seguinte mapa do MARM detellase un pouco máis a zona de afección.




Ademais na memoria xustificativa establece os ámbitos de inundación dos cursos fluviais que sucan o concello.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## RISCO DE EROSIÓN POTENCIAL

Respecto á erosión potencial, no concello de Ares existe un risco dende moderado a moi alto.

As zonas de maior risco correspóndense cas de substrato de mantos detríticos con inclusión de leitos de ríos recentes, localízanse ao norte do casco urbano de Ares.




Fonte: Sistema de Información do Banco de Datos da Naturaleza (BDN) do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. http://sig.magrama.es/bdn/

## INCENDIOS FORESTAIS

Segundo o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA), o concello de Ares pertence ó distrito forestal I, identificado como zona de moderado risco de incendios forestais (ZAR). É a ampla superficie forestal, parte cuberta por especies pirófitas (como o eucalipto ou o toxo) e á falla de coidados nos montes entre outros, ademais das condicións latitudinais e climáticas, o que fai que un dos potenciais riscos sexan os incendios forestais.

A época de máximo risco ou perigo esténdese dende xuño ate setembro, a de perigo medio coincide cos meses de marzo, abril, maio, xuño e outubro, mentres que a de baixo risco correspóndese cos de xaneiro, febreiro, novembro e decembro.

Na páxina da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, publícase diariamente un mapa co Índice de Risco Diario de Incendio Forestal (IRDI), o cal, establécese a partir de

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

factores como a situación meteorolóxica, o estado da biomasa vexetal, o estado das infraestruturas preventivas das masas arbóreas e o estado do solo.

As zonas de maior risco pola acción do lume concéntranse.  como se pode ver no mapa de riscos, nas zonas de plantación forestais de especies pirófilas (eucalipto e piñeiro).

**Índice de risco diario de incendio forestal**

O índice de risco diario de incendio forestal establece, para cada unha das épocas de perigo, o risco diario de ocorrencia de incendio forestal, cuxos niveis son baixo (1), moderado (2), alto (3), moi alto (4) e extremo (5).

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020




*Actualizado o mércores, 14 de marzo de 2012 ás 08:41*

Fonte: [http://www.medioruralemar.xunta.es/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/](http://www.medioruralemar.xunta.es/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/)

<u>OUTROS RISCOS</u>

A contaminación no concello polo desenvolvemento das actividades humanas é outro dos riscos salientables, que aínda parecer menos perigosos ou daniños e ser menos visibles, os seus efectos poden causar grandes repercusións e perdurar no espazo máis tempo.

A situación actual dos usos que xeran outputs contaminados é a seguinte:

- Usos Industriais: Prodúcense episodios de contaminación nas inmediacións da súa localización: aceites, augas sucias para o lavado das máquinas, graxas, etc. A maior parte das actividades industriais áchanse espalladas polo concello e responden a pequenos talleres. A presenza destes usos é mínima.

- Usos Urbanos: Os núcleos de Ares e Redes poden presentar riscos derivados dunha maior densidade de ocupación.

- Mobilidade: A especial exposición da poboación á estrada AC-122 e á liña de ferro de Betanzos e Ferrol está contemplada no Plan especial de protección civil fronte a aemerxencias por accidentes no transporte de mercadorías peritodsas por estrada e ferrocarril de Galicia.

A modo de conclusión os riscos máis significativos están reflexados no mapa de riscos.

VALORACIÓN DOS RISCOS

Para valorar estes riscos incorporaremos factores de vulnerabilidade e perigosidade.

Vulnerabilidade: cuantificase en función do tamaño da poboación, e do número e tipo de elementos do medio natural ou infraestruturas que puideran verse afectadas no caso de producirse un evento de índole extremos.

Perigosidade, é unha medida de probabilidade e está relacionada coa ocorrencia real e constatable do evento perxudicial ou catastrófico nos últimos anos.

A maior parte dos riscos segundo estes criterios é baixa excepto o **risco de inundación que é elevado**, froito da considerable frecuencia e da afección de gran parte do principal núcleo de poboación do concello.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## 3.9. MARCO LEGAL-INSTITUCIONAL

A última Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia establece as determinacións a seguir para a elaboración dos Plans Xerais de Ordenación Municipal.

O contido dos plans xerais de ordenación municipal deberá ser congruente cos fins que no mesmo se definan e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.

Ademais desta lexislación substantiva co fin de amosar a meirande parte da lexislación aplicable ao Plan de Ordenación Municipal, a continuación preséntase un listado que pretende ser exhaustivo, sendo:

***ORDENACIÓN URBANÍSTICA E TERRITORIAL***

*Estatal*

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da edificación.

*Autonómica*

- Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia.
- Decreto 143/2016 do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia.
- Lei 12/2001, de 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria de Galicia .
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.
- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para Galicia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

## *AVALIACIÓN E* ***PREVENCIÓN AMBIENTAL***

*Estatal*

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental

*Autonómica*

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia
- Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental

## ***PAISAXE***

*Estatal e internacional*

- Convenio Europeo da Paisaxe (CEP). Florencia, 20/10/2000.
- Ratificación do CEP por parte do Estado español, do 26 de novembro de 2007 Entrada en vigor o 1 de marzo do 2008.

*Autonómica*

- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.

## ***CONSERVACIÓN DA NATUREZA***

*Estatal*

- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e da biodiversidade.
- Real Decreto 1015/2013, do 20 de decembro, polo que se modifican os anexos I, II e V da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e da biodiversidade
- Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestre

*Autonómica*

- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Decreto 127/2008, do 24 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico das zonas húmidas protexidas e se crea o Inventario de zonas húmidas de Galicia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.
- Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.
- Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

## *PATRIMONIO CULTURAL*

*Estatal*

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español.
- Real Decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985.
- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os "hórreos" ou "cabazos" antigos existentes en Galicia e Asturias.
- Decreto 798/1971, de 3 de abril, polo que se dispón que nas obras e nos monumentos e conxuntos histórico - artísticos se empreguen no posible materiais e técnicas tradicionais.
- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.

*Autonómica*

- Lei 5/2016 do 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Decreto 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.
- Decreto 247/2012, do 22 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, no concello de Santiago de Compostela.
- Decreto 225/2010, do 30 de decembro, polo que se modifica o Decreto 46/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e o funcionamento do Comité Asesor do Camiño de Santiago.
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 209/2002, de 13 xuño polo que se modifica o Decreto 45/2001, de 1 febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago.
- Decreto 199/1997, de 10 xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica de Galicia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

- Decreto 430/1991, de 30 decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de Ben de Interese Cultural e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.
- Normas complementarias e subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Resolución do 14 de maio de 1991 pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras públicas.

## *AUGAS*

### *Estatal*

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de asolagamento.
- Real Decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.
- Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.
- Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das Concas Mediterráneas Andaluzas, do Guadalete e Barbate e do Tinto, Odiel e Pedras.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de xestión do risco de inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

### *Autonómica*

- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, de protección, conservación e mellora dos ríos galegos.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.
- Resolución do 5 de setembro de 2013 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de agosto de 2013 polo que se aproba o Plan de seca da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## *RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS*

### *Estatal*

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.
- Real Decreto 180/2015, de 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

### *Autonómica*

- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan os contidos dos estudos de minimización da produción de residuos que deben presentar os produtores de residuos de Galicia.
- Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados.

## *ATMOSFERA, RUIDO E CAMBIO CLIMÁTICO*

### *Estatal*

- Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.
- Real Decreto 1513/2005 do 16 de decembro polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

### *Autonómica*

- Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia
- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## *MOBILIDADE (ESTRADAS, FERROCARRIL, AEROPORTO)*

*Estatal*

- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas .
- Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas.
- Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario.
- Real Decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Sector Ferroviario.
- Orde FOM/926/2005, de 21 de marzo, pola que se regula a revisión das pegadas de ruído dos aeroportos de interese xeral.
- Real Decreto 1541/2003, de 5 decembro, polo que se modifica o Decreto 584/72, de 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, e o Decreto 1844/75, de 10 de xullo, de servidumes aeronáuticas en heliportos, para regular excepcións aos límites establecidos polas superficies limitadoras de obstáculos ao redor de aeroportos e heliportos.

*Autonómica*

- Lei 8/2013 de Estradas de Galicia.
- Decreto 308/2003, do 26 de xuño, de relación de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

## *ACCESIBILIDADE*

*Estatal*

- Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social
- Real Decreto 505/2007, de condiciones básicas de accesibilidade en espazos públicos urbanizados e edificacións.
- Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo RD 314/2006, de 17 de marzo, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.
- Orde VIV/561/2010 do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

*Autonómica*

- Lei 10/2014 de 3 de decembro de accesibilidade.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
- Decreto 74/2013, do 18 de abril, polo que se modifica o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, para a súa adaptación á Directiva 95/16/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño, sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas a ascensores.

### *HABITABILIDADE, EDIFICACIÓN E VIVENDA*

*Estatal*

- Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

*Autonómica*

- Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia (NHV-2010).
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e danse directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

### *OUTRAS*

- Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



## 3.10. PLANIFICACIÓN EN INTERACCIÓN

De seguido enuméranse os **plans e proxectos de incidencia supramunicipal** que afectan ao planeamento do termo municipal de Ares:

### - *DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT)*

*EIDO AUTONÓMICO*

As orientacións estratéxicas que marcan o modelo territorial de Galicia céntranse en aspectos como favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa, fortalecer os núcleos tradicionais, valorizar o territorio, mellorar a accesibilidade e mobilidade, protexer o patrimonio natural e cultural, incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental e afianzar o protagonismo exterior de Galicia.

Máis concretamente, as Directrices de Ordenación do Territorio achegan criterios e normas para os plans urbanísticos municipais de forma que sexan coherentes cos obxectivos xerais que se expoñen para o conxunto de Galicia e co papel que cada ámbito debe desenvolver nesta estratexia común. Deste xeito, coa elaboración do PXOM de Ares concretarase o papel que desenvolverá este municipio na estratexia definida para o conxunto de Galicia.

A coherencia do PXOM de Ares coas Directrices demostrarase a través da aplicación da ferramenta para o control da planificación en cascada establecida nas propias DOT e que recibe o nome de Análise da Compatibilidade Estratéxica neste documento.




DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

As DOT constitúen o instrumento que ofrece a visión global da ordenación territorial de Galicia e serven como referencia para o resto das figuras de planificación e para as actuacións que desenvolvan tanto as Administracións coma os particulares. As determinacións que se establecen neste instrumento global de ordenación territorial son de dous tipos:

a. **Excluíntes,** de calquera outro criterio, localización, uso ou deseño territorial ou urbanístico.

b. **Orientativas,** e debe a Administración competente concretar a proposta das DOT.

O concello de Ares queda integrado no sistema de grandes cidades na Rexión urbana de A Coruña - Ferrol (Artabra). Na memoria xustificativa destácanse aquelas determinacións excluíntes e orientativas que consideramos de maior incidencia sobre o territorio e plan xeral do concello de Ares neste momento de tramitación.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- ***PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL (POL)***

  *EIDO AUTONÓMICO*

O POL é un instrumento para a constitución dun marco normativo estable que protexa de forma efectiva o lital de Galicia, fomentando unha xestión dinámica e sostible do territorio e recoñecendo os elementos singulares e identitarios da costa.

No titulo preliminar da normativa do POL cumpre destacar os seguintes aspectos:

Normativa: As súas determinacións serán de aplicación sobre o territorio expresado nas series cartográficas do POL

No que respecta aos elementos e definicións do modelo territorial do POL:

## 1. AREAS CONTINUAS

**<u>PROTECCIÓN AMBIENTAL</u>**

*PROTECCIÓN INTERMAREAL*

As zonas do territorio de Ares que se localizan nesta área correspóndense coas zonas litorais dos areais das Mirandas, Ribada, As Estacas de Centeás, Ensenada de Ares. Da Campa, Raso, Sabadelle, Redes e Chanteiro.

*PROTECCIÓN COSTEIRA*

En Ares estas áreas se localizan nas zonas costeiras inmediatas ás anteriores e no resto do cordón litoral. Tamén comprende os humedais da Xunqueira.

**MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA**

Os terreos incorporados nesta área ocupan gran parte do concello. Este ámbito ocupa dende as anteriores delimitacións ata a estrada AC-130 e a avenida de Redes, e o núcleo urbano de Redes.

**ORDENACIÓN LITORAL**

Comprende o nordeste do concello compredido polo núcleo de Ares e as estradas AC-130 e a avenida de Ares

**2. AREAS DESCONTINUAS**

*CORREDORES*

O POL delimita áreas de corredor neste municipio o longo do curso fluviais máis importantes.

*ESPAZOS DE INTERESE*

No municipio de Ares, o POL recoñece as zonas elevadas como espazos de interese, como o Alto de Simou.

*REDE DE ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA*

No concello de Ares temos o ZPVN e Zona de Especial Conservación Costa Ártabra.

- ***PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS 2010-2020***

*EIDO AUTONÓMICO*

A planificación en materia de residuos persegue os obxectivos de prevención e reciclaxe, deseño axeitado das instalacións de tratamento así como a organización da xestión territorial para dar unha resposta eficaz á produción de residuos.

Recoñécese que non existe unha fórmula única e preferible de xestión de residuos, senón que cada territorio definirá o modelo de xestión que mellor se adapte a súas características e ós



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

tratamentos de recuperación que se establecesen. No momento de reflexionar sobre o modelo de xestión de residuos débense considerar aspectos como o modelo de separación de residuos, o sistema de recollida e as tecnoloxías de tratamento e valorización.

Aínda que se debe preservar a independencia municipal no momento de escoller entre un modelo de xestión e outro, co fin de dar cumprimento aos obxectivos establecidos o Plan de xestión inclúe estratexias para potenciar e promover determinados modelos en certos territorios en función das súas características urbanísticas, territoriais e socioeconómicas. No Plan realizouse unha división segundo poboación e tipoloxía urbanística para definir os modelos de recollida máis axeitados.

Deste modo dada a situación de complexidade, complementariedade e subsidiariedade entre o ámbito municipal de recollida e o supramunicipal de tratamento, os entes locais deben adoptar os medios, medidas e servizos que permitan que os modelos de segregación e os sistemas de recollida se adecúen ós criterios de loxística e tratamento que estableza o Plan.

- ***PLAN HIDROLÓXICO GALICIA –COSTA***

*EIDO AUTONÓMICO*

Para a mellor avaliación e xestión das augas na Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa delimitáronse 464 masas de auga superficial e 18 masas de auga subterránea, á vez que se dividiu a Demarcación en 19 sistemas de explotación.

Cada un deles está constituído por masas ou grupos de masas de auga, obras e instalacións de infraestrutura hidráulica, normas de utilización de auga derivadas das características das demandas e regras de explotación que, aproveitando os recursos hídricos naturais, e de acordo coa súa calidade permiten establecer o subministro de auga que configura a oferta de recursos dispoñibles do sistema de explotación, cumprindo os obxectivos ambientais.

Un dos elementos clave da planificación é o coñecemento dos recursos hídricos naturais para valorar en que grao se van poder satisfacer as distintas demandas existentes ó tempo que se respectan as restricións ambientais.

- ***PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS E SOLOS CONTAMINADOS DE GALICIA***

Non se atopan indicios de solos contaminados no concello.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

# 3.11. ELEMENTOS ESTRATÉXICOS PARA ARES

Unha vez feita a análise obxectiva da contorna de Ares identificamos certos elementos que por su carácter estratéxico xogarán un papel destacado no futuro do Concello. No eido das actividades económicas destacan o turismo, dende a perspectiva do ámbito do planeamento urbanístico destacan a vivenda e os equipamentos e servizos básicos e dende un punto de vista territorial temos os elementos de interese natural e cultural.

## PAISAXE, PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

O Municipio de Ares é consciente da importancia da paisaxe como recurso de interese ecolóxico, cultural, económico e social así como da importancia que o patrimonio natural e cultural ten na súa configuración. Ser conscientes dos elementos de interese paisaxístico, natural e cultural presentes no Concello facilitará a súa posta en valor e protección.

A costa de Ares presenta unha gran diversidade de formas litorais, desde grandes areais, pequenos sistemas dunares, cantís, furnas, enseadas, humedais e mesmo illotes como as illas Miranda.

No que respecta ao patrimonio cultural, destacan os tres núcleos do concello que foron clasificados tanto polas DOT como no POL como de identidade litoral (Ares, Seselle e Redes) así como a gran cantidade de vivendas de indianos dispersas polo municipio.

## TURISMO

O turismo é un dos sectores máis importantes da economía de Ares, sendo unha actividade cun crecemento destacado nos últimos anos. Neste senso faise necesario compatibilizar o impulso desta actividade coa protección dos valores naturais e patrimoniais que fan de Ares un concello atractivo para ser visitado.

O principal recurso turístico é o litoral e especialmente son importantes as súas numerosas praias, entre as que destacan, a enseada do chanteiro, centeás, raso ou sabadelle.

## EQUIPAMENTOS E SERVIZOS BÁSICOS

Os equipamentos e servizos básicos determinan o benestar e a cohesión social. A accesibilidade da poboación aos mesmos supón un factor de competitividade territorial que os converte en elementos de dinamización da actividade socioeconómica.

A prestación de servizos debe dar resposta as características propias do municipio, facendo os esforzos necesarios para garantir a igualdade no acceso a servizos básicos e equipamentos tanto das zonas máis urbanas como ás máis rurais e menos accesibles.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

# 4. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS

Segundo a ***Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*** son fins propios da actividade urbanística, en desenvolvemento dos principios reitores enunciados nos artigos 45,46 e 47 da Constitución, os seguintes:

a. Asegurar que o solo se utiliza en congruencia coa utilidade pública e a función social da propiedade, garantindo o cumprimento das obrigas e cargas legalmente establecidas.

b. Impedir a desigual atribución dos beneficios e cargas do planeamento entre os propietarios afectados e impoñer a xusta distribución dos mesmos.

c. Asegurar a participación da Comunidade nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos.

d. Preservar o medio físico, os valores tradicionais, as señas de identidade e a memoria histórica de Galicia.

e. Harmonizar as esixencias de ordenación e conservación dos recursos naturais e da paisaxe rural e urbana co mantemento, diversificación e desenvolvemento sustentable do territorio e da súa poboación, para contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación.

f. Velar para que a actividade urbanística se desenvolva promovendo a máis ampla participación social, garantindo os dereitos de información e de iniciativa dos particulares, asegurando, en todo caso, a participación dos cidadáns e asociacións por estes constituídas para a defensa dos seus intereses e valores.

g. Acadar a integración harmónica do territorio e protexer os valores agrarios, forestais e naturais e a riqueza e variedade arquitectónica fomentando o emprego das formas construtivas propias das diversas zonas e garantindo su integración no medio rural.

h. Fomentar a ordenación e mellora dos núcleos rurais, evitando a degradación e a perda das construcións tradicionais, favorecendo o uso e disfrute do medio rural.

i. Exercer as competencias das Administracións Públicas de acordo aos principios de cooperación, coordinación, asistencia activa e información recíproca, con obxecto de garantir a plena aplicación e eficacia da normativa urbanística.

j.

Con data 31 de marzo de 2010, publicouse no DOG a Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Para adecuarse a esta modificación serán obxectivos específicos para a definición do modelo de asentamento do PXOM de Ares:

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

a. Identificación dos núcleos rurais de acordo aos tres tipos básicos establecidos, núcleo rural histórico- tradicional, núcleo rural común e núcleo rural complexo.

b. Protección e recuperación dos elementos característicos da arquitectura rural e conservación da morfoloxía dos núcleos rurais histórico-tradicionais (estrutura parcelaria histórica, usos tradicionais).

c. Establecer a capacidade dos núcleos para acoller a demanda previsible de uso residencial no medio rural.

d. Delimitar e establecer o réxime urbanístico dos núcleos rurais.

## 1.1 Obxectivos xerais

O PXOM será o instrumento de planificación que xestione e organice a utilización do territorio no municipio de Ares. Para conseguilo, amais de recoller as obrigas normativas, establécense os seguintes obxectivos.

- Pular pola coherencia coas Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral.
- Aproveitar as oportunidades asociadas a unha localización xeográfica privilexiada.
- Integración das políticas, planificacións e programacións sectoriais de incidencia territorial.
- Impulso do papel de Ares como municipio turístico.
- Desenvolver o parque de vivendas de acordo aos criterios de eficacia e consumo racional de recursos.
- Protexer o patrimonio arquitectónico existente ante as novas edificacións, partindo dunha análise tipolóxica buscando así que o posible impacto entre o novo e o vello se desenrole nun diálogo arquitectónico de respecto.
- Activar procesos de renovación e dinamización de espazos deteriorados ou en declive.
- Protexer o patrimonio arqueolóxico.
- Posibilitar a mestura de usos compatibles salvo nas áreas diferenciadas e específicas.
- Xerarquizar, reforzar e potenciar a densa rede viaria existente, utilizándoa de forma que sirva para estruturar o territorio, actualizándoa para as novas necesidades do presente e futuro máis inmediato.
- Poñer as bases para que se cubran as carencias existentes de servizos urbanísticos como son a rede de abastecemento de auga e a de saneamento.
- Poñer as bases para que cubrir as carencias existentes de zonas verdes e de equipamentos a través da construción de dotacións novas.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## 1.2 Obxectivos para os elementos estratéxicos

### A. PAISAXE, PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

- Establecer criterios para a adecuación das actividades que se localizan no territorio á capacidade de acollida de cada espazo.
- Contribuír á conservación e recuperación de espazos e elementos que favorezan a calidade paisaxística ou sexan de interese natural e cultural.

### B. TURISMO

- Posta en valor dos recursos naturais e patrimoniais como elemento fundamental do desenvolvemento turístico.
- Fomentar a diversificación do sector turístico.

### C. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS BÁSICOS

- Articular unha rede de servizos, dotacións e equipamentos que dean cobertura as carencias existentes.
- Programar eficazmente o investimento público en infraestruturas, equipamentos e servizos básicos.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

# 5. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS

Considerando o modelo territorial de partida coma o definido na Descrición Obxectiva do Entorno, e marcando como referencia o perseguido no PXOM, existe máis dunha maneira de dar forma aos obxectivos expostos no apartado anterior. Ademais de considerar a posibilidade da non actuación, ou alternativa cero, foron propostas varias opcións que combinan os devanditos obxectivos e cuxa adecuación aos fins do planeamento, así coma aos criterios de sustentabilidade establecidos no Documento de Referencia, marcará a adopción ou non de cada unha delas ata chegar á alternativa real de desenvolvemento do Plan.

## 5.1. ALTERNATIVA 0. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DUN NOVO PLANEAMENTO

### ALTERNATIVA 0

### De continuidade coas N.S.P. de 1978

A consideración desta alternativa servirá para motivar a necesidade dun PXOM no Concello de Ares. Do primeiro diagnóstico realizado vemos como o instrumento urbanístico actualmente vixente en Ares, as N.S.P de 1978, que recobraron plena vixencia como consecuencia da anulación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1999 por Sentencia firme do Tribunal Supremo de novembro 2007.

Durante a vixencia de dito instrumento anulado realizáronse procesos de transformación urbanística de urbanización e edificación que, hoxe resultan desamparados de normativa urbanística, pero cuxo resultado conforman, en gran medida, a recente actividade urbanística de Ares.

Este planeamento quedouse desfasado tanto pola aprobación de nova normativa urbanística como dos instrumentos marco de ordenación territorial para Galicia (DOT e POL). Polo que esta alternativa ademais de valorar a situación do planeamento urbanístico vixente debe ponderar e analizar o desenvolvemento e execución de actuacións amparada no planeamento anulado.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO · ARES (A CORUÑA) · SECRETARÍA

## 5.2. ALTERNATIVAS DE PLANEAMENTO

### ALTERNATIVA 1

### Modificacións do PXOM do 1999

A alternativa 1 emprega como base a proposta do 2005, **con modificacións para adaptala aos requirimentos legais actuais**. Esta alternativa presenta un forte crecemento urbanístico coherente ca demanda que existía a finais dos anos 1990 principios da pasada década. Esta alternativa promove un forte crecemento nos núcleos próximos ao borde costeiro debido o pulo do sector turístico, especialmente na cabeceira municipal.

Ademais esta opción pretende favorecer o desenvolvemento de actividades vinculadas á investigación, consultoría e innovación que resulte atractivo para empresas baseadas no coñecemento así como para todos aqueles traballadores cualificados que na actualidade teñen que abandonar Ares por falta dun espazo axeitado onde desenvolver a súa profesión. No mapa correspondente a esta a alternativa incluímos unha posible área para o desenvolvemento deste espazo, nunha zona que da continuidade ao núcleo urbano de Ares e que se atopa ben comunicada.

En definitiva, con esta alternativa buscaríase impulsar o desenvolvemento económico de Ares a través do potencial turístico e da implantación de novas actividades que o convertan nun concello atractivo para traballar e para vivir.

### ALTERNATIVA 2

### De desenvolvemento baseado nos recursos endóxenos

Esta alternativa tamén propón unha estratexia baseada no aproveitamento dos recursos turísticos, no desenvolvemento do sector servizos e no impulso de novas actividades económicas, pero cun desenvolvemento urbanístico máis racional e acorde a capacidade de carga do territorio. A partires da identificación das áreas e elementos naturais e patrimoniais de interese, fomentarase a súa posta en valor a través dunha organización do territorio que favoreza a súa conservación ao tempo que mellora a súa accesibilidade, aumentando as posibilidades de desfrute e contacto coa natureza e o patrimonio.

Potenciará o sector turístico mediante a protección da costa e a boa xestión dos accesos as praias, e dando unha especial importancia a posta en valor do monte Salgueiras e Montefaro, tanto polas súas panorámicas como pola existencia das baterías dispersas por este espazo.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Esta oferta complementarase mediante un sistema de sendas que conecte estes elementos pode favorecer o seu disfrute por parte dos aresáns e ser reclamo para visitantes.

O modelo territorial desta alternativa formulase asegurando a previsión do solo capaz de albergar actividades produtivas en cantidade suficiente para que, ao amparo das infraestruturas de comunicacións existentes e proxectadas, se potencie o papel do municipio na comarca e se reforce a súa integración na rexión urbana da Coruña – Ferrol, mediante o establecemento dun modelo racional de ocupación do territorio que faga compatible o desenvolvemento económico e social do concello co respecto dos seus altos valores naturais.

## 5.3. VALORACIÓN DAS ALTERNATIVAS

Neste apartado farase unha análise das distintas alternativas propostas en relación ás variables sobre as que o planeamento urbanístico vai producir afeccións ou polas que se ve afectado, atendendo en todo momento ós criterios e nivel de detalle establecidos polo correspondente Documento de Referencia.

| Variable: **Paisaxe** |
|---|
| Criterio: **Fomentar a integridade paisaxística.** |
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: |
| - Realizar un estudo paisaxístico do ámbito, dende as dúas dimensións da paisaxe: a paisaxe total ou global (síntese dos procesos) e a paisaxe visual (estética). |
| - Preservar, protexer e poñer en valor compoñentes e elementos de interese. |
| - Contribuír á recuperación de compoñentes ou elementos que favorezan a calidade paisaxística. |
| - Considerar medidas específicas que favorezan a integración paisaxística das actuacións propostas na paisaxe existente. |

**<u>Alternativa 0</u>**

As NSP vixentes na actualidade, non contemplan ningún estudo paisaxístico nin recollen ningunha ordenanza en relación a esta variable.

**<u>Alternativas 1</u>**

A alternativa 1 recolle no Estudo do Medio Rural e no ISA un estudo paisaxístico, onde se contempla a paisaxe de Ares. Analízase o territorio e todos os seus compoñentes dende un

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

enfoque integral como síntese dos procesos que teñen lugar sobre ‘o substrato’, e a calidade e fraxilidade da paisaxe para a súa valoración estética. O estudo, o cal complétase con traballo de campo, ten como resultado a identificación e establecemento das zonas de maior interese paisaxístico e as principais cuncas visuais do concello.

Esta alternativa permite pois a identificación e posta en valor das AIP, así como os puntos de observación ou miradoiros nos que é posible contemplar amplas panorámicas da paisaxe do concello.

**Alternativa 2**

A alternativa 2, igual que a alternativa 1 fundamentase no mesmo estudo paisaxístico do EMR, é por tanto contempla as AIP e os miradoiros anteriores.

As maiores diferenzas respecto a esta alternativa é a inclusión dos puntos de observación do POL: Punta de Miranda, Peirao de Redes, Ares, Punta de Avarenta, Punta Promontoio, Baterías de punta Coitelada, Praia de Chanteiro,Chanteiro, Monte Faro e Baterías de Segaño.

Ademais nesta proposta deséñanse unha serie de medidas que serán transportas ás ordenanzas do plan que garanten un desenvolvemento urbanístico integrado na paisaxe e de xeito coherente co POL e as DOT. As medidas referentes á trama urbana recollense nos apartados de condicións estéticas.

Por outra banda, o PXOM delimita a área de recualificación entre a fronte costeira e o núcleo de Chanteiro, recoñecida no POL por tratarse dunha nova agrupación de carácter residencial, desvinculada do núcleo fundacional e desconforme co modelo territorial proposto dende o POL. Este ámbito correspóndese cun espazo actualmente desordenado e en estado de degradación, onde se localizan un bar e as instalacións auxiliares dunha zona de acampamento, así como algún peche de parcelas privadas que fan difícil o acceso público á praia e á costa e que se verán afectados pola actuación. No extremo sur da praia e ao norte da mesma existen dous pequenos regatos que desembocan na enseada pero que na actualidade están canalizados.

Basicamente a delimitación proposta recolle toda a zona de crecemento cara a costa do núcleo rural de Chanteiro, o bordo litoral da enseada de Chanteiro, o corredor ecolóxico que marca o POL arredor do Rego Pomoulo e o entorno da ermida.

Neste ámbito, establécese un Plan Especial de de Infraestruturas e Dotacións en Chanteiro (PE-3) na zona entre o núcleo rural e a liña de deslinde do DPMT, co obxecto de mellorar a imaxe urbana tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe. As liñas de actuación que se perseguen con este Plan Especial son as seguintes:

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

- Execución de dotacións, a súa conexión co viario existente e a súa integración no entorno.

- Recuperación da Servidume de Tránsito do Dominio Público Marítimo Terrestre,mediante a demolición das edificacións e construcións que imposibilitan na actualidade o paso, así como a creación de itinerarios peonís ou a reurbanización dos existentes.

- Mellora da accesibilidade mediante o reacondicionamento de accesos, a formalización de dous aparcamentos de vehículos fóra do Dominio Público e a creación dunha rampla de servizo á praia.

- Tratamento do bordo litoral dotándoo adecuadamente para o seu uso público, creando zonas estanciais e miradores, así como instalacións de salvamento, aseos e servizo de praias. Producirase ao mesmo tempo o acondicionamento e rexeneración ambiental das superficies destinadas a zona verde e de estancia.

- Restauración ambiental, realizando podas de saneamento dos arbustos e árbores a manter, plantando especies autóctonas no aparcamento, zonas de estancia e paseo de bordo. Prevese así mesmo a apertura da canle dos dous regatos que desembocan na enseada.

- Tratamento do entorno da ermida de Chanteiro co acondicionamento dos seus accesos e do seu entorno como zona verde, onde se celebra o Voto de Chanteiro.

- Aumentar a permeabilidade nos peches das parcelas.

- Mellorar a calidade dos viais de acceso á praia e os espazos públicos existentes. En especial acondicionar como espazo central de acollida o sistema xeral SXZV-09.

- Soterrar, no posible, o tendido das liñas eléctricas e de telefonía e mellorar as infraestruturas de abastecemento e saneamento.

- Igualar, no posible, os distintos pavimentos existentes na zona e dotar de mobiliario urbano ao espazo público.

**Valoración**

A alternativa 0 é a menos respectuosa ca variable paisaxe, sendo a menos compatible das propostas. As alternativas 1 e 2, son moito máis respectuosas ca paisaxe de Ares, sendo a 2, a que mellor integra dita variable. Por unha banda, a alternativa 2 establece medidas que permiten unha mellor consideración e integración da paisaxe na formulación do PXOM, integrando as determinacións do POL e das DOT, resultando un desenvolvemento urbanístico menos agresivo ca paisaxe.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| Variable: **Patrimonio Natural** |
|---|
| Criterio: **Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais.** |
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: |

- Identificar os espazos incluídos na Rede galega de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e Áreas protexidas por instrumentos internacionais presentes no municipio, conforme ás categorías incluídas na Lei 42/2007 *do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade* e a *Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza de Galicia*, tendo en conta os correspondentes instrumentos de planificación.
- Identificar a existencia doutros espazos e elementos de interese, como os espazos naturais de interese local ou espazos privados de interese natural sinalados na Lei 9/2001, as árbores senlleiras do “Catálogo galego de árbores senlleiras” aprobado polo Decreto 67/2007, ou os humidais recollidos no “Inventario de humidais de Galicia” (IHG) creado ao abeiro do Decreto 127/2008.
- Identificar os hábitats naturais e as especies animais e vexetais de interese comunitario recollidos na Lei 42/2007, así como as especies de flora e de fauna incluídas no “Catálogo de especies ameazadas de Galicia” contemplado no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e no “Catálogo español de especies ameazadas” aprobado polo Real Decreto 139/2011, presentes no ámbito de estudo e valorar as posibles afeccións como consecuencia do desenvolvemento do planeamento.
- Promover a protección e valorización daquelas áreas ou formacións que presenten algún valor físico ou natural de interese.
- Establecer zonas de transición que sirvan de amortecemento ante posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables e contribuír á continuidade física e funcional dos sistemas naturais tanto dentro do ámbito de estudo como fóra del.

| Criterio: **Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais** |
|---|
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: |

- Potenciar a relación humana coa natureza mediante a restauración e posta en valor dos diferentes elementos naturais, patrimoniais, culturais e identitarios.
- Fomentar a utilización de xeito compatible coas súas propias características e as da contorna inmediato no que se insiren.
- Promover a utilización de especies autóctonas, establecendo medidas para evitar a introdución de especies alóctonas ou invasoras.
- Tomar as medidas necesarias para evitar a dispersión de Especies Exóticas Invasoras.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO · ARES (A CORUÑA) · SECRETARÍA

| Criterio: **Integrar o uso e xestión dos espazos naturais costeiros coa dinámica e o desenvolvemento do Concello** | |
|---|---|
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: | |
| - | Favorecer a protección e conservación dos sistemas naturais que conforman o litoral |
| - | Recuperar os ecosistemas costeiros naturais degradados. |
| - | Axeitar a intensidade dos seus usos á capacidade de acollida do sistema litoral |

| Criterio: **Favorecer a conectividade ecolóxica** | |
|---|---|
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: | |
| - | Realizar unha análise específica en relación á conectividade dos ecosistemas e biótopos no ámbito do influencia do planeamento, integrando os valores produtivos e a compoñente paisaxística. |
| - | Prever os mecanismos necesarios para potenciar a conectividade ecolóxica do territorio, especialmente entre os espazos naturais protexidos, considerando como principais corredores, os cursos fluviais e á vexetación de ribeira, ás sebes en zonas agrícolas, ás zonas de monte e outros elementos do territorio que actúen de nexo entre os hábitats naturais e favorezan a distribución das poboacións de flora e fauna. |
| - | Contribuír á eliminación de elementos ou infraestruturas que supoñan un efecto barreira sobre os movementos das especies faunísticas. |

**Alternativa 0**

As NSP vixentes na actualidade, non contemplan ningún estudo do medio natural e tan só identifican dous espazos naturais no Concello de Ares: Punta Coitelada e Illas Mirandas.

**Alternativa 1 e 2**

As alternativas 1 e 2 contemplan un estudo pormenorizado do medio biótico do concello, co obxectivo de identificar as zonas de maior interese e valor, tanto natural como ecolóxico, e susceptibles de ser protexidas.

Os espazos de maior interese e valor ambiental identificados, delimítanse como áreas de Solo Rústico de especial protección de espazos naturais; os cales correspóndense cos cursos fluviais e as súas formacións vexetais de ribeira, bosques e bosquetes de especies autóctonas,bordes costeiros, montes e insuas fluviais, etc. A preservación de ditos espazos procura a conectividade do territorio, a continuidade física e funcional dos sistemas naturais e intenta evitar a degradación dos espazos con valores ambientais e ecolóxicos. Ademais

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

restrinxese os desenvolvementos urbanos cara o litoral para reducir a afección os espacios naturais costeiros.

A diferenza entre alternativas é que a segunda posúe maior superficie de solo rústico de especial protección, tendo en conta os espazos inventariados como AIA.

**Alternativa 2**

Esta alternativa contemplará os corredores ecolóxicos do POL para garantir a conectividade dos ecosistemas naturais. Estes corredores están clasificados como solo rústico de especial protección e no caso que estea afectado por un desenvolvemento urbanístico, implementaranse medidas para a súa correcta integración

Ademais estableceranse medidas para que as zonas verdes propostas contribúan positivamente os hábitats autóctonos, evitando especies invasoras e alóctonas.

**Valoración**

A alternativa 0 é a menos respectuosa ca variable natureza, aínda que contempla espazos de protección non inclúe todos os elementos que conforman o patrimonio natural.

As alternativas 1 e 2, son máis respectuosas ca variable natureza, existindo variacións. A alternativa 2 ten unha mellor compatibilidade, protexe como SRP Espazos Naturais os sectores identificados e catalogados como AIA polo Plan Xeral.

| Variable: **Patrimonio cultural** |
|---|
| Criterio: **Preservar a valorizar os elementos patrimoniais** |
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: |

- Identificar os elementos do patrimonio cultural existentes no ámbito de estudo.
- Promover a posta en valor dos enclaves de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico a través da incorporación no planeamento das medidas necesarias.

**Alternativa 0**

As NSP vixentes na actualidade recollen un catálogo parte dos elementos patrimoniais como dos xacementos arqueolóxicos, este inventario responde os xacementos atopados nos anos 1970. Este alternativa non recolle os xacemetnos arqueoloxicos atopados nas décadas posteriores nin recolle os elementos etnográficos de interese. Porén, esta alternativa presenta unha deficiente compatibilidade respecto a esta variable.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO · ARES (A CORUÑA) · SECRETARÍA

**Alternativa 1 e 2**

Estas alternativas presentan características comúns respecto a esta variable, xa que a protección dos bens culturais realizaouse a partir do mesmo catalogo de patrimonio cultural (6 Elementos arqueolóxicos e 128 elementos de arquitectura civil). Estas variables protexen os elementos de interese e no caso de ser necesario o seu ámbito de influencia, como poden ser os elementos arqueolóxicos.

**Valoración**

A alternativa 0 é a que menos integra a variable patrimonio, posto que o catálogo de elementos de interese que recolle non está suficientemente actualizado. As alternativas 1 e 2 recollen un catálogo de elementos patrimoniais (históricos, culturais, identitarios, artísticos, arquitectónicos e arqueolóxicos), e establecen, a partir dos máis importantes, Solos de Protección do Patrimonio Cultural.

| | |
|---|---|
| Variable: **OCUPACIÓN DO TERRITORIO** | |
| Criterio: **Minimizar o consumo do solo e racionalizar o seu uso** | |
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: | |
| - | Adecuar a clasificación do solo a unha estratexia de ocupación do solo densa, compacta e complexa e favorecer unha asignación de usos que permita dar resposta ás necesidades da poboación atendendo á capacidade de acollida do territorio e á aptitude para a asimilación de posibles transformacións ligadas a novos desenvolvementos. |
| - | Axustar o parque potencial de edificacións a teito de planeamento á dinámica socioeconómica do Concello. |
| - | Fomentar a rehabilitación das edificacións existentes. |
| - | Darlle prioridade aos desenvolvementos urbanísticos que favorezan a consolidación de espazos baleiros das tramas urbanas e rurais existentes e favorecer a ocupación de espazos antropizados con carácter previo á ocupación doutros solos. |
| - | Axustar a superficie de solo industrial ás necesidades reais do Concello, considerando as previsións de calquera outro tipo planeamento ou proxecto con repercusións no sector industrial no ámbito de influencia. |
| Criterio: **Promover unha clasificación do solo en función da súa propia capacidade produtiva** | |
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: | |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Favorecer o desenvolvemento dun modelo territorial acorde coas súas características, considerando a capacidade de acollida e potencialidade do solo para os distintos usos.
- Definir e delimitar as necesidades ás que se debe dar resposta coa clasificación do solo de modo coherente coa dinámica socioeconómica do Concello.
- Preservar os solos de calidade e aptitude agrícola e aqueles con potencialidade forestal.
- Favorecer a protección dos solos situados nas proximidades dos espazos protexidos, tanto naturais como patrimoniais, arqueolóxicos ou calquera outra protección ou espazo de especial valor.

Criterio: **Evitar ou reducir os riscos naturais e tecnolóxicos**

Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia:

- Identificar os posibles riscos naturais e tecnolóxicos no ámbito de estudo susceptibles de causar danos ás persoas, aos seus bens e/ou ao ambiente.
- Establecer as medidas de prevención a adoptar polas actuacións urbanísticas segundo as características do medio físico e tipoloxía de risco.

**Alternativa 0**

As NSP presenta unha ocupación do territorio incoherente cas actuais dinámicas e usos e ca normativa vixente.

Ademais as NSP non establecen medidas nin para reducir os riscos naturais e tecnolóxicos, nin para reducir o consumo de solo.

**Alternativa 1**

Esta alternativa presenta un gran crecemento urbanístico excesivo e incoherente cas necesidades e demandas municipais desta década. Este desenvolvemento é propio do contexto do "Boom Inmobiliario" de principios da década do 2000.

A pesar dun desenvolvemento urbanístico excesivo, esta alternativa preserva destes desenvolvemento os espazos máis sensibles como son as AIA. Os solos rústicos responden aos usos existentes que se detallan no EMR.

Esta alternativa propón un pequeno parque empresarial que permita relocalizar a industria local (talleres, almacéns, etc) espallada polo territorio sen que, ás veces, dispoñan dos servizos necesarios para o axeitado desenvolvemento da actividade, en materia de eficacia e eficiencia ambiental e productiva.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO · SECRETARÍA · ARES (A CORUÑA)

**Alternativa 2**

Esta alternativa presenta un desenvolvemento residencial comedido, moito máis acorde cas necesidade e demanda da sociedade. Este incremento residencial débese a un crecemento demográfico positivo e a vocación turística que demanda unha porcentaxe de segunda vivenda.

Ao igual que na alternativa anterior, co obxecto de mellorar a localización da actividade industrial e incrementar a súa eficiencia e eficacia, esta alternativa tamén plantexa un sector industrial aínda que de menor tamaño. Para favorecer sinerxías positivas e apostar por un entorno máis competitivo e, por outra banda, diminuír a fragmentación do territorio e favorecer a continuidade do futuro tecido industrial sen considerar límites administrativos, a reserva de solo proxéctase na Avenida de Redes, en continuidade coa reserva de solo industrial formulado no Concello de Mugardos.

Esta alternativa contemplou os riscos existentes no concello, evitando os crecementos residenciais e industriais naqueles sectores con riscos naturais significativos. Neste sentido, como o núcleo urbano de Ares localizase nunha zona cun claro risco de inundación, tomaranse medidas preventivas, para reducir na medida do posible este risco, especialmente na fronte marítima, evitando a creación de sotos e semisotos.

Respecto os incendios forestais o Plan recolle a lei 7/2012, do 28 de xuño de montes de Galicia, que modifica a lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na cal se establece unha faixa perimetral de protección de 30 metros dos solos urbanos, dos núcleos rurais e das edificacións preexistentes, libre das especies da seguinte táboa.

| Especie | Nome común |
|---|---|
| *Pinus pinaster* | piñeiro galego |
| | piñeiro do país |
| *Pinus sylvestris* | piñeiro silvestre |
| *Pinus radiata* | piñeiro de Monterrey |
| *Pseudotsuga menziesii* | piñeiro de Oregón |
| *Acacia dealbata* | mimosa |
| *Acacia melanoxylum* | acacia negra |
| *Eucalyptus spp* | eucalipto |
| *Calluna vulgaris* | brezo |
| *Chamaespartium tridentatum* | carqueixa |
| *Cytisus spp* | xesta |
| *Erica spp* | Breixo, uz |
| *Genista spp* | xesta, piorno |
| *Pteridium aquilinum* | fento |
| *Rubus spp* | silva |
| *Ulex europaeus* | toxo |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

A alternativa 2 adecuou os Solos Rústicos de protección ás potencialidades de cada área, así como aos valores ambientais e patrimoniais existentes no territorio.

**Valoración**

A alternativa 0 descártase pola baixa adaptación á realidade territorial e ao contexto normativo actual. A alternativa 1 a pesar de ter en conta a realidade territorial presenta un crecemento urbanístico excesivo en relación ás actuais e previsibles dinámicas socioeconómicas, así como ás necesidades da poboación, propio doutras épocas. Mentres a alternativa 2 selecciónase como a mellor adaptada a este criterio, xa que propón unha ordenación coherente ca realidade territorial, favorecendo un desenvolvemento máis compacto e acorde aos riscos e á produtividade do solo.

Variable: **Sociedade**

Criterio: **Favorecer o equilibrio entre a poboación e os recursos**

Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia:

- Realizar unha previsión demográfica que considere, ademais do número de habitantes actuais e futuros, un achegamento ás súas particularidades.
- Valorar as necesidades asistenciais, sociais, educativas, de ocio e calquera outra necesidade destacable en función das características da poboación actual e futura e considerar as posibilidades no ámbito de influencia.

Criterio: **Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade do medio urbano**

Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia:

- Contribuír a un deseño dos espazos libres e de interacción coa natureza, coa cultura e coas persoas que sexan accesibles e de calidade.
- Contribuír a unha zonificación e localización de equipamentos que favorezan unha conexión eficiente cos principais destinos, reducindo as distancias e procurando a conexión con modos de transporte alternativos ao vehículo particular
- Favorecer unha paisaxe urbana de calidade integrando as novas actuacións na contorna na que se asentan.

Criterio: **Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade do medio rural**

Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia:

- Procurar a configuración de núcleos compactos que faciliten a prestación de servizos básicos, favorecendo o acceso á información, á oferta educativa, asistencial, sociocultural e lúdica.
- Establecer fórmulas para a redución ou eliminación de emprazamentos irregulares.
- Establecer actuacións que procuren a preservación da identidade propia dos núcleos rurais.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**Alternativa 0**

As NSP vixentes na actualidade, non responden ao contexto socioeconómico actual, xa que a situación da comarca de Ferrol dista moito da realidade existente na década dos 1970.

Os posibles crecementos residenciais (urbanos e rurais) que se puidesen realizar a partir das Normas subsidiarias favorecen unha gran ocupación do solo sen ter en conta o medio onde se desenvolven. Ademais permite un desenvolvemento urbano que desvirtúa a identidade do asentamentos de poboación tradicionais.
As NSP vixentes dificultan a calidade de vida, xa que non contribúe a creación de zonas verdes e dotacións.

**Alternativa 1 e 2**

As dúas alternativas parten do mesmo análise demográfico e económico.

**Alternativa 1**

Os desenvolvementos con carácter residencial (urbano e nos núcleos rurais) plantexados nesta alternativa, delimitan e potencian o actual sistema de núcleos, aínda que están sobredimensionados para as previsións e necesidades actuais.

O crecemento excesivo pode desvirtuar os actuais núcleos e provocar desequilibrios entre a poboación e os recursos.

**Alternativa 2**

A alternativa 2 ten como obxectivo o fortalecemento do actual sistema de núcleos fronte a dispersión, modelo urbanístico que require dun maior consumo de recursos e custes ambientais. Os solos de carácter residencial, que suman menor superficie que na alternativa 1, localízanse nos propios núcleos procurando sempre a súa compactación pero á vez, esponxándoos intercalando zonas verdes e espazos libres.

No deseño de espazos libres, zonas verdes e equipamentos, ó igual que a alternativa 1, a 2, integra a Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras en Galicia e o decreto que regula o desenvolvemento de dita Lei. Estas zonas verdes ou espazos libres cumprirán os estándares mínimos da LOUG e crearán un entorno máis saudable.

A alternativa 2 presenta un incremento considerable dos equipamentos e das zonas verdes do concello, destacando SXZV 12, A Xunqueira. Este incremento de equipamentos e zonas vedes mellorará a calidade de vida e habitabilidade tanto dos medios urbanos como rurais.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Esta alternativa procura a compactación dos núcleos rurais fronte ó crecemento disperso e emprazamentos irregulares. Tamén establece para cada núcleo rural unha serie de espazos libres - zonas verdes, equipamentos, dotacións públicas e áreas de expansión, en función das necesidades sociais e urbanísticas detectadas no estudo demográfico e socioeconómico realizado.

**Valoración**

A alternativa 0 é a que menos integra os anteriores criterios da variable sociedade. As alternativas 1 e 2 recollen un estudo demográfico e socioeconómico actualizado polo que integran mellor estes criterios.

As alternativas 0 e 1 son as que menos *melloran a calidade de vida e habitabilidade* debido os seus crecementos urbanísticos excesivos. Mentres a alternativa 2 e a que mellor integra esta variable froito a un crecemento máis coherente ca demanda e ca realidade territorial, e localiza correctamente as zonas verdes e dotacións. Ademais esta alternativa contribúe á creación dunha paisaxe urbana de calidade ó establecer ordenanzas que regularán o emprego de materiais e deseño de fachadas entre outros elementos (NIL e áreas de recualificación).

| Criterio: **Favorecer a cohesión social e garantir a non exclusión** |
|---|
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: |
| - Garantir unha porcentaxe suficiente de vivendas baixo algunha figura de protección e favorecer o acceso á vivenda dos colectivos con máis dificultades. |
| - Promover o aumento das posibilidades de relación entre os habitantes mediante a creación de espazos de encontro de calidade, ben comunicados e con diferentes tipoloxías en función das características da poboación. |
| - Favorecer a accesibilidade aos servizos comunitarios, espazos de relación e aos bens patrimoniais ou naturais por parte de todos os colectivos, eliminando as barreiras arquitectónicas. |

**Alternativa 0**

No momento da redacción das NSP vixentes e das posteriores modificacións, non se contemplaba a garantía de non exclusión de calquera colectivo minoritario o vulnerable, debido a que aínda non existía sensibilización social fronte a estes temas, nin lexislación que asegurase o acceso universal ós diferentes servizos e dotacións do concello.

**Alternativa 1 e 2**

Nestas alternativas analizouse as características sociais e necesidades da poboación para axustar a ordenación urbanística á sociedade de Ares.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Tanto a alternativa 1 como 2, contemplan a integración nas características da urbanización, relativas á accesibilidade en espazos públicos, itinerarios, parques e xardíns, espazos libres públicos e aparcadoiros así como nas características do mobiliario urbano e outros elementos, as determinacións establecidas na Lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia e do Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei.

Por outra banda, ambas alternativas establecen o 7,11% das reservas de solo residencial para a construción de vivenda protexida, sendo esta porcentaxe igual que a do conxunto da Comunidade Autónoma.

**Valoración**

A alternativa 0 non integra o criterio de non exclusión nin de cohesión social, mentres que, tanto a 1 como a 2, ó ter en conta a Lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia, o Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei, e establecer reservas de solo para a construción de vivendas de protección pública, ambas garanten a non exclusión de colectivos minoritarios ou máis vulnerables.

| Criterio: **Fomentar a participación cidadá na toma de decisións no Concello.** |
|---|
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: |

- Favorecer a participación nos procesos de planificación urbanística e toma de decisións que máis afectan á cidadanía.

**Alternativa 0**

As NSP non integran o criterio anterior posto que se trata dun documento pechado.

**Alternativa 1 e 2**

De xeito independente á elección final da alternativa máis axeitada e acorde cos criterios de sostibilidade para as diferentes variables establecidas no correspondente Documento de Referencia, o concello de Ares someterá a versión preliminar do PXOM (que inclúe o presente ISA), ás consultas pertinentes e definidas nos prazos e modalidades que o mesmo Documento de Referencia establece. Tras o período de información e consulta, o órgano promotor responderá de forma axeitada ás observacións e alegacións que se formulen, e elaborará un informe de participación e consultas no que se xustifique como se toman en consideración as alegacións recibidas no planeamento, integrándoos ou non.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**Valoración**

A alternativa 0 non integra o criterio de participación cidadá, mentres independentemente da elección final da alternativa 1 ou 2, a versión preliminar do PXOM de Ares someterase a un proceso de participación pública, na que se terán en conta no planeamento todas as alegacións recibidas.

Variable: **Economía**

Criterio: **Favorecer o desenvolvemento económico**

Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia:

- Analizar as oportunidades económicas do Concello en relación á súa área de influencia e realizar unha previsión das necesidades en función da estrutura económica actual e prevista.
- Garantir unha dotación de equipamentos e infraestruturas axeitada ás necesidades económicas previstas.
- Reforzar as actividades baseadas no aproveitamento dos recursos

Criterio: **OPTIMIZAR A EFICIENCIA DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia:

- Procurar unha localización das actividades económicas máis eficiente, minimizando as súas afeccións sobre o medio e os recursos
- Fomentar a aplicación dos principios da ecoloxía industrial nos desenvolvementos industriais.

**Alternativa 0**

Non recolle as necesidades económicas actuais do concello de Ares, nin dá resposta á realidade territorial actual, nin establece medidas para optimizar a eficiencia das actividades económicas.

**Alternativa 1 e 2**

En ambas alternativas, as ordenanzas que rexerán nestes solos (independentemente da cantidade de superficie) establecen que os Plans Parciais que os desenvolvan, deberán determinar como elementos de sistemas xerais de necesaria creación e incorporación a rede de saneamento, abastecemento de auga, alumeado público e beirarrúas. Ademais os trazados de redes e galerías de servizos. Ademais, as industrias que neles se localicen, deberán cumprir cas normas e lexislación vixente, así como as instrucións técnicas pertinentes en referencia á seguridade, ecoloxía, calidade e eficiencia industriais.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Por outra banda, e como no criterio anterior, a ordenanza que regulará os solos de carácter industrial, establece que as reservas de solo para dotacións e equipamentos realizaranse segundo o Regulamento de Planeamento da Lei do Solo e en función das necesidades industriais previstas.

**Alternativa 1**

A alternativa 1 realizouse, partindo das análises socioeconómicas e demográficas levadas a cabo para o PXOM, cunha óptica excesivamente optimista.

**Alternativa 2**

Como na alternativa 1, na 2, tívose en consideración o estudo socioeconómico e demográfico do concello. Establécense os desenvolvementos e dotacións acordes cas necesidades previstas a partir da diagnose do concello, sendo máis coherente ca realidade do termo municipal.

Por outra banda, ambas alternativas de planeamento teñen como obxectivo desvincular os usos residenciais do industriais. Para tal fin, a alternativa propón unha reserva de solo industrial de menor superficie, cunha proxección máis realista.

**Valoración**

É a alternativa 2 a que mellor integra as necesidades económicas reais, actuais e futuras previstas no concello e a partir dun escenario máis realista. Ademais plantexa o solo industrial na zona de menor afección no medio e na sociedade, permitindo continuidade do tecido empresarial, á marxe dos límites administrativos, previsto no Concello de Mugardos.
A alternativa 0 non ten en conta ditas necesidades e a 1, faino a partir dun escenario moi optimista e cunha orientación claramente "desarrollista", totalmente desligada do contexto histórico e territorial.

| Variable: **Mobilidade** |
|---|
| Criterio: **Reducir as necesidades de mobilidade** |
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: |
| - Realizar unha análise das necesidades de mobilidade |
| - Fomentar unha zonificación que favoreza a redución dos desprazamentos |

| Criterio: **Facilitar unha conectividade eficiente cara ós principais destinos** |
|---|
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Fomentar unha zonificación que aumente a accesibilidade efectiva aos servizos, áreas de interese e principais puntos tractores, dentro ou fóra do concello.
- Contribuír ao deseño dunha malla de mobilidade do Concello eficiente, segundo as características do tráfico xerado e na que potencie a utilización doutros modos de transporte alternativos ao vehículo privado.
- Prever a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte considerando as infraestruturas necesarias para cada unha delas.
- Mellorar a eficiencia do transporte público

**Alternativa 0**

As NSP vixentes, quedan desfasadas respecto ás necesidades do concello no ámbito da mobilidade.

**Alternativa 1 e 2**

En ambas alternativas, tívose en conta a mobilidade para establecer a zonificación e clasificación dos solos co obxectivo de reducir na medida do posible as necesidades de desprazamento e cubrir as demandas demográficas e socio-económicas.

Os centros de servizos básicos e administrativos concéntranse no núcleo urbano de Ares, núcleo onde se concentra o maior volume de poboación do concello e actividades desenvolvidas, a fin de minimizar os desprazamentos e facilitar a conectividade.

Por outra banda, dada a reducida extensión do territorio municipal, ningunha das alternativas promove a intermodalidade nos medios de transporte, materia que precisa, neste caso, dunha escala de planificación e xestión maior á municipal.

No entanto, para o desenvolvemento do Plan establécense medidas para mellorar a eficacia do transporte público, como por exemplo a reserva de espazos para a creación de infraestruturas destinadas a tal fin. Actualmente, este servizo é levado a cabo pola concesionaria Arriba.

**Alternativa 2**

Nos desenvolvementos propostos establecense medidas para reducir os desprazamentos motorizados, mediante a creación de vías brandas que favorezan os movementos peonís e en bicicleta, entre outros.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**Valoración**

A alternativa 0 non contempla ningunha medida respecto a esta variable. A alternativa 1 como a 2, presentan unhas considerables necesidades de mobilidade debido á dispersión da poboación. A reducida distancia entre os puntos de atracción do concello e os asentamentos de poboación favorece os desprazamentos en bicicleta e peonís. A pesar destas dificultades a alternativa 2 presenta unha mellor integración debido a un desenvolvemento urbanístico máis sostido en relación aos crecementos proxectados.

| Variable: **Enerxía** | |
|---|---|
| Criterio: **Promover o aforro no consumo enerxético** | |
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: | |
| - | Fomentar a implantación de sistemas enerxéticos de baixo consumo e fórmulas de aforro enerxético nas instalacións e dependencias públicas. |
| - | Considerar o aforro enerxético no deseño da malla urbana e no deseño das solucións de edificación propostas, tomando como referencia as máis eficientes (tipoloxía de edificación unifamiliar vs. tipoloxía colectiva) e introducindo criterios bioclimáticos nas edificacións. |
| Criterio: **Fomentar o uso de recursos enerxéticos renovables** | |
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: | |
| - | Fomentar a obtención de enerxía mediante recursos renovables |

**Alternativa 0**

As NSP vixentes non teñen en conta medidas de aforro enerxético, nin fomentan o uso de recursos enerxéticos renovables.

**Alternativa 1 e 2**

Estas alternativas analizan as actuais e futuras infraestruturas de subministro enerxético que permitirán unha correcta planificación.

Tanto a alternativa 1 como a 2, propoñen o aforro enerxético mediante a aplicación do Código Técnico de Edificación (CTE) e a compactación dos núcleos. Tamén o desenvolvemento de enerxías renovables faise a partir da aplicación do Código Técnico de Edificación.

**Alternativa 2**

Esta alternativa presenta un desenvolvemento urbanístico inferior que conleva un menor consumo enerxético.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**Valoración**

Ambas alternativas (1 e 2) integran os criterios da variable enerxía mediante a aplicación do Código Técnico de Edificación, aínda así, é a 2 a que o fai de forma máis axeitada. Os novos desenvolvementos conlevan un aumento da demanda enerxética, polo tanto, a alternativa 1, cun maior crecemento urbanístico producirá un maior consumo enerxético, mentres que a 2, cun desenvolvemento urbanístico máis limitado, de forma xeral, supón unha menor carga na demanda enerxética global do concello.
A pesar da coherencia da alternativa 2, é previsible que aumente o consumo enerxético, por tanto o plan deseñará medidas para reducir este consumo.

| Variable: **Atmosfera e Cambio Climático** |
| --- |
| Criterio: **Controlar as emisións contaminantes** |
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: |
| - Identificar as principais fontes de calquera tipo de contaminación atmosférica: fisicoquímica, acústica, luminosa ou electromagnética. |
| - Establecer mecanismos de cara a redución das emisións contaminantes identificadas e buscar solucións que contribúan a minimizar os efectos sobre o medio. |

**Alternativa 0**

As NSP non teñen en conta medidas para controlar e reducir as emisións contaminantes á atmosfera, nin contribúen a minimizar os seus efectos sobre o medio.

**Alternativa 1 e 2**

As principais fontes de contaminación atmosférica identificadas no concello, tanto para a alternativa 1 como para a 2, están relacionadas co tráfico rodado, e en menor medida polos usos industriais previstos.

En ambas alternativas, os usos industriais do concello deberán exercer o control das emisións, en cumprimento da normativa de aplicación e gardar as distancias mínimas prudenciais á poboación de xeito que as molestias e o impacto ambiental sexan mínimos.

**Valoración**

En ambas alternativas (1 e 2), presentan as mesmas fontes de contaminación, e integran diferentes mecanismos para minimizar e reducir as emisións contaminantes e os seus efectos, sendo especialmente sensibles o cumprimento da normativa de aplicación en materia de

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

incidencia ambiental para os usos industriais. Aínda así, é a alternativa 2 a máis respectuosa ca variable atmosfera. Como no criterio anterior, os novos desenvolvementos conlevan un aumento das emisións contaminantes, polo tanto, a alternativa 1, que presenta un maior crecemento residencial e industrial producirá un maior volume das emisións, mentres que a 2, cun desenvolvemento urbanístico máis limitado, producirá menos emisións de elementos contaminantes.

| Variable: **Ciclo hídrico** |
|---|
| Criterio: **Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos** |
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: |
| - Estudar a capacidade e calidade dos recursos hídricos para abastecemento e saneamento. |
| - Estudar as afeccións existentes sobre as fases do ciclo hídrico. |
| - Considerar a permeabilidade das zonas antropizadas de xeito que se favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico. |
| - Xustificar calquera actuación nas zonas de policía nos cursos fluviais do Concello. |

**<u>Alternativa 0</u>**

As NSP non teñen en conta medidas para garantir o funcionamento do ciclo hídrico nas diferentes fases ou procesos.

**<u>Alternativa 1 e 2</u>**

As principais afeccións existentes sobre as diferentes fases do ciclo hídrico, son as derivadas das actividades e usos desenvolvidos polo ser humano.

A fin de garantir o funcionamento e calidade do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos, por unha banda, o PXOM, tanto na alternativa 1 como na 2, establece unha ordenanza que recolle diferentes determinacións, as cales regularán calquera actuación que se realice nas zonas de policía dos cursos fluviais ou incluso sobre a vexetación de ribeira vencellada. Ademais a protección dos recursos hídricos e da súa funcionalidade como corredores ecolóxicos queda garantida a través da delimitación dos solos rústicos de protección de augas e zonas verdes en solo urbano.

Tanto nos solos de núcleos rurais como urbanos, o PXOM determina que se resolverá de maneira satisfactoria o abastecemento de auga e evacuación e tratamento de augas residuais, de tal modo que se manteñan as condicións técnico-sanitarias da parcela e do entorno e se cumpran as disposicións vixentes en materia de contaminación de augas.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Por outra banda, a permeabilidade do solo nas zonas antropizadas alteran o funcionamento do ciclo hídrico en gran medida; por un lado evita a infiltración e evaporación ó reducir a cuberta vexetal, e por outra aumenta, en determinados espazos a escorrenta superficial podendo producir alteracións importantes nos niveis de caudal ou crecida dos cursos fluviais ou zonas inundables.

**Alternativa 2**

Esta alternativa presenta unha menor impermeabilización debido aos seus menores desenvolvementos.

**Valoración**

A alternativa 0 queda totalmente descartada, xa que non inclúe a concepción do ciclo hídrico.

En ambas alternativas (1 e 2), localízanse as principais afeccións sobre as diferentes fases e procesos vencellados ó funcionamento do ciclo hídrico; na redacción do Plan contémplanse a análise dos servizos de abastecemento e saneamento (trazados, dotacións, puntos de vertido, etc.), e establecen medidas e accións encamiñadas a garantir o funcionamento e calidade de dito ciclo hídrico.

Sen embargo, é alternativa 2 a que mellor integra o criterio en tanto en canto propón menor superficie impermeable, proxectando un cremento do espazo construido tanto urbano, industrial como rural máis sostido, co que o funcionamento natural do ciclo hídrico verase menos alterado en relación á infiltración e á escorrenta superficial.

| Criterio: **Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas a teito de planeamento** | |
|---|---|
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: | |
| - | Estudar a utilización pública dos recursos hídricos (localización e sistemas de captación e retorno para o abastecemento e o saneamento) e considerar a utilización do recurso segundo as unidades de bacía. |
| - | Calcular a capacidade do sistema de abastecemento previsto tendo en conta a variabilidade estacional da demanda e dos recursos hídricos e considerando tanto o volume de auga bruta como a capacidade das infraestruturas e instalacións da rede. |
| - | Deseñar un sistema de depuración suficientemente dimensionado para as augas residuais acorde ás súas características e a súa orixe (urbano ou industrial). |
| - | Establecer determinacións para reducir os riscos de contaminación das fontes de abastecemento. |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**Alternativa 0**

As NSP non garanten a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento das demandas e necesidades previstas.

**Alternativa 1 e 2**

En ambas alternativas, 1 e 2, téñense en conta, a localización dos puntos de captación e sistemas de distribución de auga para o abastecemento municipal así como as solucións de saneamento e puntos de vertido.

Atendendo á demanda actual, o sistema de abastecemento é suficiente. Mentres que a nova depuradora dará servizo ás necesidades actuais e futuras do concello.

Respecto as previsións de futuro, ambas alternativas xustifican a orixe da auga coa que se vai abastecer o incremento do consumo previsto, tendo en conta o volume e a capacidade das infraestruturas e instalacións da rede e as determinacións establecidas no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa. Así mesmo, establecen as solucións de saneamento para o incremento da produción prevista, garantindo o bo estado das augas depuradas, evitando o risco de contaminación e atendendo ás prescricións que se atopan no PHGC. A suficiencia para ambas as dúas demandas é avalada por sendos informes das empresas concesionarias de ditos servizos.

**Valoración**

A alternativa 0 queda totalmente descartada. Ambas alternativas propostas presentan unha coherencia similar, ainda que a alternativa 2 presenta unha maior viabilidade xa que desenvolve un crecemento urbanístico máis moderado.

| Criterio: **Promover o aforro no consumo dos recurso hídricos** |
| --- |
| Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia: |

- Establecer determinacións que posibiliten a redución no consumo de auga no Concello.
- Apostar pola eficiencia das infraestruturas e instalacións de abastecemento e saneamento.

**Alternativa 0**

As NSP vixentes non promoven medidas de aforro no consumo de recursos hídricos.

**Alternativa 1 e 2**

As dúas alternativas non contemplan medidas concretas para reducir o consumo hídrico.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**Alternativa 2**

Ademais establecese que os novos sistemas de rego nas zonas verdes sexan mediante un sistema que permita o aforro dos recursos hídricos.

Valoración

A alternativa 0 queda totalmente descartada.

O desenvolvemento do Plan implica aumentar o consumo do recurso hídrico. Neste sentido, a alternativa 2, ó plantexar desenvolvementos máis limitados, contribúe de xeito indirecto a reducir o impacto no consumo de dito recurso. É a alternativa 2 a que mellor integra o presente criterio.

Variable: **Ciclo de materiais**

Criterio: **Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos**

Nivel de detalle establecido polo Documento de Referencia:

- Regular as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo dos materiais, e fomentar a reutilización e a reciclaxe.
- Estimar a xeración de residuos segundo a súa tipoloxía, potenciando a reutilización , a reciclaxe e a valorización dos mateiriais.
- Garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos RU e de calquera outro tipo de residuos para a totalidade do Concello.

**Alternativa 0**

As NSP vixentes non contemplan accións en relación á xestión eficiente dos fluxos de materiais e residuos.

**Alternativa 1 e 2**

En ambas alternativas, estímase que a produción de residuos urbanos aumentará grazas ós desenvolvementos urbanos previstos. Por outra banda, previse un aumento da actividade industrial propiciado pola ampliación de novo solo de carácter industrial. Os residuos non perigosos xerados pola industria son asimilables ós urbanos, mentres que o resto, identificados como industriais e perigosos, son as propias actividades xeradoras as responsables de xestionalos, ben de forma endóxena ou a través de xestores autorizados, pero sempre atendendo á lexislación actual neste eido.

Ó igual que na variables anteriores, independentemente da alternativa seleccionada, o PXOM promoverá accións e medidas encamiñadas a minimizar o impacto do consumo dos materiais

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

e fomentar a reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos, derivados das actividades e procesos construtivos ( Ver apartado *7 Deseño de medidas*).

Ademais no proceso de participación pública se recollera un informe no que garanta a xestión de residuos urbanos, no caso de non ter capacidade tomaranse medidas para garantir dito servizo.

**Valoración**

A alternativa 0 queda totalmente descartada.

A alternativa 2, ó deseñar desenvolvementos industriais e residenciais menores (que a 1), limita a produción de residuos, polo que de xeito indirecto garante unha maior xestión e eficiencia, e un menor impacto dos mesmos sobre o medio.

## 5.4. Conclusións

A alternativa 2 presenta unha mellor integración respecto a maior parte dos criterios de sostenibilidade establecidos no documento de referencia.

En primeiro lugar, esta alternativa amplía considerablemente a rede de espazos protexidos de carácter natural e establece unha serie de medidas para garantir a protección e posta en valor dos recursos naturais, paisaxísticos e culturais do concello. Ademais ordena e delimita os espazos urbanos e de núcleo rural acorde á evolución e necesidades da poboación, así coma á capacidade de carga do territorio.

A alternativa 2 mellorará a calidade de vida da cidadanía, mediante  a ampliación da rede de equipamentos e de zonas verdes públicos.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO · SECRETARÍA · ARES (A CORUÑA)

# 6. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO

O planeamento urbanístico constitúe unha práctica que ten como efecto inmediato á acumulación sobre o territorio dunha serie de accións susceptibles de xerar impactos:

- Delimitación e clasificación de áreas o sectores de planeamento en calquera dos seus usos globais: residencial, industrial ou terciario, que van determinar a ocupación de solo.

- Definición e cualificación de zonas de usos pormenorizados con niveis de intensidade que establecen grados diversos de impacto sobre o medio.

- Situación de equipamentos e servizos.

- Trazado de infraestruturas que, ademais de ocupar solo e converterse en emisores de accións impactantes, inciden no medio creando barreiras e descontinuidades.

- Restricións á actividade urbanística mediante a protección de determinados ámbitos ou por aplicación da normativa sectorial vixente.

Así, a pesares de tomar as medidas que se consideran importantes e necesarias para mellorar o planeamento, cumprir cos obxectivos marcados e diminuír os impactos negativos que conleve o desenvolvemento do planeamento, é inviable pensar que non se van a producir efectos no medio.

A nivel xeral pódese afirmar que toda proposta urbanística de clasificación de solo impacta sobre o medio ambiente. Implica unha modificación das características naturais do solo, o que dá lugar a claras repercusións ambientais, sobre todo cando o impacto producido polo cambio nos usos ten carácter irreversible. As medidas correctoras, por eficaces que sexan, poden paliar pero non anular os efectos.

A metodoloxía concreta seleccionada para identificar e caracterizar os principais efectos sobre o medio deste PXOM e da alternativa seleccionada, é a seguinte:

En primeiro lugar, para a **identificación dos efectos** realízase unha **comparación dos efectos da evolución previsible do medio coa alternativa 2 seleccionada e os efectos que se derivarían da alternativa 0**, entendida como a evolución do ámbito sen o novo planeamento.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Unha vez identificados os efectos da alternativa seleccionada sobre o medio e todas as súas circunstancias, procédese a súa caracterización. Esta **caracterización deberá conter os seguintes atributos**:

| ATRIBUTOS DA CARACTERIZACIÓN DE EFECTOS | VALOR EXTREMO INFERIOR | VALOR MEDIO | VALOR EXTREMO SUPERIOR |
|---|---|---|---|
| **Probabilidade** | Pouco probable | Probable | Moi probable |
| **Duración** | Temporal | - | Permanente |
| **Frecuencia** | Irregular | Periódico | Continuo |
| **Reversibilidade** | Reversible | - | Irreversible |
| **Alcance espacial** | Baixo alcance | Medio alcance | Elevado alcance |
| **Magnitude** | Baixa magnitude | Media magnitude | Elevada magnitude |
| **Risco para a saúde humana** | No existe risco | - | Existe risco |
| **Afección a concellos limítrofes** | Improbable | Pouco probable | Probable |
| **Valor da zona** | Zona sen valores | Zona con poucos valores | Espazo protexido |
| **Efecto acumulativo** | Sen efectos acumulativos | - | Probables efectos acumulativos |
| **Efecto secundario** | Sen efectos secundarios | - | Probables efectos secundarios |
| **Efecto sinérxico** | Sen efectos sinérxicos | - | Probables efectos sinérxicos |
| **Natureza** | Positivo | - | Negativo |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## 6.1. IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO

| EVOLUCIÓN PREVISIBLE | | | |
|---|---|---|---|
| **Variable** | **Alternativa seleccionada (2)** | **Alternativa 0** | **Impactos Identificados** |
| **Paisaxe** | • Segundo os instrumentos de protección da paisaxe e do ordenación do litoral, no concello non existen ámbitos susceptibles de seren clasificacos como Solo Rústico de Protección Paisaxística (AIP). Porén, identifícanse aqueles ámbitos de maior calidade e fraxilidade paisaxística e puntos de observación para a caracterízación da paisaxe e a súa posta en valor.<br><br>• Crecemento urbanístico ordenado, con medidas de integración paisaxísticas (ordenanzas en relación á volumetría, composición e estética dos edificios e medidas correctoras así como recomendacións).<br><br>• Troco da paisaxe debido aos novos desenvolvementos (residenciais e industriais) | • A alternativa 0, plan vixente, non contempla ningunha ordenanza que teña en conta a paisaxe existente.<br><br>• Non contempla as zonas de maior interese paisaxístico. | 1) Cambio na calidade paisaxística do concello.<br><br>2) Posta en valor das áreas de interese paisaxístico. |
| **Patrimonio natural** | • Identificación das áreas de maior interese<br><br>• Esta alternativa permite un desenvolvemento urbanístico máis racional, acorde cos recursos e necesidades do concello.<br><br>• Os espazos de maior valor ambiental detectados no Estudo do Medio Rural, preservaranse mediante a clasificación de Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais | • Esta alternativa deixa sen protección a espazos con alto valor natural.<br><br>• Nesta alternativa non se establecen Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais | 3) Aumento da protección dos espazos con valores ambientais.<br><br>4) Posibles afeccións na fase de urbanización derivados da ampliación de novo solo industrial. |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| EVOLUCIÓN PREVISIBLE | | | |
|---|---|---|---|
| **Variable** | **Alternativa seleccionada (2)** | **Alternativa 0** | **Impactos Identificados** |
| **Patrimonio Cultural** | • Actualización do inventario de patrimonio arquitectónico e arqueolóxico, en relación os valores patrimoniais existentes e a Lei 5/2011, de 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.<br><br>• Protección dos elementos patrimoniais; do propio elemento e de certo perímetro ó redor co obxectivo de establecer a súa correcta preservación | • O catálogo arquitectónico e arqueolóxico desta alternativa está desfasado (NSPP 1991). | 5) Mellora da protección dos valores patrimoniais de Ares |
| **Ocupación do territorio** | • A evolución futura será un crecemento ordenado do concello, acorde ás coberturas do solo actuais, capacidades e potencialidades do mesmo. | • A alternativa 0, plan vixente, non contempla un crecemento ordenado polo miúdo, nin a evolución do territorio nas últimas décadas. | 6) Cambio permanente nos usos do solo.<br><br>7) Perda de solo fértil. |
| **Sociedade** | • Esta alternativa deseña un crecemento urbanístico acorde ca realidade e dinámica social.<br><br>• Mellora das dotacións, zonas verdes e equipamentos en relación as normas vixentes.<br><br>• Favorece a creación de vivenda de protección.<br><br>• Integra as determinacións establecidas na Lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia e do Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei | • Non establece creación de vivendas de protección pública.<br><br>• Non contempla novos desenvolvementos.<br><br>• Non integra as determinacións establecidas na Lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia e do Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei | 8) Aumento na calidade de vida da cidadanía polo incremento de zonas verdes e de equipamentos.<br><br>9) Aumento da vivenda de protección.<br><br>10) Mellora da accesibilidade de dotacións e servizos. |

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| EVOLUCIÓN PREVISIBLE | | | |
|---|---|---|---|
| **Variable** | **Alternativa seleccionada (2)** | **Alternativa 0** | **Impactos Identificados** |
| **Economía** | • A clasificación do solo responde a potencialidade e realidade territorial, mellorando a clasificación do solo rústico e creando un pequeno solo empresarial.<br><br>• Mellora da proteción dos elementos singulares do concello o que favorece o desenvolvemento turístico no mesmo. | • A clasificación do solo non responde as necesidades territoriais existentes. | 11) Aumento de competitividade económica,mediante a creación de novos solos industriais e a correcta clasificación do solo rústico.<br><br>5) Mellora da protección dos valores patrimoniais de Ares |
| **Mobilidade** | • Os novos desenvolvementos residenciais e industriais, provocarán un aumento dos desprazamentos.<br><br>• Potenciar a cabeceira municipal (Ares) para reducir desprazamentos. | • Esta alternativa continuará a tendencia actual dos desprazamentos. | 12) Aumento do transporte en vehículo privado. |
| **Enerxía** | • Aumento do consumo enerxético causado polo crecemento urbanístico. | • Supón o mantemento da tendencia do consumo enerxético, sen trocos significativos. | 13) Aumento do consumo enerxético.<br><br>12) Aumento do transporte en vehículo privado. |
Método de cálculo: -

Actualización: Anual

### *41. Venda de combustibles de automoción*

Descrición Datos de venta de combustibles de automoción por habitante

Unidade de medida: t (toneladas)

Fonte de datos: Asociación Española de Operadores de Produtos Petrolíferos; boletín de hidrocarburos da Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos (Ministerio de Industria, Turismo e Comercio)

Método de cálculo: Volume total de combustibles para automoción (se descarta o gasóleo agrícola) / Nº habitantes empadroados

Actualización: Anual

### *42. Sistemas de iluminación de baixo consumo*

Descrición: Grao de implantación de sistemas de iluminación de baixo consumo en infraestruturas e equipamentos colectivos existentes ou programados

Unidade de medida: %

Fonte de datos: Municipal

Método de cálculo: Nº sistemas de iluminación de baixo consumo / Nº sistemas de iluminación totais

Actualización: Anual

## ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

### *43. Emisións á atmosfera de orixe industrial*

Descrición Volume de emisións á atmosfera xeradas polas instalacións de produción industrial emprazadas no concello. Este indicador abrangue as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI): $CO_2$, $CH_4$, $N_20$, HFC, $SF_6$, PFC

Unidade de medida: t/ano

Fonte de datos: Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes EPER-PRTR

Método de cálculo: -

Actualización: Anual

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

### *44. Exposición da poboación á contaminación acústica*

Descrición Información sobre a % de poboación afectada polo ruído segundo o índice de ruído Lden nos eixos viarios, ferroviairos e aeroportos.

Unidade de medida: Nº de persoas, e vivendas, hospitais e centros educativos

Fonte de datos: Mapas estratéxicos de ruído estatais (CEDEX), autonómicos (Dirección Xeral de Infraestruturas, CMATI)

Método de cálculo: Nº de persoas, vivendas, hospitais e centros educativos por intervalos de valores de Lden de 55, 65, e superiores aos 75 dB(A)

Actualización: Cada cinco anos

### *45. Exposición da poboación á contaminación electromagnética*

Descrición Poboación dentro do radio de afección de fontes de contaminación electromagnética (instalacións de telecomunicacións, liñas eléctricas, subestacións eléctricas, redes WIMAX) emprazadas en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural

Unidade de medida: Nº habitantes

Fonte de datos: Muncipal

Método de cálculo: Considérase zona de afección a recomendación do Consello da Unión Europea de limitar a densidade de corrente eléctrica inducida a 2 mA/m$^2$ en lugares onde poida permanecer un tempo prolongado, e se calcula de forma teórica uns niveis de referencia para o campo electromagnético de 50 Hz: 5 kV/m para o campo eléctrico e 100 μT para o campo electromagnético (Fonte: Red Eléctrica Española).

Actualización: Revisión do Plan

## CICLO HÍDRICO

### *46. Abastecemento de auga municipal*

Descrición Avalía o consumo de auga subministrado pola rede de abastecemento municipal, así como as perdas rexistradas na rede de distribución. Considera o consumo total dos sectores doméstico, comercial e industrial, os equipamentos e servizos municipais e, para o caso de concellos rurais, o consumo por explotacións agropecuarias.

Unidade de medida: litros/(persoa equivalente * día)

Fonte de datos: Empresa subministro

Método de cálculo: Abastecemento diario (consumo doméstico+consumo industrial+consumo comercio+consumo equipamentos e servizos municipais+perdas da rede de distribución+consumo agrogandeiro)/nº habitantes

Actualización: trimestral

### *47. Saneamento de augas residuais*

Descrición Avalía a porcentaxe de poboación conectada a sistemas de saneamento

Unidade de medida: %

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Fonte de datos: Concello; EIEL

Método de cálculo: Poboación conectada á rede de saneamento/poboación total

Actualización: Anual

### *48. Emisións totais á auga por actividade económica*

Descrición Este indicador da información sobre o volume de emisións á auga xeradas pola actividade económica.

Unidade de medida: t/ano

Fonte de datos: Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes

Método de cálculo: Produción total de emisións

Actualización: Anual

### *49. Número de puntos de vertido*

Descrición Número de puntos de vertido a ríos

Unidade de medida: Unidades

Fonte de datos: Inventario de vertidos do Organismo de conca

Método de cálculo: -

Actualización: Anual

## CICLO MATERIAIS

### *50. Xeración de residuos sólidos urbanos (RU)*

Descrición Cantidade de residuos sólidos urbanos producidos

Unidade de medida: kg/habitante

Fonte de datos: Municipal. Empresa concesionaria do servizo

Método de cálculo: Total anual RU recollidos/número habitantes

Actualización: Anual

### *51. Xeración de residuos perigosos*

Descrición Cantidade total de residuos perigosos xerados por instalacións industriais e empresariais emprazadas no Concello

Unidade de medida: t de residuos perigosos xerados

Fonte de datos: Sistema de Información de Residuos de Galicia – CMATI

Método de cálculo: -

Actualización: Anual

### *52. Recollida selectiva de RU*

Descrición Mide a eficacia da recollida selectiva. Calcula a porcentaxe entre a recollida selectiva neta (inclúe aquelas fraccións contabilizadas na recollida selectiva bruta descontando

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

as cantidades de materiais considerados impropios en cada sistema de recollida) e a recollida selectiva bruta (cálculo incluíndo o total dos residuos recollidos)

Unidade de medida: %

Fonte de datos: Empresas recollida selectiva

Método de cálculo:Residuos xerados-impropios/residuos xerados

Actualización: Anual

### *53. Rutas de recollida de RU*

Descrición Informa das distancias recorridas polo servizo de recollida de lixo en función do número de habitantes cubertos polo servizo. Da idea do grao de dispersión das entidades de poboación e do consumo enerxético derivado do servizo de recollida de lixo

Unidade de medida: m/habitante

Fonte de datos: Empresas recollida selectiva

Método de cálculo: Lonxitude total das rutas de recollida de lixo/número total de usuarios cubertos polo servizo

Actualización: Anual

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

# 9. INFORME SOBRE A VIABILIDADE ECONÓMICA

A viabilidade económica do planeamento quedou demostrada despois de determinar o alcance económico das intervencións así como a demostración da capacidade económica da administración pública local. Desta maneira as previsións que o PXOM contempla son realmente materializables e o PXOM é viable na súa concepción, tendo a administración local a capacidade para acometer nos próximos  anos as actuacións previstas. A estratexia de actuación e estudo económico que xustifica a viabilidade económica do planeamento pode consultarse no documento ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDIO ECONÓMICO FINANCIEIRO.

De xeito sintético, a metodoloxía seguida comezou co establecemento das previsións para o desenvolvemento coherente do PXOM ordenándoas do seguinte xeito:

1.- Listado no que estean recollidas todas as actuacións de desenvolvemento previstas: áreas de solo urbano non consolidado, sectores de solo urbanizable e novos sistemas xerais.

2.- Para cada actuación de desenvolvemento urbanístico expresáronse as actuacións infraestructurais que se deben realizar previa ou simultaneamente.

3.- A relación de actuacións urbanísticas programadas, indicando as preferentes expresando para cada unha delas o motivo da prioridade, os prazos para o seu desenvolvemento e as condicións establecidas para o mesmo.

Para logo analizar si o Concello poder ter capacidade nos próximos anos de acometer os gastos derivados de estas actuacións tendo en conta tres posibles vías de financiamento: por unha beira, o propio desenvolvemento urbanístico dos ámbitos de solo urbano non consolidado e urbanizable, por outra a dedicación de parte das subvencións regulares do Concello as actuacións do PXOM, e por último a capacidade financeira municipal para estudar a posibilidade de acometer parte das obras con recursos propios.

Finalmente estimouse o custo económico previsto para cada unha das actuacións municipais sendo no seu conxunto un gasto total de 10.345.442 €, a custear en 16 anos.

As medidas preventivas, correctoras e mitigadoras non supoñen trocos substanciais no planeamento, xa que son de carácter normativo. Por outra banda, estímase que o orzamento total do Plan de Seguimento Ambiental previsto para os 16 anos seguintes sexa de 16.000 euros; 1.000 euros por ano.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

# 10. ANÁLISE DA COHERENCIA. ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA.

## COHERENCIA EXTERNA (ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA)

Como forma de garantir a coherencia da planificación en cascada segundo o establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio e de evitar o risco da incorporación de actuacións con criterios alleos, realizase una análise que permite avaliar o grao de compatibilidade do PXOM coas aliñacións estratéxicas, obxectivos e criterios das DOT.

Esta análise seguirá unha metodoloxía tipo cuestionario denominado **Análise de Compatibilidade Estratéxica (ACE)**. Pretende ser unha ferramenta para o control da coherencia da planificación que se desenvolve en Galicia co diagnóstico e os obxectivos das DOT dividido en:

- Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade. Explicando como se consideraron no PXOM os efectos sobre os aspectos clave detectados nas DOT.
- Proceso de decisión. Analizase a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se deseña o PXOM.
- Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia. Avaliase a relación do PXOM cos elementos estratéxicos de Galicia identificados nas DOT.

### CONSIDERACIÓN DOS ASPECTOS CLAVE PARA A SUSTENTABILIDADE

***Calidade do solo****. A posible afección sobre a calidade do solo dende o punto de vista da súa ocupación e degradación.*

O PXOM céntrase no fortalecemento da actual trama urbana en Ares e Redes promovendo a completación da súa estrutura e o acabado formal dos seus bordes. Pola súa banda o crecemento urbanístico de tipo residencial fomenta o remate dos núcleos urbanos e os núcleos rurais, buscando a súa compacidade e a colmatación dos espazos baleiros. Trátase con isto de promover os desenvolvementos urbanos sobre espazos xa antropizados evitando a degradación de áreas que presenten unha maior naturalidade.

No tocante ao uso industrial, coa delimitación de un pequeno sector buscase pasar dunha situación de dispersión e deslocalización de naves de uso industrial á existencia de zonas onde concentrar estas actividades, favorecendo así un consumo máis racional do solo.

***Vocacionalidade de ámbitos****. O modo en que a asignación de usos e coherente coa capacidade produtiva do solo.*

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

A partir do Estudo do Medio Rural e do intenso traballo de campo tense clasificado o territorio en función dos valores que presenta e da vocacionalidade aplicando as diferentes categorías de solo rústico de protección. A meirande parte do municipio encádrase baixo a clasificación de rústico de protección ordinaria con 750,14 ha e de especial protección de espazos naturais con 623,98 ha, seguíndolle a protección de costas, augas, infraestruturas e patrimonio con 375,41 ha, 144,62 ha, 163,16 ha e 31,75 ha respectivamente.

| Tipo de solo rústico | Porcentaxe en relación á superficie total de Solo Rústico |
|---|---|
| Protección Ordinaria | 35,91 |
| Espazos Naturais | 29,87 |
| Costas | 17,97 |
| Augas | 6,92 |
| Infraestruturas | 7,81 |
| Patrimonio | 1,52 |

***Exposición a riscos****. Grao de exposición a riscos, ben sexa resultado da ocupación de espazos que presenten riscos ou pola xestión da actividades que poidan influir en dita exposición.*

No tocante a prevención de incendios dende o Plan potenciase as áreas dominadas por vexetación autóctona o que evita a proliferación de especies alóctonas de carácter pirófilo e se reduce o risco de incendios.

Para as edificacións buscáronse os enclaves máis saudables, descartándose as áreas de fortes pendentes, de tempos curtos de recorrencia de asolagamentos e as próximas a áreas de focos puntuais de contaminación, na medida do posible. Xa que o núcleo de Ares atópase dentro dunha Arpsis

***Integración paisaxística.*** *Atende ao modo en que se considera a paisaxe e a integración das actuacións con ela.*

Realizouse un estudo paisaxístico cuxo desenvolvemento e conclusións aparecen recollidas no EMR e no presente ISA. Nel identificáronse as áreas de maior valor dende distintas dimensións.

Pola súa banda o POL identifica 11 Puntos de Observación e o Catálogo das paisaxes identifica 1, os cales son recollidos no PXOM e se detallan a continuación:

- Punta Miranda
- Ares
- Punta Averenta

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Punto Promontorio
- Baterias Punta Coitelada
- Praia do Chanteiro
- Chanteiro
- Monte Faro
- Baterias de Segaño
- Seixo
- A Bailadora

Os proxectos a desenvolver no marco do PXOM deberán considerar os efectos sobre a paisaxe na totalidade do concello, facendo especial fincapé na posta en valor das áreas identificadas os puntos de observación.

***Conservación do patrimonio natural e cultural**. Grao en que se pode afectar aos espazos de interese natural e cultural recoñecidos.*

O planeamento ten identificado as áreas de interese ambiental así como os elementos de interese cultural de cara á garantir a súa preservación e posta en valor a través da súa clasificación como solos rústicos de protección

Os valores ambientais máis sobresaíntes no municipio atópanse no medio costeiro e en menor medida fluvial. Así, as áreas de interese natural concéntranse ao redor do sistema costeiro que conforma a Costa Artabra que é un área protexida da Rede Natura 2000, da Xunqueira e de menor importancia séguenlle os bosques mixtos vinculados as canles fluviais, como o do rego do Baño ou Baixolo. Os canles fluviais a pesar de ser de pequena entidade teñen a súa relevancia ecolóxica no concello.

Compre considerar o humidal da Xunqueira como espazo no que, a priori, danse as condicións adecuadas para constituir áreas potenciasi de presenza da escribenta das canaveiras e polo tanto se considerará o Pkan de recuperación da escribenta das canaveiras aprobado por Decreto 75/2013.

O enfoque patrimonial do territorio de Ares faise dende unha perspectiva histórica e artística, pero tamén arquitectónica, etnográfica e cultural. O criterio patrimonial máis importante en torno ao que xira o planeamento é a ampliación do catálogo municipal o que permite unha valoración patrimonial axeitada.

***Fragmentación do territorio**. Como se considera a conectividade ecolóxica e se minimiza a fragmentación do territorio e a formación de barreiras.*

A creación dunha rede de áreas naturais coherente e interconectada garante o mantemento da integridade funcional dos seus ecosistemas. Logo, a estratexia do Plan para garantir a devandita continuidade destes espazos fundaméntase na clasificación como SRPEN de todas as Áreas de interese ambiental.

***Competitividade económica**. A idoneidade da elección e da localización dos usos produtivos en relación ao grao de competitividade económica.*

Na memoria informativa, na análise do modelo de asentamentos poboacional, así como na diagnose ambiental do termo municipal do EMR, analizouse a estrutura e distribución de actividades económicas en Ares. O obxectivo deste estudo foi a identificación das áreas de maior potencialidade para as diferentes actividades cuxo desenvolvemento pretende potenciar o planeamento. A clasificación do solo presentada finalmente no Plan baséase nos resultados destes estudos e o modelo resultante ordena as actividades de acordo coa distribución que mellor aproveita as capacidades económicas e produtivas do concello.

O aproveitamento turístico e a protección dos recursos naturais, paisaxísticos e patrimoniais, localízase en áreas xeralmente multifuncionais e integradoras de varios destes valores e que, polo tanto, exercen un maior poder de atracción para a poboación, optimizando o seu aproveitamento, como pode ser as zonas costeiras.

O planeamento promove un espazo industrial que pretende dar continuidade ao proposto no Concello de Mugardos,posibilitando a agrupación de actividades industriais en espazos adaptados ás necesidades da actividade empresarial. Ademais, permite reubicar os pequenos talleres espallados no concello, e dar unha alternativa dentro do concello de localización dos mesmos.

***Equilibrio no desenvolvemento económico**. Como se atende ao feito da concentración do desenvolvemento económico nunhas áreas en detrimento doutras.*

O Concello de Ares presenta unha tendencia á concentración da actividade económica e da poboación na cabeceria municipal. A fin de compensar esta tendencia e favorecer un desenvolvemento máis equilibrado no concello optouse por fortalecer a dualidade dos solos urbanos de Ares e Redes e o crecemento de ambos.

***Cohesión social**. Como se contribúe á promoción da igualdade de oportunidades e de acceso aos servizos públicos.*

Os obxectivos do Plan van no sentido de favorecer a potenciación e fortalecemento dos núcleos urbanos e dos núcleos rurais de maior potencialidade demográfica, trátase basicamente de estruturar a súa ordenación interna e mellor o acceso as dotacións e servizos.

Logo do estudo e identificación da problemática asociada coa prestación de servizos e dotacións, o PXOM senta as bases dende a súa capacidade, para remedialas, melloralas e adaptalas ás novas esixencias. Así mesmo, o Plan determina a declaración de novas áreas verdes cunha mellor distribución espacial, facilitando así a súa accesibilidade e disfrute.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Tendo en conta os estándares de calidade de vida e cohesión social da LOUG podemos afirmar que Ares dispón dunha dotación de equipamentos bastante considerable xa que conta na actualidade con **154.983** m², estando a maior parte deles na parroquia de San Xosé de Ares.

O PXOM prevé a consecución de novos terreos destinados a equipamentos ampliando considerablermente a súa superficie, ata chegar a **295.130** m². Mentres o plan crea unha gran rede de zonas verdes que soluciona o déficit de espazos verdes existente nas tramas urbanas de Ares e Redes.

***Calidade de vida****. Contribución á mellora da calidade de vida dos cidadáns a través do fomento de estilos de vida adaptados ao contorno.*

O planeamento estrutura un modelo de asentamentos dende a perspectiva da mellora da habitabilidade e asigna usos de acordo coas características territoriais do municipio. Deste xeito a estruturación do modelo permite unha mellor adecuación dos criterios tipolóxicos e lexislativos á realidade e o fomento de estilos de vida acordes ao entorno rural ou ao entorno urbano segundo se trate.

Así, por exemplo, examinando pormenorizadamente o caso das áreas integradas dentro do solo urbano de Ares se recoñecen como zonas verdes o ámbito da Xunqueira para garantir a súa riqueza ambiental e protexer a cidadanía dos posibles riscos por inundación. Ademais aumenta a rede de equipamentos o que contribúe a mellora da oferta de servizos públicos e polo tanto a calidade dos cidadáns.

Ademais os asentamentos rurais próximos a trama urbana (Lubre o Besoxo) ordénanse como solo de núcleo rural para permitir a continuidade dos estilos de vida acorde as súas características rurais.

***Gobernanza.*** *A eficacia, calidade e boa orientación na coordinación coas distintas administracións.*

A administración local velará polo cumprimento das determinacións establecidas no planeamento e xestionará de xeito eficaz os permisos e licenzas de acordo á normativa e á clasificación do solo establecida polo planeamento. Asemade, velarase polo cumprimento das medidas establecidas no ISA.

***Calidade do aire.*** *En que medida se favorece a consecución dunhas condicións de calidade do aire que permitan un contorno saudable.*

O concello de Ares non presenta fontes de emisións contaminantes relevantes máis alá do tráfico, polo que a través da mellora na xestión da mobilidade ao reducir os desprazamentos a

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

motor favorecerase unha mellora na calidade do aire.

Por outro lado, tendo en conta que o plan preveé o desenvolvemento de solos de uso empresarial que poden ter unha incidencia negativa sobre a calidade do aire, o planeamento céntranse na prevención e minimización das emisións nos desenvolvementos que se deriven do mesmo por medio da aplicación de medidas deste ISA.

Asemade, nos solos industriais o concello deberá exercer o control das emisións, en cumprimento da normativa de aplicación en materia de incidencia ambiental, e gardar as distancias mínimas prudenciais á poboación de xeito que se minimicen as molestias e o impacto ambiental.

***Calidade da auga****. Reflicte como se considera a calidade dos recursos hídricos, tanto no* mantemento da calidade como na recuperación das masas degradadas.

O Plan establece unha clasificación do solo rústico de protección das augas en función de criterios topográficos e de conectividade ecolóxica conseguindo unha organización do territorio que favorece o mantemento da calidade e funcionalidade dos cursos fluviais.

En canto ao saneamento, A EDAR ubicada en Punta Avarenta, na parroquia de Cervás, ten unha capacidade para unha poboación de 52.000 habitantes e dá servizo aos concellos de Ares, Mugardos e Fene, garantindo a calidade dos recursos hídricos (inclúese na documentación do PXOM o informe da empresa concesionaria do servizo avalando a garantía da capacidade da EDAR a teito de planeamento).

***Consumo de recursos hídricos****. Refírese á forma en que se consideran as necesidades de recursos hídricos, o esforzo na redución do consumo e a adaptación do planeamento á dispoñibilidade real de recursos hídricos.*

Só teñen o servizo de abastecemento os núcleos urbanos e a zona da praia de Raso mentres que o resto do concello está abastecido por traídas de auga veciñais que soen realizar as captacións en mananciais próximos.

A rede do núcleo urbano de Ares aprovisiónase dunha tubaria de Mugardos que leva á auga aos depósitos ubicados na zona de O Castro e a partir de aí distribúese por todo o núcleo. Pola contra en Redes faise a captación nun manancial localizado ao norte do mesmo e distribúese dende os depósitos localizados nas proximidades. En todo caso, cóntase co informe favorable da empresa concesionaria do servizo de abastecemento e auga, o cal avala a suficiencia das instalacións para garantir o suministro a teito de planeamento.

O plan a deseñado medidas para o aforro dos recursos hídricos na rega de zonas verdes.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

***Consumo enerxético**. Refírese a forma na que se consideran as necesidades enerxéticas, os esforzos na redución do consumo enerxético e potenciación de enerxías renovables.*

Dende a redacción do PXOM, as consideracións sobre os recursos enerxéticos e a súa administración dentro do concello céntranse na garantía do subministro, a redución das necesidades enerxéticas e a promoción de sistemas de iluminación máis eficientes.

A redución das necesidades enerxéticas está moi relacionado coa mobilidade e a organización do territorio. Desta maneira as actuacións do planeamento de cara á redución das necesidades de mobilidade e a promoción dos desprazamentos a pé da lugar a un menor consumo de combustible e polo tanto, ó aforro enerxético.

Neste ámbito de actuación, a consideración de favorecer a construción de vivendas de tipoloxía colectiva, nos solos urbanizables de tipo residencial, en detrimento das unifamiliares, pola súa maior eficiencia enerxética, vólvese nalgúns casos en tipoloxías mixtas, debido á procura de conformar unha transición harmónica cos núcleos rurais veciños promovendo a homoxeneidade en canto á tipoloxía da vivenda.

O planeamento promove a eficiencia enerxética a través da posta en marcha de medidas que están traspostas na normativa.

***Xeración de residuos**. O modo en que se afronta a xestión de residuos, en especial a redución na xeración.*

O Concello, por medio das empresas adxudicatarias correspondentes garantirá a recollida e xestión dos residuos nas diferentes tipoloxías tendo en conta o incremento na súa produción a teito de planeamento.

Para os ámbitos a desenvolver (Solo Urbano non consolidado e solo urbanizable) o PXOM establece na súa normativa indicacións relativas á xestión de residuos de cara á redución do consumo de materiais na edificación e o fomento do emprego de materiais reciclables ou autóctonos.

***Emisións de gases efecto invernadoiro**. O modo no que se xestionan as emisións de gases efecto invernadoiro, os esforzos de cara á súa redución.*

A redución das emisións de GEI levarase a cabo mediante a posta en marcha das actuacións no eido da mobilidade, favorecendo os desprazamentos peonís fronte ao uso do vehículo privado e da enerxía, co fomento da eficiencia enerxética nos desenvolvementos do plan.

Asemade, sendo conscientes da gran cantidade de emisións que se poden evitar mediante o fomento da rehabilitación e reutilización de vivendas fronte a novas construcións, dende o plan

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

favorecerase o aproveitamento do parque de vivendas existente ao axustar a clasificación do solo e as ordenanzas á realidade municipal.

Nos desenvolvementos industriais estableceranse mecanismos para a compensación das emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEIs), tales como o plantado de vexetación que ademais de actuar absorbendo parte dos GEIs emitidos polos automóbiles, funcionan a modo de barreiras acústicas.

***Necesidades de mobilidade.*** *Como se inflúe nas necesidades de transporte tanto de persoas como de mercadorías.*

O Plan busca xerarquizar, reforzar e potenciar o denso viario existente, de forma que sirva para estruturar o territorio de acordo ás necesidades actuais e futuras da poboación local.

A estrutura do sistema xeral viario formará una rede que malle tanto o solo urbano como o resto do concello quedando resolta a mobilidade na totalidade do territorio do termo municipal, permitindo un acceso rodado áxil e cómodo a tódalas zonas poboadas do concello.

Do mesmo xeito, a potenciación e fortalecemento dos núcleos urbanos, sitúa os centros de servizos básicos e administrativos próximos á actividade da cidadanía e posibilita a mestura de usos compatibles, aumentando a accesibilidade e favorecendo a diminución de desprazamentos intramunicipais.

***Equilibrio no reparto modal****. En relación aos esforzos que se fan para a diminución da dependencia do vehículo privado a través da potenciación doutros modos.*

Algunhas das actuacións previstas no planeamento toman forma de medidas encamiñadas á propiciar melloras na mobilidade do concello e dirixidas ao fomento de medios de transporte non motorizados, tal como as actuacións como vías brandas nos novos solos urbanizables o que favorecerá o transporte non motorizado.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**PROCESO DE DECISIÓN**

### *Coherencia en cascada*

*Relación cos obxectivos das DOT. Avaliar a relación dos obxectivos estratéxicos que motivan o planeamento cos obxectivos das directrices e, se é o caso, obxectivos de planificación intermedia.*

Os obxectivos do PXOM están enmarcados na estratexia das DOT e máis do POL. No tocante ás primeiras o modelo proposto parte do recoñecemento da integración do concello na Rexión Urbana de A Coruña - Ferrol (Artabra).

Pola súa banda, o modelo definido polo PXOM é perfectamente compatible co modelo e obxectivos establecidos no POL. A partir do estudo sobre a maneira en que o POL afecta ao concello, tanto no relativo ás áreas de protección, aos asentamentos e aos sistemas xerais territoriais, identificáronse ás áreas de interese natural, paisaxístico e cultural a protexer, o núcleo de identidade do litoral, os corredores ecolóxicos ou as zonas adecuadas para a transformación urbanística e sobre todos eles aplicaranse os criterios e normativa do POL.

### *Coherencia transversal*

*Relación cos obxectivos da planificación sectorial. Avaliar a relación dos obxectivos estratéxicos do PXOM cos obxectivos da planificación sectorial existente.*

No tocante aos recursos hídricos o Plan establece unha organización do territorio que favorece o mantemento da calidade e funcionalidade dos cursos fluviais e identifica as infraestruturas de abastecemento e saneamento existentes co fin de valorar a súa suficiencia para cubrir as necesidades actuais e as que se deriven do plan.

No PXOM identifícase e delimítase a instalación portuaria existente, sendo Portos de Galicia o encargado de redactar o Plan Especial co que se regulen os usos deste ámbito.

A planificación en materia de conservación da natureza vese moi favorecida polo PXOM, xa que se identificaron e protexeron ás áreas de interese natural de modo que se favorece a conservación da súa funcionalidade e o mantemento da súa conectividade.

### *Demanda social*

*Avaliar a metodoloxía utilizada para a estimación da demanda que motiva as actuación do planeamento.*

O concello de Ares está rexido polas N.S.P de 1978, que recobraron plena vixencia como consecuencia da anulación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1999 por Sentencia firme do Tribunal Supremo de novembro 2007. Polo que a motivación do planeamento obedece á

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) SECRETARÍA

necesidade de dotar dunha normativa urbanística ao termo municipal, adecuada á realidade territorial do concello.

Ademais a necesidade dun novo plan fundamentase na diagnose urbana, socioeconómica e demográfica da realidade do concello, onde se establecen as debilidades e fortalezas do mesmo.

**FORTALEZAS/OPORTUNIDADES**

1. **Potencialidades do medio natural.**
   - Áreas de interese ambiental / interese paisaxística / interese patrimonial / cursos de auga. Serán localizadas e delimitadas, protexeranse e preverase a súa incorporación o patrimonio público como espazos libres nos casos en que proceda.

2. **Solos de potencialidade produtiva**.
   - Protexeranse mediante a súa clasificación como solo rústico da categoría correspondente a súa mellor vocación; produción agrogandeira e/ou forestal.

3. **Potencialidade de desenvolvemento industrial**.
   - Creación do novo solo industrial con boas comunicacións por estrada.-

4. **Potencialidade de desenvolvemento turístico**.
   - Patrimonio Cultural

5. **Existencia dun núcleo poboación con vocación clara de capitalidade municipal.**
   - Potenciar e mellorar a calidade urbanística dos núcleos de Ares e de Redes

6. **Actuacións programadas e proxectos en marcha**:
   - Plan estratéxico enerxético 2010-2015
   - Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020
   - Plan de xestión de residuos industriais e solos contaminados de Galicia
   - Plan hidrolóxico Galicia –Costa
   - Programa desenvolvemento rural sustentable 2010- 2014
   - Plan de saneamento de Galicia
   - Plan de abastecemento de Galicia
   - Plan director da Rede Natura 2000
   - Proposta de ampliación da Rede Natura de Galicia

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**DEBILIDADES/AMEAZAS**

1. **Evolución demográfica**:

Débese promover á actual a evolución demográfica do Concello, para elo se aportan certas accións:

- Potenciación da actividade económica ca creación de novo solo de uso industrial
- Mellora da calidade de vida dos diferentes núcleos do concello.

2. **Déficit de zonas verdes e Espazos libres na trama urbana e núcleos rurais:**

- Dotar de espazos libres e zonas verdes necesarios ó concello.

**3. Exceso de vivendas familiares**.

- Excesiva ocupación do territorio.
- Potenciar a concentración en núcleos de poboación.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

## *Consideración de alternativas. Xustificación da elección*

*Avaliar se o planeamento é resultado da selección entre varias alternativas e a xustificación da alternativa seleccionada.*

A alternativa 2 presenta unha mellor integración respecto a maior parte dos criterios de sostenibilidade establecidos no documento de referencia.

En primeiro lugar, esta alternativa amplía considerablemente a rede de espazos protexidos tanto de carácter natural como paisaxístico e establece unha serie de medidas para garantir a protección e posta en valor dos recursos naturais e culturais do concello. Ademais ordena e delimita os espazos urbanos e de núcleo rural acorde a evolución e necesidades da poboación, así coma a capacidade de carga do territorio.

A alternativa 2 mellorará a calidade de vida da cidadanía, mediante a ampliación da rede de equipamentos e de zonas verdes públicos.

## *Consultas e coordinación*

*Avaliar o grao de consenso buscado durante o proceso de planificación dende as perspectivas de: métodos e participación cidadá, métodos e consultas a outras administración públicas; e coordinación con políticas, plans e normas.*

Para a elaboración do documento informativo realizáronse contactos con distintas administracións e organismos para comunicar o inicio da tramitación do Plan Xeral de

Ordenación Municipal e solicitar a información de interese para a súa elaboración. Algunhas destas administracións e organismos foron:

- AUGAS DE GALICIA,
- DEMARCACIÓN DE COSTAS EN GALICIA.
- D. G. DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y EL MAR. Mº DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO,
- PORTOS DE GALICIA,
- DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DEL ESTADO. DEMARCACIÓN GALICIA.
- D. X. DE INFRAESTRUTURAS. REDE AUTONOMICA ESTRADAS CMATI.,
- DEPUTACIÓN DA CORUÑA,
- SERVIDUMBRES AERONAUTICAS. SECRETARÍA DE ESTADO DE TRANSPORTES. D.G. DE AVIACIÓN CIVIL. Mº FOMENTO,
- SERVICIO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS. CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL,
- SERVICIO PROVINCIAL D MONTES. (MONTES VECIÑAIS) CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL,
- D.X. DO PATRIMONIO CULTURAL CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO.,
- S.X CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL. E S.X. ORDENCIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO.

## <u>RELACIÓN COS ELEMENTOS TERRITORIAIS ESTRATÉXICOS DE GALICIA</u>

*Trátase de avaliar a relación do planeamento cos elementos territoriais estratéxicos identificados na análise obxectiva da contorna das DOT.*

**Paisaxe, patrimonio natural e cultural**

O planeamento contribúe a preservación global dos valores naturais, paisaxísticos e patrimoniais de Galicia mediante a protección dos valores presentes no propio concello. A paisaxe e os elementos de intres natural e patrimonial son baluartes do concello de Ares e están chamados a ser uns recursos a potenciar e aproveitar polo que o Plan fai unha especial consideración deles. No tocante a paisaxe valorase dende dúas dimensións, total e estética, para logo fixar entre os seus obxectivos a preservación dos puntos de observación paisaxística da transformación urbanística, e favorecer a súa posta en valor.

Así, dende o PXOM búscase fomentar as potencialidades naturais e paisaxísticas como fonte de novos recursos económicos así como o mantemento das actividades económicas tradicionais, sempre dende a perspectiva da defensa e posta en valor dos valores naturais e paisaxísticos tentando protexer aquelas zonas máis sensibles dos efectos dos impactos ambientais potenciais.

Como criterio de aplicabilidade no solo rústico proponse a protección das áreas de interese natural e patrimonial, coidando de non producir operacións incontroladas e abusivas que esgoten os recursos e poidan crear impactos irreparables para o medio e para a explotación

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

dos recursos a longo prazo.

**Produción de alimentos**

As características do relevo, as reducidas dimensións do concello e a forte carga demográfica condicionan o desenvolvemento da agricultura no Concello, polo que a meirande parte da superficie é a espazos Naturais (sen uso alimenticio) e tan só unha pequena parte está dedicada o cultivo (20% da superficie), principalmente ao autoconsumo. A cabana gandeira é moi reducida e nos últimos anos fóronse reducindo o número ata ser case anecdótica. Pola súa banda a actividade pesqueira a pesar de ser baixa constitúe o principal subsector do sector primario.

As actuacións dende o PXOM en apoio deste elemento estratéxico para Galicia resúmense na delimitación do solo rústico de protección agropecuaria de maneira máis acorde coa realidade territorial e a potencialidade dos terreos.

**Solo empresarial**

O PXOM conxuga eficacia e eficiencia na procura dunha maior rendibilidade dos investimentos en parques empresarias, favorecendo a súa función vertebradora da política territorial ao ser deseñados en relación coas súas características funcionais e de localización.

Neste sentido, o planeamento delimita un sector de solo urbanizable industrial cuxo obxectivo é o de regularizar unha serie de naves existentes. Redelimítase os terreos de carácter industrial definidos nas NSM recollendo os espazos máis apto. A creación deste pequeno tecido empresarial busca a reubicación dunha serie de usos industriais (talleres) que se prevé eliminar da vila de Ares e atraer novas actividades.

Estas actuacións terán efectos positivos sobre a estrutura socioeconómica do concello, facéndoo máis competitivo, reducindo a dependencia laboral de Ferrol e da Coruña e minimizando os impactos negativos.

**Turismo**

O turismo ten sido considerado polo PXOM como unha actividade estratéxica para o concello de Ares. O aproveitamento turístico dos recursos naturais, paisaxísticos e patrimoniais, localízase en áreas xeralmente multifuncionais e integradoras de varios destes valores e que polo tanto, exercen un maior poder de atracción para a poboación, optimizando o seu aproveitamento.

O planeamento establece unha mellora e afianzamento do motor turístico do concello, a través de diferentes mecanismos de aposta pola diversificación da oferta, como a valorización dos recursos naturais, paisaxísticos, patrimoniais e histórico- artísticos a través da clasificación dos

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Solos Rústicos de Especial Protección en cada eido; ou a reserva Solo urbano de edificación con uso turístico-hoteleiro localizándose a carón do parque Rosalía de Castro, fronte á praia de Ares.

**Equipamentos e servizos básicos**

O planeamento fai un importante esforzo na mellora da accesibilidade da poboación aos equipamentos e servizos básicos de acordo coas características propias do municipio de Ares, ao entender que en gran medida determinan a calidade de vida e a cohesión social.

Logo do estudo e identificación da problemática asociada coa prestación de servizos e dotación, o PXOM senta as bases dende a súa capacidade, para remedialas, melloralas e adaptalas ás novas esixencias. Así mesmo, o Plan determina a declaración de novas áreas verdes e de servizos, cunha mellor distribución espacial, facilitando así a súa accesibilidade e disfrute.

## COHERENCIA INTERNA

Na seguinte táboa faise un resume das relacións entre variables, criterios, obxectivos, actuacións e medidas co fin de demostrar a coherencia interna do planeamento.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

| Variable ambiental | Criterios de sustentabilidade | Obxectivos | Actuacións e efectos | Medidas de control |
|---|---|---|---|---|
